

## O comité de empresa de Alcoa alerta sobre a paralización da venda

O presidente do comité de empresa de Alcoa en San Cibrao, José Antonio Zan, alerta dunha posible paralización das negociacións pola venda da factoría tras a entrada da UDEF nas plantas de Alu Ibérica. "Parece que se arrefriaron todas as negociacións desde a entrada da Unidade de Delitos Económicos da Policía Nacional nas oficinas" de Alu Ibérica, acreditou. Ademais, sinalou que desde a multinacional non se puxeron en contacto co comité de empresa, que está pendente dunha reunión, que veñen mantendo mes a mes. Polo tanto, pide ás administracións unha solución. **Pax. 3**

## Axudas para a recuperación

Mentres a vacunación avanza e os datos de contaxios melloran, os concellos apostan polo respaldo á hostalaría e ao comercio coa rebaixa de taxas



Os datos da evolución da covid son claramente positivos na comarca. O concello de Lourenzá, o único que quedaba en alerta, vén de superar o seu gromo e a presenza do virus é cada vez menor con moi poucos casos en só dous ou tres concellos. É tempo para a recuperación, polo que os gobernos locais apostan polo alivio da carga fiscal á hostalaría, a gran castigada. Así é en Burela, onde quedarán exentos de pago durante catro meses e en Cervo será por un ano; en Viveiro anuncian unha nova liña de axudas, ao igual que en Riotorto e O Vicedo. Tamén haberá rebaixa fiscal en Trabada.

**foz.** Píden o amaño de vías en Mañente e licitan a subida a Vilela. **Pax. 6**

**viveiro.** O Concello presenta un orzamento de 13 millóns de euros. **Pax. 9**

**burela.** Adjudican as obras da Edar, que estará na zona portuaria. **Pax. 13**

**ribadeo.** Gaña o concurso O pobo máis amado de Adamo. **Pax. 15**

**mondoñedo.** Retoman as visitas guiadas na Cova do Rei Cintolo. **Pax. 16**

**XOVE.** Abre un área de autocaravanas na praia de Esteiro. **Pax. 19**

**deportes.** Volven as competicións de fútbol e fútbol sala este mes. **Pax. 26**

### Semana Santa sen procesións



As confrarías presentaron un programa alternativo. **Pax. 8**

### Roteiro de mulleres por Viveiro



Creado pola asociación Mulleres en Igualdade. **Pax. 8**

### Barreiros acolle o Campus Trinat



Será en Semana Santa para todos os públicos. **Pax. 26**

## A Deputación presenta un novo Plan Económico

A Deputación presentou un Plan de Impulso da Economía da Provincia dotado con 7M€, o que supón o 8% dos orzamentos da institución provincial. "Seguiremos contribuíndo a paliar o impacto da pande-

mia con 10 medidas de apoio, promoción e incentivo do consumo nos sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalaría, o turismo e o comercio local", di Tomé. **Pax. 25**

## Guau, que rebaixas!

**adamo**  
Fibra · Móbil · Fixo

REBAIXAS

**50%**

ATÉ O VERÁN

En **TODOS** os  
paquetes de fibra



**22€/mes**  
durante 6 meses

IVE e cota de liña incl. (despois 44€/mes)



Fibra **1.000 Mb**



Móbil **23 GB**



Chama  
gratis ao  
900 651 679

# A MARIÑA

## Concellos do Xistral alegan contra a nova lei de especies protexidas

Os alcaldes dos concellos da Serra do Xistral presentaron unha serie de alegacións contra o proxecto de modificación do Real Decreto de listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas. O documento, que encabeza O Valadouro, foi subscrito tamén polos alcaldes dos concellos de Abadín, Alfoz, Cervo, Muras, Oulol, Viveiro, Xermade e Xove.

Nun principio o colectivo asegura que a publicación dunha norma xenérica para regular a situación do lobo en toda España, non é efectiva, nin xusta, nin apropiada, dado que, “non son uniformes as zonas (hábitats) onde coexiste o lobo con outras especies e coa poboación da contorna, e desta forma, faise necesario contar con estudos pormenorizados que reflectan a realidade e determinen as accións necesarias en cada caso específico”.

Engaden tamén que a Serra do Xistral e un ente natural único “cuxa conservación depende en gran medida da gandería extensiva, en especial do gando equino”. Esta coexistencia entre o cabalo e o lobo prodúcese en contados lugares do planeta (Galicia, Norte de Portugal, Mongolia e poucos outros) e cando se chega ao desequilibrio, feito contrastado, por exceso poboacional do lobo, “pasamos de 237 avisos de ataque en 2013 a case 1000 en 2020, sen contar os non denuncia-



dos por diversas cuestións”. Consideran por tanto que abócase á actividade gandeira ao abandono ante o risco de ataques aos seus animais, fundamentais para a conservación de toda a contorna. “O manexo ancestral que fixeron os poboadores desta serra caracterizouse pola tradición de manter unha gandería extensiva en estado salvaxe ou semi-salvaxe conformada por mandas de cabalos e rabaños de vacas, os cales pastaron en liberdade e preservado a peculiar vexetación deste hábitat, son os cabalos e vacas que pastan no Xistral, o seu manexo secular, os seus curros e as súas rapas unha das maiores manifestacións culturais, etnográficas e turísticas”, explican. Por todo, solicitan un apazamento na toma de decisións relativas ao lobo ibérico e a apertura de diálogo con todos os sectores afectados.

## A Mariña deixa atrás a covid

Lourenzá e A Pontenova están fóra da zona de alerta tras senllos gromos

Tras superar a terceira vaga da covid, A Mariña respira algo de tranquilidade ao manter a maior parte dos seus concellos limpos do virus.

A illa que representaba o contrario era Lourenzá, precedida días antes pola Pontenova. Ambos os dous conseguiron superar senllos gromos en poucos días e xa están fóra da zona de alerta.

A evolución é boa e queda pouco para que se poñan ao nivel do resto. A maior parte dos concellos están limpos de covid, polo menos no balance a quince días. Así é en Trabada, Oulol, Xove, O Vicedo, Cervo, Barreiros, Foz, Alfoz, Riotorto, O Valadouro e Mondoñedo. Ademais, Burela e A Pontenova non tiveron casos dende na última semana.

De feito, a comarca, ao igual que o resto de Galicia superou esta terceira vaga de forma moito máis rápida que as dúas primeiras. Agora mesmo e tras os altísimos datos de finais de xaneiro, a provincia continúa en proceso de baixada, só un pouco por riba dos 200 casos e arredor dos 20 ingresados. Na provincia só quedan dous concellos con algún tipo de alerta, os dous na zona sur, xa que a Chaira e o centro de Lugo seguen á baixa na práctica totalidade deles. Chantada, que está en media e Paradela, que ten un gromo importante de novo e está na zona máxima. Segundo o novo sistema de desescalada da Xunta de Galicia, para os concellos de máxima alerta está pechada a hostalaría e se prohibe a relación con non convivintes,



O proceso de vacinación continúa en Galicia

ademais de permanecer o peche perimetral.

No caso da alerta media a hostalaría pode abrir as terrazas pero ao 50% da capacidade e as reunións están permitidas para 4 convivintes. Os veciños poden saír dos seus concellos pero a outros co mesmo nivel de alerta.

No resto, a maior parte da provincia e de Galicia, a hostalaría abre o interior pero con restricións de aforo.

Os novos datos trouxeron tamén a relaxación das restricións e a volta dalgunha das actividades habituais como a cultura, que volve timidamente pero con moitas limitacións de aforo. Tamén reanudouse o deporte, que ademais recibiu a catalogación de activida-

de esencial, o que lle permitiría manterse aberto de haber outro confinamento selectivo.

Tamén volven abrir os centros comerciais as fins de semana.

O bo tempo anima máis a saír pero para evitar un novo repunte do contaxio do virus este ano pecharanse as comunidades autónomas nas festividades de San José e Semana Santa.

**VACINACIÓN.** Mentres, a vacinación continúa a bo ritmo, agora co colectivo de maiores de 50 a través de xornadas de vacinación masiva postas en marcha pola Xunta de Galicia a modo de proba e que ofreceu moi bos resultados cunha ampla resposta positiva por parte da poboación obxectivo.

**NUEVO MOBILIARIO Y DECORACIÓN  
PARA TU CASA Y JARDÍN**

**almayo**  
muebles

**RIBADEO**  
Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6 - Tel.: 636 761 883

**BARREIROS**  
Pol. Industrial Cruz do Lobo, Nave 10  
Tels.: 982 585 709 / 652 110 377

**BURELA**  
C/ Curros Enríquez, 12  
Tel.: 660 402 954

Almayo

## O comité de Alcoa teme unha paralización da venda da factoría

O presidente do comité de empresa de Alcoa en San Cibrao, José Antonio Zan, alerta dunha posible paralización das negociacións pola venda da factoría tras a entrada da UDEF nas plantas de Alu Ibérica.

“Parece que se arrefriaron todas as negociacións desde a entrada da Unidade de Delitos Económicos da Policía Nacional nas oficinas” de Alu Ibérica, acreditou.

Zan subliñou que están “en mans, agora mesmo, do Goberno e da Xunta de Galicia, os cales prometeron unha intervención para que a SEPI se fixese coas plantas”. “Estamos pendentes desa negociación e non temos ningunha novidade sobre ese tema», apuntou.



José Antonio Zan

Ademais, sinalou que desde a multinacional non se puxeron en contacto co comité de empresa, que está pendente dunha reunión, que veñen mantendo mes a mes. “Na fábrica está estabilizado todo

o sistema produtivo e de cobranza. Temos a necesidade de chegar a un punto de encontro despois dun ano de conflito”, di Zan.

O presidente do comité de empresa alertou de que esta incerteza afecta “moi gravemente á economía da comarca. E aí é onde entra a responsabilidade dun goberno e da Xunta, de solucionar o problema canto antes”, apuntou.

Por último, constatou que seguen producindo con normalidade. “Estamos a facer o que sabemos facer moi ben, que é aluminio, pero o que queremos é ter unha solución e que os gobernos cumpran coa súa palabra e poñan solucións sobre a mesa”, apremou o sindicalista de Comisións Obreiras.

### O Concello de Mondoñedo pide o arranxo da N-634

O Concello de Mondoñedo reitera a necesidade de arranxo da N-634. O goberno local traslada publicamente esta petición, logo de que nesta última semana a A-8 estivo cortada varios días por mor da néboa, o que obrigou necesariamente ao usuarios a ter que empregar dita Nacional.

Dende a entidade local lembran que os accesos seguen sen iluminación e o firme está moi deteriorado. É, por este motivo, polo que expoñen a importancia de acometer obras de mellora neste vial que é moi transitado cada vez que a Autovía cerra o seu paso a vehículos. A este respecto, o equipo de goberno engade que “estamos entrando nunha época que permite facer obras, xa que estamos a punto de entrar na primavera. Arranxar a Nacional, din, nestes momentos sería o recomendable para que no verán que, é cando máis usuarios ten, debido á tempada estival, estivese en boas condicións”.

## O PSOE pregunta no Parlamento polo servizo de cardiología do hospital

A Secretaria Provincial do PSdeG, Patricia Otero, entrevistou na Comisión 5ª de Sanidade do Parlamento para interpelar ao Goberno de Feijóo sobre cando pensa cubrir as tres prazas de cardiólogos que existen no Hospital da Mariña? “E que medidas que vai a tomar a Consellería de Sanidade para garantir que os enfermos con patoloxías cardíacas reciban a asistencia sanitaria axeitada?”.

Otero lembra que rexistrou unha batería de iniciativas parlamentarias coas que denuncia o desmantelamento do servizo de cardiología no Hospital da Mariña e reclama ao Goberno de Feijóo que “o repoña de xeito urxente polo menos ao seu nivel previo a Setembro de 2020”.

Nesa liña a Deputada tamén quere coñecer a opinión da Consellería de Sanidade “sobre si considera

que a atención no servizo de cardiología do Hospital da Mariña se atopa garantida nestas condicións, cun só cardiólogo”.

Patricia Otero sinala que o Hospital da Mariña, é o hospital de referencia da zona Norte da provincia de Lugo e atende a unha poboación de máis de 70.000 habitantes, que se incrementa de xeito exponencial nas vacacións. Advirte que hai tres prazas de cardiología, “sen embargo a día de hoxe o hospital só conta cun único cardiólogo que só atende as urxencias, tal e como veñen de denunciar pacientes e a Plataforma Sanitaria da Mariña”.

A dirixente socialista denuncia que “a non cobertura destas prazas é unha mostra máis da degradación constante e do desmantelamento da sanidade pública na Comarca da Mariña por parte do Goberno de Feijóo”, criticou.

## Adamo reforza o servizo nas zonas de Foz e Barreiros



Porto de Nois, en Foz, a onde chegará a fibra de Adamo

Durante os próximos meses, Adamo ampliará o seu servizo no Concello de Foz, concretamente se activarán as zonas de Fazouro, Nois e Cangas.

Ademais, no seu apartado social, a empresa de telecomunicacións comezará a apoiar o deporte nas poboacións onde están despregando a fibra óptica. Nesta ocasións serán os clubs de Foz e Barreiros, que recibirán un apoio importante ademais dunha promoción especial no seu servizo.

Adamo, con sede en Barcelona, é un operador de vocación nacional, pero cun enfoque de negocio rexional e local. Presente no mercado español desde 2007, a compañía dá prioridade ás áreas rurais e ás novas zonas urbanas cunha alta densidade de po-

boación, proporcionando a fibra óptica máis rápida do mercado (1.000 Mbps). EQT Partners, o fondo de investimento e socio maioritario de Adamo, apoia o seu actual plan de expansión, potenciado a principios de 2020 con 250 millóns de euros.

Así mesmo, Adamo é o principal adjudicatario do Programa de Banda Ancha a Nova Xeración (EBA-NGA 2020-2022), financiado polo Estado e a UE, recibindo 80 millóns en subvencións para levar Internet de alta velocidade a preto de 500.000 fogares en zonas rurais de 20 provincias. Grazas a contar con infraestrutura propia, ademais da internet, Adamo proporciona aos clientes telefonía fixa e móbil, así como servizos para o mercado empresarial e almacenista.

## A Deputación destina 2,6 millóns de euros á roza de estradas

A Deputación de Lugo destina 2,6 millóns de euros á roza da rede viaria provincial entre este ano e o 2022, traballos que se farán entre os meses de xuño e xullo. O contrato divídese en 24 zonas para axilizar os traballos, ao poder acometelos así en distintas estradas ao mesmo tempo.

Os traballos consistirán na roza e limpeza xeral da maleza en ambas marxes das vías, de maneira que

queden despexadas as bermas e cunetas, taludes, zonas situadas baixo as barreiras metálicas e a contorna das sinais e peches. Tamén a poda do arborado para deixar un gálbo vertical libre de 5 metros en todo o ancho da vía. Cada licitador non se poderá presentar a prestar servizo en máis de tres zonas nin ser adjudicatario de máis dun lote, salvo que algún deles quedase deserto.

ESTABLECIMIENTOS  
**REY**  
www.establecimientosrey.com

Avenida Diputación, 88  
27870 Xove | Lugo  
Tel. 982 592 006  
rey@establecimientosrey.com

TU TIENDA DE SIEMPRE

ahora también es  
**online**

www.establecimientosrey.es



# Nosa Señora do Pilar cumpre 75 anos de labor

O centro privado focense, que leva comprometido coa educación na Mariña desde o 1946, abriu o prazo de matrícula

As Irmás Franciscanas da Purísima chegaron hai 75 anos a Foz para facerse cargo da educación das nenas da vila e da contorna. Despois de instalarse nun local do Patronato Martínez Otero, pasaron anos mudándose de localización ata que en 1974 trasladaron definitivamente a súa labor docente ao novo edificio, situado agora na rúa que leva o seu nome. Adaptándose as necesidades e esixencias da sociedade o colexio pasou a ser en 1985 un centro mixto. O seu actual director, Juan J. Vivero, non dubida en afirmar que “hoxe en día se continúa coa mesma ilusión a tarefa docente e espiritual comezada anos atrás”.

Na actualidade o colexio está considerado como un centro docente de titularidade privada, con personalidade xurídica, plena capacidade e autonomía recoñecida na lexislación vixente. Oferta os niveis educativos de Infantil, Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, nos que este curso están matriculados un total de 300 alumnos e alumnas. O centro católico, que conta con 25 docentes, “persegue educar na convivencia e na paz”, explica Vivero engadindo que consideran a educación “como un proceso harmónico que leve a acadar o desenvolvemento integral da persoa”. Para isto, seguen metodoloxías que potencien “o traballo intelectual para que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas capacidades”. “Formamos na análise e o sentido crítico que os capacite para o discernimento e a toma de decisións e estamos comprometidos cunha educación integral que promove o desenvolvemento académico e humano do noso alumnado”, expón o director, que incide en que ademais se someten a avaliacións de calidade anualmente. Por todo isto, o

equipo para o progreso educativo. Os resultados académicos virán en función da implicación de todos os que formamos parte da comunidade educativa, familias, alumnado e escola”. Deste xeito contan cunha Asociación de Nais e Pais que colabora estreitamente ca institución en moitas das actividades que se desenvolven ao longo do curso. Ademais, para facilitar a conciliación das familias, o centro oferta diferentes servizos como o programa madrugadores, dende o que se recibe aos pequenos e pequenas no centro a partir das 8:00 h gratuitamente, o servizo do comedor, que conta con menús elaborados no centro baixo un control nutricional, o servizo de transporte dende concellos limítrofes e o seguro escolar. Outra das prioridades da entidade educativa é a práctica deportiva, “ofrecemos unha ampla gama de actividades: psicomotricidade, pre-

## O colexio pasou a ser un centro mixto en 1985 adaptándose ás necesidades e esixencias sociais

deporte, baile, fútbol sala, baloncesto, tenis de mesa, karate, atletismo... Ao longo do ano practicamos diferentes modalidades e participamos en múltiples eventos deportivos”. Tamén fomentan a formación para o tempo libre con outro tipo de actividades extraescolares como teatro, coro, informática, robótica ou guitarra, ademais da preparación dos exames Cambridge.

O colexio foi un dos primeiros en incorporarse á rede de Centros Plurilingües da Comunidade Autónoma de Galicia, no curso 2010/2011. Na actualidade imparten inglés na área de Plástica dende 1º a 6º de Primaria e unha hora máis da materia de inglés en 1º e 2º da ESO. Como único Centro BEDA da Mariña, neste curso 2020/2021 acadaron o nivel Bilingual Excellence Model. “Contamos cunha auxiliar de conversa nativa, 2 horas á semana de 1º a 6º de Primaria e 1 hora á semana de 1º a 4º de ESO e somos centro de referencia da Mariña para a realización dos exames oficiais de Cambridge”. O alumnado realiza os exames de Cambridge no propio centro (A1, A2, B1,B2) con descontos do 30% por ser centro BEDA. Dende o colexio tamén se programan viaxes de inmersión lingüística a Londres e Intercambios Erasmus+.

Unha das vertentes fundamentais da institución educativa é o seu vin-



culo coa relixión, “somos un centro católico inscrito na misión docente da Igrexa e, como tal, propoñémosnos ofrecer aos alumnos unha educación completa e integral, dende o Ideario Católico, dentro de un clima de responsabilidade”. A entidade réxese pola carga horaria que indica a Administración para a materia de relixión, “os mestres que a imparten, todos segres neste momento, contan coa titulación correspondente DECA e DEI requiridos para este fin”.

A difícil situación do curso pasado co comezo do confinamento en marzo fixo que tiveran que adaptarse a dito acontecemento, “grazas a que tiñamos xa avanzado en varios cursos a ferramenta Classroom afrontamos a nova situación utilizando esta plataforma, fixemos videoconferencias co alumnado a través de Meet ou traballamos con outros medios en liña. Foi unha situación difícil pero afrontámolo do mellor xeito posible”. Agora, ao comezo do novo curso 2020/2021, adaptaron fisicamente os espazos para seguir os protocolos hixiénico-sanitarios nas escolas e prepararon as ferramentas en liña para que todos os cursos as puidesen usar en caso doutro posible confinamento. “Tivemos que adaptar tres aulas, así como un novo comedor para poder manter as distancias. Incorporamos biombos tamén para a aula de informática e tódolos elementos recomendados para combater esta pandemia. Contamos coas infraestruturas telemáticas e calquera alumno ou alumna que estea confinado segue a actividade lectiva diaria en liña”.

O colexio da Nosa Sra. do Pilar ten aberto durante o mes de marzo, dende o día 1 ao 22, o prazo ordinario de solicitude de admisión de novo alumnado para o curso que ven. Na súa páxina web, [www.colediodopilarfoz.es](http://www.colediodopilarfoz.es), pódese atopar máis información ao respecto.



De arriba a abaixo, a fachada do colexio Nosa Señora do Pilar de Foz, a sala de informática, o comedor e o patio de xogos do centro

**Oferta os niveis educativos de Infantil, Primaria e Secundaria cun total de 300 alumnos matriculados**

obxectivo principal do colexio consiste en “formar alumnos e alumnas con sentido crítico, adecuadamente preparados no académico e no socio-afectivo para afrontar os cambios e desafíos da sociedade, construíndo un mundo máis humano e fraterno”.

Para acadar as metas descritas, no colexio do Pilar traballase en sinerxía coas familias, “procurando que nais, pais e profesores sexan un

# Cruce de acusacións no debate do Plan Forestal de Galicia

O Parlamento galego aprobou a revisión do Plan Forestal, ao que o PP califica como “un instrumento básico de planificación forestal que busca a eficiencia a través da ordenación e a xestión sustentable dos espazos e recursos forestais”. Malia esta defensa non faltaron as voces en contra que seguiron sucedéndose.

Elena Candia defendeu que o novo Plan Forestal é “un documento flexible e vivo, que nace co compromiso serio da súa posta en marcha e aplicación”. Así, lembrou que na súa elaboración participaron 26 entidades e incorpora case o 90 por cento das directrices propostas, así como o 75 por cento do ditame da Comisión de Estudo sobre a política forestal e os incendios forestais celebrada a pasa-

da lexislatura.

O portavoz de Política Forestal do Grupo Socialista, Martín Seco, reclamoulle ao goberno galego que retire o Plan Forestal para presentar un novo documento “serio e rigoroso”. Respondeu así á proposta de transacción única presentada polo PP no Pleno do Parlamento para suspender as novas plantacións de eucaliptos onde non se tiveran plantado ata o momento, que cualificou de “ocorrência” e “chalaneo”.

Seco reclamou a retirada do documento para volver ao consenso do ano 2018, “que prevía unha planificación forestal imprescindible para dous terzos do territorio e que foi incumplido polo goberno galego”. Advertiu que “o noso rural non está

para ocorrencias”, como cualificou á proposta de suspensión “en cinco minutos, sen explicación técnica nin encaixe no desenrolo do plan”.

Os socialistas galegos presentaron unha serie de propostas de Resolución, ademais da contraproposta de transacción conxunta para a retirada do plan, para garantir que cumpran coa legalidade, adaptando o texto ao novo marco xurídico vixente en Galicia en virtude da nova Lei de Ordenación do Territorio de Galicia.

O BNG, pola súa banda, censurou á Xunta o seu anuncio dunha moratoria ás novas plantacións de eucaliptos que finalmente non incorporou ao Plan nin transaccionou co resto de forzas políticas durante a tramitación e votación final do texto.

## Denuncian o proceso selectivo do subdirector do Agader

O BNG presentou unha batería de iniciativas no Parlamento galego para esixir á Xunta que declare deserta a praza de subdirector para as relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural de Agader adjudicada ao ex deputado do PP, Moisés Blanco Paradelo, e reinicie o proceso selectivo establecendo criterios que garantan a cualificación técnica da persoa seleccionada, así como as condicións de igualdade, mérito e capacidade para o acceso ao posto.

O BNG denuncia que na relación de requisitos e baremación dos mesmos non só non se exige a habitual bagaxe de méritos profesionais e unha relación laboral e formativa acreditada en relación ao posto convocado, senón que mesmo se valoran titulacións diferentes ás requiridas na convocatoria; asistencia a cursos sen esixir que estean nin homologados nin vinculados ao sector; e, no apartado de experiencia, incorpórase a valoración a “docencia”, rechamante, tendo en conta que o ex parlamentario é mestre de Música.



Formación na sede de Galp

## Galp inicia a formación da segunda edición do proxecto Relevo 2020

Este mes no GALP A Mariña-Ortega deron comezo á segunda edición do proxecto Relevo 2020. Fíxose na aula de formación da confraría de pescadores de Burela e cun grupo inicial de 7 inscritos.

Así mesmo tamén continuaron coas sesións informativas co alumnado dos ciclos formativos nos IES do territorio.

A partir da semana que ven, as sesións de Relevo2020 terán lugar en Foz, todos os luns en horario de tarde, a partir das 16.30 horas.

As persoas interesadas en coñecer os recursos, ferramentas e oportunidades que o sector do mar brinda no territorio, contacta poden poñerse en contacto con Galp, no email [info@relevo2020.org](mailto:info@relevo2020.org) ou no teléfono 633 335 463.



As novas balizas antinéboa


## A A-8 terá un sistema de balizas antinéboa

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, anunciou que o Ministerio do Interior vai investir 873.127 euros na instalación das novas balizas detectoras para mellorar a seguridade viaria na A-8 ao seu paso polo alto do Fiouco entre os puntos quilométricos 545,400 e 549,680.

Isabel Rodríguez informou de que a Dirección Xeral de Tráfico xa ten formalizado o contrato coa empresa adjudicataria e destacou que se trata dun novo chanzo no plan para reducir os cortes da autovía provocados polas néboas e para garantir a seguridade viaria neste treito da A-8. Lembrou que a iniciativa da Dirección Xeral de Tráfico de instalación das novas balizas é complementaria do innovador proxecto no que traballa o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a selección do sistema antinéboa.

Con esta actuación, que conta cun prazo de execución de seis meses, preténdese que as condicións de seguridade que ofrecerán as novas balizas permitan diminuír a 30 metros a distancia de visibilidade na que é necesario cortar o tráfico pola autovía, actualmente é de 40 metros, o que suporá poder manter máis tempo en servizo a A-8 gañando en efectividade un 75%.

As balizas actívanse ao paso dos vehículos, de xeito que ao ser detectado un vehículo acéndese unha luz vermella que segue a súa traza, avisando así da súa presenza aos que poidan circular por detrás para evitar posibles alcances, e outra luz de cor ámbar delimita o trazado da autovía, o que lles serve de guía aos condutores no momento que a néboa comece a causar dificultades na visibilidade.



**A UNED DE LUGO, CON ECUADOR.** A directora da Uned de Lugo, Ana Belén Traseira, e a reitora Martha Bucaram, da Universidade Agrícola de Ecuador, mantiveron unha xuntanza de traballo onde se estudaron posibles sinerxias a levar a cabo entre ambas institucións universitarias como poden ser seminarios, congresos, voluntariado ou proxectos de investigación conxuntos.

**MENÚ DIARIO**  
**MENÚS ESPECIALES**  
**PESCADOS**

Plaza Conde Fontao, 3 (Puerto) - Foz - Tel.: 982 140 433

ABIERTO TODOS LOS DÍAS

## NOVAS

foz

## Instalan puntos de recollida de tapóns e roupa na vila

O Concello de Foz vén de instalar puntos de recollida en distintos lugares da localidade de roupa e calzado por unha banda, e de tapóns pola outra.

Así, catro deles estarán dirixido á recollida de roupa e calzado fóra de uso para a súa reciclaxe. Os interesados en utilizados deberán deixar os artigos en bolsas pechadas.

Estes novos contedores están situados nas avenidas de Viveiro, Álvaro Cunqueiro, Sarria e na rúa Valle Inclán.

Ademais, tamén instalaron cinco puntos para a recollida selectiva de tapóns plásticos, co que se promove o seu uso solidario, xa que todos os recollidos serán entregados á Asociación de pais, nais e titoras de persoas con discapacidade intelectual de Lugo (Aspnais).

Os contedores están situados no exterior da casada cultura, Casa da Xuventude, Cenima, centro social e casa consistorial.

Esta foi unha iniciativa de Foz, Plataforma de Futuro, que a delegación de medio ambiente focense aceptou.

## Foz pide o aglomerado de vías en Mañente e licita a subida a Vilela

O Concello de Foz adjudicou este luns, ao abeiro do Plan de Mellora de Camiños de Titularidade Municipal da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural 2020-2021, a limpeza de marxes e o aglomerado en quente do camiño de subida ao núcleo de Vilela, en San Martiño.

O alcalde, Fran Cajoto, anuncia que se vai renovar completamente o firme en 900 metros de vial, desde o cruce do camiño que une a basílica de San Martiño con Ferreira Vella, ata o núcleo de Vilela. “É un camiño que se encontra en moi malas condicións, petición tamén da asociación de veciños, e no que se van a limpar as marxes e dispoñer unha capa de rodadura de aglomerado en quente de 5 centímetros de espesor”, explica o rexedor municipal.

Ademais Fran Cajoto indica que “o pasado venres tamén se remitiu a AGADER a solicitude correspondente ao Plan de Mellora de Camiños 2021-2022, neste caso cunha actuación centrada en Mañente (Vilaronte). Nesta ocasión o equipo de goberno decidiu centrarse en dous



O alcalde, en Mañente, onde pide o arraxo da vía

viais moi empregados nesta zona, tanto pola maquinaria agrícola como polos veciños, e que serve de conexión tamén do núcleo de Mañente coa estrada autonómica LU-152 Foz-Ferreira e a estrada provincial LU-P-2004. Cun firme moi deteriorado, vaise proceder tamén á limpeza de marxes, aglomerado en quente de 5 centímetros de espesor e pintado, para unha lonxitude de actuación de 940 metros de vias municipais.”

O alcalde engade: “desculparnos polas molestias que as obras ocasionarán aos veciños de Vilela, que comezarán nas próximas semanas. E os traballos de mellora en Mañente prevense para comezos do vindeiro ano 2022, previa aprobación do proxecto polo Agader, que financia as actuacións conforme aos proxectos redactados polos técnicos municipais e definidos polo goberno local de Foz”.

## O comercio sorteará entre os clientes mil euros en premios polo Día do Pai

AciaFozCCA sorteará 1.000 euros na súa campaña do Día do Pai, que se desenvolverá do 5 ao 19 de marzo. As persoas que realicen estes días as súas compras nos establecementos asociados a AciaFozCCA que participan nesta cita, entrarán no sorteo de 20 vales de compra por valor de 50 euros cada un deles.

O sorteo realizarase a través de Radio Foz o día 24 de marzo.

AciaFozCCA continúa deste xeito coas súas campañas de promoción do comercio local, potenciando as compras nos establecementos da vila para unha data tan sinalada como é o Día do Pai, o 19 de marzo, no que tamén se festexa San Xosé. O presidente, José Carlos Paleo, anima “a facer as compras para o Día do Pai e San Xosé no comercio de Foz e a celebralo na hostalería local, de xeito seguro e cumprindo coa normativa sanitaria vixente en cada momento”.

Colaboran con esta campaña Concello de Foz, Impulsa Foz e Xunta de Galicia.

## Farán xornadas gastronómicas para impulsar a hostalaría

O Concello e ACIA-CCA organizan unhas xornadas gastronómicas nos meses de marzo e abril, nas que investirán 20.000 euros. Este programa de promoción parte das medidas de impulso á hostalaría.

Ademais o rexedor municipal recorda que “no pleno do mes de febreiro procedeuse á aprobación da derogación da ordenanza fiscal de terrazas, co cal se elimina o cobro desa taxa durante un período dun ano, e anteriormente emitíuse

un decreto eliminando o cobro das terrazas e do lixo durante o peche obrigado dos establecementos”.

As xornadas repartiránse en catro semanas, entre o 19 de marzo e o 18 de abril destinaranse ao arroz, a Faba de Lourenzán, as tapas, e a horta, sucesivamente.

Os gobernantes municipais destacan que “como aliciente para os clientes, haberá premios por un total de 2.000 euros en vales de compra.

## Melloras na área recreativa de Malates

O Concello ten previsto acometer melloras na área recreativa de Malates para intentar paliar na medida do posible o mal estado no que se atopa actualmente a zona. Segundo indican dende o Concello, nesta zona natural, que está situada á beira do Camiño do Cantábrico, hai varias mesas de madeira deterioradas ao igual que os paneis informativos. A intención é que esta zona volva estar en condicións. Pero non será esta a única zona verde na que se vai actuar xa que teñen previsto melloras nos parques infantís Uxío Novoneyra e o do Paseo de Colón.



Unha vista da área recreativa de Malates

**2500 m<sup>2</sup>**  
**a tu disposición**

¿Qué harías con ellos?  
Nosotros, reforestar.

**Tenemos un bosque para ti.**

Únete a nuestro proyecto de reforestación y descubre más en [ortegaloil.es](http://ortegaloil.es)

Ortegal Oil [www.ortegaloil.es](http://www.ortegaloil.es) Ortegal Oil 881 93 18 56 \*Consulta con nuestro personal para conocer el servicio y la campaña.

**EL BOSQUE DE ORTEGAL OIL**

# O Concello finaliza este mes obras en distintos puntos

O Concello de Foz vén de finalizar varias obras de mellora e reparación en varios puntos do termo municipal.

**CENTRO DE SAÚDE.** O Concello de Foz instalou, a petición do persoal de enfermería do Centro de Saúde, unha carpa na entrada das instalacións para as probas serolóxicas e as PCR do covid-19.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que “os protocolos establecen que as probas se realicen sen que o paciente baixe do vehículo particular e isto provocaba que ata o de agora se tivesen que realizar sen ningún tipo de cuberta, independentemente das condicións meteorolóxicas. Unhas condicións moi malas para pacientes e enfermeiras, que tiñan dificultades para realizalas nos días de choiva. Por este motivo dispúxose unha carpa que permite unha protección fronte ao tempo e tamén maior privacidade”.

**PARQUE MARTÍNEZ OTERO.** O Concello procedeu á substitución da varanda do parque Martínez Otero por unha nova balastrada de aceiro galvanizado en quente e lacada en negro, que constitúe unha protección segura para todos os usuarios do parque e da zona verde.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que “a varanda estaba en moi malas condicións, con óxido, carcomida e con roturas en diversos puntos. Era perigosa nunha zona moi sensible como é un parque infantil”.

Esta obra “foi realizada con fondos propios, con cargo ao orzamento do ano 2020 por un custo total de 4.150 euros”, rematou Cajoto.

**TRASMONTE.** O Concello de Foz continúa coa súa política de mellora



Arriba, a barreira de Trasmonte e, abaixo, a varanda do Martínez Otero

da seguridade viaria en puntos conflictivos para os peóns e para o tráfico. Dentro dese plan acaba de colocar unha nova barreira de protección na ponte sobre o río Ouro que hai en Trasmonte.

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, explica “o perigo que presentaba a ponte sobre o río Ouro no camiño a Trasmonte, en Santa Cilla. A antiga varanda, moi rudimentaria, feita con tabique e dúas tubaxes metálicas, estaba vencida pola caída dunha árbore e non se repuxera. Agora na lonxitude do viaduto dispúxose un pretil metálico homologado con nivel de con-

tención H2, de forma que se garanta a seguridade de todos os vehículos ao cruzar esta ponte. Tamén se instalaron carteis indicativos do río Ouro, poñendo en valor os valiosos recursos naturais nun dos recunchos máis fermosos do noso concello”.

O rexedor destaca que “unha das prioridades na renovación dos viais municipais do casco urbano e parroquias é a seguridade. Nese sentido estamos actuando na disposición de lombos para a redución de velocidade e a instalación de barreiras nos puntos onde unha saída da vía poida causar un accidente de gravidade”.

## Augas de Galicia di ao Concello que avanza o proxecto de obra da Edar

A directora de Augas de Galicia, Teresa Gutiérrez, confirmou aos responsables do Concello de Foz que este departamento da Xunta está a traballar nos trámites para conseguir a Declaración de Impacto Ambiental necesaria para construír a nova EDAR.

Fran Cajoto explicou que o principal motivo do encontro era o estado de tramitación da nova EDAR. “Sabemos que agora mesmo, hai vertidos de augas sen depurar á ría, que está dentro da Rede Natura 2000 e é zona ZEPA de especial protección para as aves. Trasládounos que aínda non responderon ao requirimento de Costas, pero Augas de Galicia está traballando. Está a piques de chegar un informe de Patrimonio Cultural, con el remi-

tirase toda a documentación pertinente ao organismo ambiental para a aprobación da Declaración de Impacto Ambiental (DIA), que é un paso fundamental porque indica que ese proxecto é viable desde o punto de vista do medio ambiente”. O alcalde engadiu que “unha vez que a DIA estea emitida procederase á licitación do proxecto”.

Na reunión tamén trataron o estado das concesións das depuradoras de Fazouro, de Cangas e de Nois, que “por problemas de tramitación con Costas non están a día de hoxe legalizadas. Esperamos que se resolva e que contemos co apoio de Augas de Galicia, técnico e económico, porque son os que teñen experiencia, son os que fixeron esas obras e son os garantes”.

## Pedirán a apertura da oficina de Correos os sábados

O Pleno de Foz aprobou a moción do BNG na que se instaba ao Goberno a ampliar os servizos que se prestan na oficina de Correos da localidade. En concreto, reclamarán ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que amplíe o persoal e a apertura da oficina os sábados.

As oficinas de Correos actualmente permanecen pechadas os sábados tamén a de Foz, “por moito que na oficina e na web de correos figura a apertura en horario de sábado. Isto provoca numerosos inconvenientes a moitos usuarios que só po-

den realizar os trámites de servizo público os sábados”, explicaban na moción. Asegura Xavier Fanego, o voceiro nacionalista, que “os traballadores da empresa levan denunciando anos a carencia de persoal en todos os servizos que presta tanto de oficina, reparto como clasificación”, indican.

Afirman que está operativo o persoal “estrictamente imprescindible” para a prestación do servizo público, “e deixáanse de prestar outros servizos encomendados dende a vaga privatizadora na que se viu inmersa nos últimos anos”.

Sanitarias, Limpadoras,  
Coidadoras, Caixeiros,  
Mestras, Kestoras...

Grazas,  
Grazas,  
Grazas.



## BREVES

**DÍA DO PAI.** O Centro Comercial Histórico de Viveiro continúa cunha nova campaña tras finalizar a de Stock. Nesta ocasión será a do Día do Pai, na que repartirán dez premios cun valor total de 1.500 euros. Estes premios consistirán en cinco caixas sorpresas Experience.

**CONCURSO FOTOS.** Viveiro continúa coas actividades con motivo do Día Internacional da Muller. O concurso de fotografía Traballo e Mulleres dirixese a fotógrafos afeccionados que deberán presentar fotografías sobre a temática da muller e do traballo, tanto no ámbito público como privado. Concederanse tres premios, de 300, 150 e 100 euros, ademais dun galardón á obra máis votada polo público de 100 euros.

**PUNTO LIMPO.** O Concello de Viveiro informa que o horario do punto limpo vai ser modificado temporalmente, por mor das obras de mantemento na propia instalación. O novo horario de funcionamento comezará o próximo luns 15 de marzo de 2021. A partir desa data, o punto limpo abrirá de luns a venres de 7:00 a 13:30 e os sábados de 9:00 a 14:00.

**NOVA LIÑA DE BUS.** A conexión en transporte público entre Muras e Viveiro mellora cunha nova ruta de autobús que funcionará os martes e os xoves laborables en horario de mañá. O autocar sairá de Muras ás 7.45 horas e o regreso será ás 15.15 horas na mesma liña que xa vén cubrindo o traxecto de Viveiro a Lugo de luns a venres, que inclúe varias paradas en Muras. O servizo comezará a funcionar o martes e terá unha duración de 40 minutos, coas mesmas paradas que a ruta ordinaria Lugo-Viveiro, que sae da capital ás 9.00 e chega a Viveiro ás 11.45.



Unha imaxe da zona onde se actuará

## Renovarán a travesía de Covas

O Concello de Viveiro realizará obras para a renovación do vial Travesía da Igrexa de Covas, cun investimento de 80.000 euros. Os traballos forman parte do do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021 da Deputación de Lugo e a actuación realízase dende a estrada xeral ata o camiño da Igrexa. O proxecto contempla o adecentamento e mellora do entorno, comprendendo as actuacións a realizar

a pavimentación do firme con losetas de pedra de granito e a dotación dunha nova rede de pluvias para recollida da auga do entorno. As obras dan resposta ademais ás demandas dos veciños e veciñas da zona, aumentando a seguridade viaria de vehículos e peóns. Esta actuación forma parte do plan integral de mellora de viais e camiños posto en marcha polo grupo de goberno de Viveiro, tanto no casco urbano como nas parroquias.

## Obras no IES Vilar Ponte

Finalizaron as obras de rehabilitación no IES Vilar Ponte de Viveiro, ás que se destinaron 236.000 euros co obxecto de mellorar a eficiencia das instalacións e reducir o consumo enerxético. Os traballos, que duraron aproximadamente tres meses, centráronse no illamento de fachadas, a renovación de ventás e a modernización dos equipos lumínicos. Así, nas fachadas instalouse un sistema de illamento térmico exterior co sistema SATE e no interior do centro colocáronse falsos teitos. En canto ás fiestras, as que non foran cambiadas

nos últimos anos substituíronse por outras de carpintería de aluminio con dobre acristalamento. Tamén se renovou o sistema de iluminación con equipos LED de alta eficiencia enerxética e colocáronse sensores de presenza nas zonas comúns para regular o acendido e apagado das luces. Todas estas medidas en conxunto suporán una diminución da demanda enerxética do recinto educativo. O IES Vilar Ponte de Viveiro foi construído en 1968 e posteriormente, en 1991, ampliouse cunha nova edificación conectada á que xa existía.

## Anuncian o programa para unha Semana Santa sen procesións

A alcaldesa do Concello de Viveiro, María Loureiro, e o presidente da Xunta de Cofradías da Semana Santa, José Veiga, anuncian que este ano non haberá procesións nin se celebrará de forma tradicional a Semana Santa.

A decisión foi tomada de forma consensuada entre o concello e a xunta de cofradías debido á situación epidemiolóxica e tendo en conta as restricións existentes, co obxectivo de evitar as aglomeracións no actual contexto da pandemia do coronavirus. Para manter viva a tradición, a xunta de cofradías preparou un programa alternativo de actividades que comezará o venres 19, coa presentación do cartel da Semana Santa de Viveiro 2021.

“É unha mágoa e somos conscientes ademais das consecuencias para a hostalaría e o turismo, pero a epidemia impide unha celebración normal; o que queremos é manter viva a esencia desta celebración de Interese Turístico Internacional, co desexo de que a Semana Santa de

2022 podamos xa vivirla con normalidade”, asegura a alcaldesa.

Do 20 de marzo ao 4 de abril, Viveiro celebrará a Semana Santa Virtual ‘Vívela’, con concertos, conferencias e a proxección de procesións e reportaxes en Youtube e nas redes sociais. O venres 26 chegará a quenda da presentación do Libro Programa Pregón, que se edita desde 1947.

Ademais, en colaboración co centro comercial do casco histórico se ambientarán os locais con motivos de Semana Santa e a praza Maior acollerá unha exposición de fotografías de Toño Goas.

Ampliase por outra parte a exposición permanente do Claustro de San Francisco cunha colección de fotografías da Semana Santa desde principios do século XX, haberá un programa de cultos nos templos da unidade pastoral (cumprindo as limitacións de aforo) e unha conferencia preparatoria para a Semana Santa a cargo do administrador diocesano Antonio José Valín Valdes.

## Elaboran nun roteiro coas mulleres máis representativas

A asociación Mulleres en Igualdade de Viveiro, co apoio da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta, celebrou este 8 de Marzo con actividades divulgativas para poñer en valor o lugar tan relevante que ocupan as mulleres na historia da localidade, con nomes que sobresaen nos campos das letras, as artes, as ciencias e a educación.

O delegado territorial da Administración galega, Javier Arias, e a presidenta do colectivo, Mariña Gueimunde, explicaron que a agrupación promove unha ruta virtual que percorre as rúas, institucións ou espazos da vila adicados a mulleres de Viveiro ou vinculadas ao municipio, ou ben lugares relacionados con elas, e afonda nas súas biografías.

Tamén adican unha publicación a mulleres destacadas en distintos ámbitos, que resalta as figuras de María Sarmiento, Margarita Pardo de Cela, María de las Alas Pumariño, Rita Lago Robles e Antonia Trobo Rodríguez no ensino; Luz Pozo Garza, Camelia Cocifa e Teresa e Micaela Chao Maciñeira nas letras;



Maruja Mallo e Julia Minguiñón nas artes e Manuela Barreiro e Dolores Salgueiro na ciencia.

Con esta iniciativa destacan o seu papel e tamén o daquelas “mulleres anónimas que contribuíron a construír a sociedade co seu esforzo”, como as mestras, as mineiras, as traballadoras do agro, as do mar, as das conserveiras... “e un longuíssimo etcétera”, segundo apuntaron.

A campaña divulgarase a través de internet e redes sociais, onde se poderá descargar os documentos e códigos QR para acceder tanto á publicación como para facer a ruta virtual a través de Google Maps.



## O Concello terá un orzamento de 13 millóns dirixido ao gasto social

O Concello terá este ano un orzamento de máis de 13 millóns de euros, cun forte incremento no gasto social e unha nova liña de axudas.

“Son unhas contas axustadas ao actual contexto económico e moi sociais, coa prioridade de axudar ás familias de Viveiro, os autónomos e a sectores como a hostalaría e o comercio”, asegura a alcaldesa, María Loureiro.

O montante do orzamento deste exercicio 2021 ascende a 13,1 millóns de euros, un millón de euros menos que no 2020, tanto en ingresos como en gastos, sendo unha gran parte desta redución motivada polo cambio de taxa por tarifa nos recibos da auga e lixo, que foi aprobado en pleno en base á lexislación vixente.

Outra parte desta redución no orzamento deriva da obra xa realizada en base á sentenza referida ao inmoble situado na rúa Nicolás Cora Montenegro, 50. Ao tratarse dunha baixada idéntica no capítulo de gastos e ingresos, isto non afecta á prestación de ningún servizo.

Trátase duns orzamentos de emerxencia, acordados á situación actual e á crise derivada da pandemia. Nes-



te segundo Plan de Reactivación Económica inclúese un importe de 200.000 euros, presentando como novidade dúas liñas de axudas.

Unha delas está destinada en exclusiva ao sector da hostalaría. Para a tramitación destas axudas está previsto que o Concello de Viveiro se adhira ao Plan de Rescate da Xunta de Galicia, de xeito que cada hostaleiro que cumpra os requisitos establecidos recibirá a axuda concedida pola administración autonómica e máis a cantidade achegada polo Concello de Viveiro. A esta liña de axudas destinaranse, aproximadamente, uns 100.000 euros e cada hostaleiro recibirá do Concello de Viveiro en torno aos 1.000 euros.

O Concello de Viveiro prevé adherirse a este convenio, para a tramitación conxunta das axudas á hostalaría, tendo en conta que a Xunta dispón de máis medios para realizar a tramitación cunha maior axilidade. En todo caso, cómpre destacar que aqueles hostaleiros que non soliciten as axudas da Xunta de Galicia poden solicitar posteriormente as axudas convocadas polo concello.

A segunda liña de axudas está destinada a autónomos e pequenas empresas que por algunha circunstancia non puideron beneficiarse do Plan de Reactivación Económica de 2020, cumprindo coas bases que se establezan nesta nova convocatoria. Dentro do Plan de Reactivación Económica tamén se entenden incluídas a exención do pago da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa; a exención do pago das licenzas de apertura ou funcionamento, e a contía destinada a emerxencia social.

Tamén se están realizando xestións para non cobrar o recibo de auga e lixo para os locais que estiveron pechados forzosamente.

## Avanzan as negociacións para o traslado da escola de idiomas a Celeiro



Sede de Aspanane

O Concello de Viveiro anuncia que avanza positivamente nas negociacións coa Tesourería Xeral da Seguridade Social para o traslado da Escola Oficial de Idiomas á antiga escola de Celeiro. Este traslado posibilitaría ademais construír a Residencia de Aspanane para persoas con discapacidade intelectual.

Actualmente a Tesourería está ultimando unha proposta que trasladará en breve ao Concello de Viveiro, quen agarda que sexa un proxecto viable para dedicar o edificio aos cometidos sociais que

planean. O goberno local recorda que existe un diálogo aberto e que a negociación está en marcha para atopar unha solución e subliñan ademais que existen outras opcións.

Ademais, a xestión implica o traslado da Escola Oficial de Idiomas, que pertence a Educación e polo tanto depende da Xunta de Galicia. Polo tanto, dende o Concello de Viveiro entenden que a administración autonómica colaborará no proceso, como xa o anunciara nun primeiro momento.

[www.hijosderamonrubalsl.es](http://www.hijosderamonrubalsl.es)  
[alfoz@hijosderamonrubalsl.es](mailto:alfoz@hijosderamonrubalsl.es)

# ARR

*Hijos de  
Ramón Rubal*

# 982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

# COMPRAMOS MADERA

## PINO Y EUCALIPTO

VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA  
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

# “Cada vez máis xente quere acollerse á lei de segunda oportunidade”

Verónica Díaz é a xerente do despacho legal Díaz & Abad Abogados

Verónica Díaz é a xerente de Díaz & Abad Abogados, unha entidade con oficina no centro de Viveiro, concretamente na Travesía da Mariña 51, 3º planta e tamén en Mondoñedo na Rúa da Fonte 12. Estudou dereito en Oviedo e sempre pensou en fundar un despacho de avogados porque sempre pensou no servizo público e viu esta carreira e profesión por vocación.

## Cando montaches o despacho de avogados Verónica?

Pois o pouco de acabar a carreira, tan só dous anos despois. Nun primeiro momento fun xuíz de paz por aquilo da vocación que tiña de servizo público. Posteriormente montei o despacho. Na actualidade compoñemos o plantel da entidade tres traballadoras. A maiores de isto temos colaboradores externos como son os peritos, arquitectos, peritos económicos, detectives privados así coma outros compañeiros especialistas en diferentes materias.

## Díaz & Abad Avogados que servizos xurídicos presta ao público?

Temos unha gran parte da carteira de clientes que son empresas e temos outra gran parte que nos demanda solucións no referente ao dereito de familia que engloba entre outros casos: divorcios, separacións. No relativo á área civil levamos moitos casos relacionados con herdanzas como

poden ser particións, facemos investigación patrimonial que consiste en rastrexar unha propiedade.

## Fálanos de en que consiste esta investigación patrimonial.

Trátase dunha necesidade pola que acoden moitos clientes, por exemplo nas herdanzas, teus avós teñen unha finca pero non sabes cal ou como está a propiedade actualmente, nós a través dos datos que facilitan facemos a busca ata atopala. E incluso encargámonos unha vez enumeradas, se realizan os cadernos particionais e se non queren quedarse con elas lles buscamos compradores, tramitamos a venda e se lle entregan os cartos. Moitas persoas que están fóra que non van facer uso das fincas agradecen que lles realicen todos estes trámites. Moitas veces temos que pensar que unha finca en 30 ou 40 anos puido ter moitas modificacións entre a realidade catastro e a escritura, nós encargámonos da inmatriculacións de fincas e modificacións de fincas con moita frecuencia.


## E nas empresas?

Con autónomos agora mesmo estamos tramitando moitas reclamacións de débedas e ultimamente estamos aumentando os trámites de concursos acredores. Cada vez temos máis autónomos que demandan este servizo xa que cada vez se

dan máis casos nos que o empresario ten que regularizar a súa situación económica ben sexa acordando novos terminos cos acredores ou mandando a sociedade a liquidación porque non pode sobrevivir coa carga financeira que ten e o pouco activo de tesourería ou de inmovilizado. Cada vez máis, relacionado con estes problemas financeiros se achegan máis particulares demandando concurso de acredores, ou tamén chamado lei da segunda oportunidade.

## En que consiste este concepto de lei de segunda oportunidade?

Pois por exemplo cando unha persoa asumiu demasiados gastos con tarxetas de consumo, con hipoteca e que ten unha baixada dos seus ingresos económicos queda endebedada e tramitamos un concurso de acredores. O particular fai un balance da súa situación económica, por un lado as débedas e por outro os activos que posúe, este sométese a un xulgado de primeira instancia e este media cos acredores para facerlle unha quita e unha espera se é posible. Tamén se pode facer ante notario sempre que teñan un acordo previo debedor e acredor. O que buscamos é facilitar á familia ou o particular un plan de pagos máis flexible a adaptado á flexibilidade dos ingresos actuais do debedor. Esta ferramenta axuda ás familias a saír adiante en situacións críticas.



## A situación da covid-19 acrecentou este tipo de trámites?

Sen lugar a dúbidas, en moitos casos non é que se endebedaran máis do que podían ou estaban, senón que tiñan unha previsión de ingresos futura e esta modificouse substancialmente, ben sexa porque traballa menos horas, pasou a estar no paro, está en Erte, viu reducida a súa nómina por non ter os mesmos resultados que tiña antes da crise, etc.

## Comentaches que prestabas servizos de detective privado, explícanos en que casos é frecuente recorrer a el.

É un recurso moi utilizado. Utilizámo-lo con moita frecuencia e efectivamente temos esa percepción das películas norteamericanas co obxectivo da cámara detrás da persoa que investiga, pero a verdade é que resulta tremendamente útil. En casos de familia por exemplo os pais poden ter inquedanzas sobre se os seus fillos, cando están coa outra parte logo dunha separación están ben aseados e coidados, se

viven nun entorno correcto para a súa formación e crecemento, eles non teñen forma de que lles digan con certeza que os pequenos están ben, este servizo permite descubrir a verdade. Sirve tamén para defender unha modificación de medidas. Imaxina o caso onde a nai ou o pai, porque ten problemas coa drogadicción, cambia e non se comporta ben co neno pois tes unha persoa que pode certificar que viu certas situacións que non son as adecuadas para o menor e esta certificación axuda para ir ao xulgado a solicitar modificacións de medidas a favor da protección do menor. Ou no eido laboral é frecuente que os empresarios demanden este servizo para controlar que os seus traballadores cumpren as medidas e a normativa da empresa, por exemplo alguén que non está traballando no seu horario laboral ou que a fin de semana ou fóra de horario laboral fai tarefas pola súa conta e sofre un accidente, pois que este non sexa catalogado como accidente laboral, que a empresa non asuma esta responsabilidade.

# Demandan reparacións no barrio da Atalaia e no lavadoiro de Pontelabrada

O Concello recibiu este mes dúas chamadas de atención sobre o estado das súas infraestruturas.

O portavoz do PP, Óscar Rodríguez, tras reunirse con residentes do barrio da Atalaia, en Celeiro, afirma que o Concello “leva moitos anos sen facer un mantemento adecuado das infraestruturas e servizos nesta parte de Viveiro”. Os populares reclaman distintas melloras, para, entre outros obxectivos, evitar o risco que agora crea o derrube de parte da balastrada do miradoiro.

Rodríguez lamenta “a falta de interese do goberno municipal polo coi-

gado da Atalaia”. Di que no 2019 os populares xa presentaron un escrito no Concello avisando do mal estado en que se atopaba a balastrada do miradoiro; a raíz dun recente temporal caeu parte dela, nunha zona na que habitualmente xogan os nenos. Os populares tamén demandan melloras no camiño que conduce ao porto dende a Atalaia. Neste caso, piden o desbroce das beiras e reposición de luminarias.

Por outra banda, Bernardo Fraga Galdo, portavoz de Por Viveiro, presentou dous rogos para ser tratados no próximo Pleno.

No primeiro, refírese ao lavadoiro de Pontelabrada, que presenta “un estado lamentable”. Dous anos despois da riada que o destrizou en parte, os danos seguen sen reparar. Así mesmo, atópase cheo de pintadas e “cunha pésima imaxe”.

Por outra banda, na rúa Benito Galcerán, na rotonda, existen dúas sinais mal colocadas, segundo explican en Por Viveiro. Unha no medio da beirarrúa, “que ocasiona problemas de circulación dos peóns”, e a outra situada detrais dunha columna de pedra, “o que provoca que os automóviles teñan pouca visibilidade”.

# Viveiro acolle un proxecto para desenvolver melloras nos sectores agrogandeiros

Concello de Viveiro informa que a fundación Copade está a realizar un proxecto sobre o desenvolvemento rural en Viveiro, dada a representatividade do municipio na industria forestal.

A iniciativa, Alianza para a conservación del monte mediante la generación de un mercado responsable, realízase en colaboración con Ence, FSC España, Azentúa, Fundación Global Nature e a Unión Sindical Obreira.

No marco deste proxecto, a fundación está a realizar un diagnóstico da actividade agrogandeira, forestal e turística no territorio.

Concretamente, céntranse no traballo de grupos produtores e bens agrogandeiros, forestais e turísticos sostibles potencialmente ofertables. O obxectivo do estudo é aumentar os criterios de cali-

dade e comerciabilidade destes sectores, aplicando certificacións ambientais e de sostibilidade, aumentando o impacto positivo no desenvolvemento social e económico da zona.

Para levar a cabo este diagnóstico, dende a fundación propoñen unha serie de entrevistas con produtores e produtoras destes sectores, así como con comercios que vendan produtos ecolóxicos, de proximidade ou incluso de turismo sostible.

A fundación desprazarase entre o 15 e o 17 de marzo para realizar ditas entrevistas no municipio de Viveiro. Co obxectivo de asegurar un estudo representativo do estado do sector en A Mariña, o Concello de Viveiro anima a todos os produtores e agrogandeiros residentes na zona a participar nestas entrevistas.



**CURSO 2020/2021**  
Contáctanos hoy para reservar tu plaza para el nuevo curso

...where English is fun!

982 103 377  
605 738 247

SCAN ME

www.docklandsacademy.es

# PLAN DE **IMPULSO** DA **€** CONOMÍA DA PROVINCIA DE LUGO



➔ **10 medidas de apoio** directo aos sectores produtivos máis afectados pola crise da Covid-19: hostalería, turismo e comercio

- 1 Bonos de apoio á hostalería e ó comercio local
- 2 Coñece a túa provincia
- 3 Saborea a túa provincia
- 4 Fomento das viaxes en catamarán pola Ribeira Sacra
- 5 Ampliación do programa Lugo Termal
- 6 Axudas directas a colectivos para a promoción do territorio
- 7 Colaboración directa co tecido asociativo da provincia
- 8 Dixitalización de autónomos e PEMES
- 9 Mellora da inserción laboral
- 10 Formación para mozos desempregados

**7M€ - 8% DO ORZAMENTO PROVINCIAL**



EN  
2025



## Inician unha campaña contra o plástico

O Concello, en colaboración coa asociación A Mariña sen Plástico, vén de anunciar que levará a cabo un proxecto de concienciación medioambiental a través da sinalización de sumidoiros da vila coa mensaxe *O mar comeza aquí*.

Toñi Eijo, concelleira de Medio Ambiente explica que “comezaremos sinalando sumidoiros das rúas Arcadio Pardiñas, Eijo Garay e Rosalía de Castro. Esta iniciativa ten como obxectivo concienciar á poboación sobre a importancia de depositar o lixo nas papeleiras e contedores, sinalando que todos aqueles residuos abandonados na rúa viaxan polos sumidoiros ata chegar ao mar, xerando un grave problema medioambiental nos nosos océanos”.

Esta iniciativa xorde tras a preocupación mostrada por A Mariña sen Plástico, asociación de carácter medio ambiental, ante o Concello de Burela polos numerosos residuos atopados nas praias da contorna.

# Burela non cobrará taxas aos hostaleiros

O alcalde, Alfredo Llano, anunciou que o Concello eximirá das taxas da auga e do lixo aos establecementos hostaleiros durante os meses de novembro e decembro pasados así como xaneiro e febreiro deste 2021. Ademais tampouco se pasará ao cobro a taxa das terrazas durante un período de seis meses. O Concello estudará a adopción doutras axudas así como a organización de eventos que traian xente a Burela, cando sexa posible. Llano mantivo nas últimas horas unha xuntanza con representantes dos hostaleiros e da Aciá local e dixo que o encontro foi cordial.

O rexedor declarou que “estivemos comentando todo o relativo á situación sanitaria actual en Burela. Imos descendendo moi lentamente os casos, temos 23 ou 24 nos acumulados, aínda que a sete días temos 8 nada máis, o que quere dicir que se están facendo as cousas bastante ben, pero a lentitude a veces é desesperante. Tamén comentamos a re-

percusión que ten esta situación na actividade socioeconómica. É certo que é moi preocupante. Agora están parados e xa o estiveron tamén nos meses de novembro e xuño. O comercio tamén está moi limitado polo peche perimetral e polo horario. Consideramos que entre todos debe haber colaboración, axudas e entendemento para loitar dunha maneira efectiva e solidaria para acadar o máximo rendemento dentro dun equilibrio que debe existir entre a garantía sanitaria e a actividade socioeconómica”.

**AUTÓNOMOS.** O alcalde burelés dixo que “o Concello, dentro das súas limitacións e dentro do que pode facer, imos procurar estar con todos os autónomos, para tratar de minimizar un pouco as perdas pola falta de actividade. Con eles acordamos non pasar os recibos do lixo e da auga dos meses de novembro e decembro do ano pasado máis de

xaneiro e febreiro deste ano á hostalería. Tampouco imos pasar as taxas das terrazas durante seis meses, iremos vendo como vai avanzado, esperamos que vaia ben e que se recupere a normalidade que sexa posible e o sector a partir de xuño”.

Alfredo Llano engadiu que “imos facer programas culturais, deportivos e eventos para tentar traer xente a Burela. É certo que acabamos de anunciar que a Feira Expomar non se vai celebrar no mes de maio, pero trataremos de facer outras actividades que sexan motivadoras para atraer xente a Burela, para que haxa movemento e actividade diversa tanto no ámbito cultural, como deportivo e outros. Procuraremos axudar tamén á hostalería para a promoción. Máis adiante miraremos algún tipo de subvención para aplicar ao comercio e aos autónomos que o soliciten. Non marcamos ningunha cifra porque non se pode ata facer a liquidación dos orzamentos do ano pasa-

do. Volveremos xuntarnos durante o mes de marzo e xa iremos vendo o tipo de relación que sexa favorable e axudar desde o Concello con todas as formas que poidamos ter, que a veces son limitadas. Pero estaremos aí en conxunto e tratando de levar as cousas da mellor maneira posible”.

O rexedor salientou que “hai que dicir que en Burela se está traballando ben e hai corresponsabilidade. O definitivo sería acabar dunha vez coa pandemia e que as vacinas se distribúan o antes posible e a todos os colectivos, en principio aos que teñan máis risco, pero seguir con toda a poboación, porque senón vai ser moi difícil ter unha garantía sanitaria. Queremos que se apuren as vacinas, con todo o rigor, pero o antes posible”.

E engadiu: “penso que onte tivemos unha conversa cordial de colaboración e iso é o que debe primar no noso concello para acadar un fin que sexa útil para todos”.

## Repoación na área do Monte Castelo


O alcalde, Alfredo Llano, a concelleira de Medio Ambiente, Toñi Eijo, deron inicio á campaña de repoación con especies autóctonas na área recreativa do Monte Castelo.

Eijo sinalou que “deste xeito, segue a acometerse o programa de repoación urbana e forestal promovida desde o Concello, rexenerando ditos espazos con especies como carballos, cerdeiras, castaños, liquiámbar ou bidueiros”.

O devandito programa constitúe un primeiro paso cara o futuro plan de acción para o clima e a enerxía sostible.



Plantación inicial do acto de repoación



Reunión da comisión de elaboración do Plan de Acción polo Clima

## Burela prepara para setembro o Plan de Acción polo Clima

Burela prepara o seu Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible. Os técnicos de Medio Ambiente agardan ter listo o borrador o vindeiro mes de setembro. O obxectivo que persigue é minimizar o impacto do cambio climático no municipio.

Xacobo Casal, técnico municipal de Xestión de Medio Ambiente, explica que “é un compromiso que se adquire unha vez que se subscribe o Pacto dos Alcaldes polo Clima. Do que se trata é de establecer unha valoración analítica da situación tanto desde o punto de vista da eficiencia enerxética a nivel municipal como desde o punto de vista da incidencia climática para despois implementar a través dese plan unha serie de accións para facer fronte a todas as realidades que están a incidir no cambio climático”.

Casal conta que “as autoridades locais o que fan é comprometerse a realizar este Plan de Acción nun período de dous anos desde que se subscribe o Pacto dos Alcaldes. No caso de Burela iso ocorreu o 30 de abril de 2020. O goberno municipal decidiu que se realizase a través de medios propios, porque quere facer un documento que responda aos criterios e requisitos que establece o Pacto dos Alcaldes, pero quere dar un paso máis aló facendo un documento estratéxico e exhaustivo que sexa a guía durante o período 2020-2030 para o conxunto do concello de cara a acadar os obxectivos establecidos con carácter xeral pola Axenda 2030”.

E engade que “o Plan estase coordinando desde a Concellería de Medio Ambiente, liderada por Toñi Eijo.

Chegou a hora...  
... a hora do

# ARNAO VERMUT

O NOSO VERMUT

Produto de

 CASTILLO SAN DAMIAN  
Discosta Norte S.L.

Dompiñor, 12. 27715 Ribadeo  
982 128 900  
www.discosta.com



## Adjudican as obras da Edar

O proxecto executivo da Edar de Burela xa foi adjudicado. A empresa disporá de 8 meses para elaboralo. O alcalde, Alfredo Llano, agarda que a finais deste 2021 ou a principios do próximo ano se licite a construción dunha infraestrutura “moi necesaria” para este concello.

O rexedor contou que “hoxe tivemos unha reunión do consorcio para a xestión do abastecemento de auga de Cerro e Burela, xuntanza na que falamos de asuntos internos desta entidade, pero ademais tiven a oportunidade de conversar con responsables de Augas de Galicia sobre as obras da nova estación depuradora de augas residuais (Edar). Moi amablemente contestáronme que realmente son dúas obras. Unha delas é a propia Edar, que se vai instalar na zona portuaria, que está pensada para dar servizo a cerca de 20.000 habitantes e que leva unha tecnoloxía moito máis biolóxica que química. É unha Edar moi necesaria e que será moi boa para o noso



A Edar estará situada na zona portuaria de Burela

pobo. Pero ademais hai que facer unha obra complementaria, que é a das canalizacións cuns tubos enormes, de 2 metros de sección, que hai que colocar para despois conectar co emisario”.

Llano subliñou que “esta obra complementaria que inclúe as canalizacións licitárase en breve, nos próximos días. E para a propia Edar farase mañá a adjudicación a unha empresa do proxecto executivo e

hai 8 meses de prazo para elaboralo, polo que a finais de outubro estará listo. Iso significa que a finais deste ano ou a primeiros do 2022 licitárase a construción da Edar, que é algo moi importante para Burela porque a que temos agora en funcionamento quedou obsoleta hai tempo e necesitamos urxentemente a nova. Así que todas as administracións debemos traballar co obxectivo de ter rematada a Edar no 2023”.

## O alcalde solicita a Adif a mellora do alumeado na estación de tren

O alcalde, Alfredo Llano, demandou, nunha xuntanza telemática que mantivo con responsables de Adif, que se restableza o alumeado na estación do tren, debido a que se trata dun lugar que rexistra moito tránsito de peóns. O rexedor insiste en que se proceda a realizar tarefas de mantemento na liña ferroviaria e que se potencie o uso público e turístico deste medio de transporte. Llano e o concelleiro de Cultura, José Díaz, que tamén participou nesta reunión, plantexáronlle a Adif a posibilidade de asinar un convenio mediante o que a empresa ferroviaria se comprometa a arranxar a ponte de Eijo Garay e o Concello encargárase da súa decoración.

O alcalde contou que “a nosa pretensión é facer un convenio para acondicionar esteticamente a ponte que

hai en Eijo Garay. Nesa reunión, eu plantei temas da estación do tren e de autobuses de Burela. Hai que ter en conta que está no centro de Burela e que hai pouco tempo que se investiron bastantes cartos para melloras de asfaltado, mobiliario, pintura do interior e exterior e instalación eléctrica. O que non entendemos é que agora estea a escuras, tanto onde se colle o tren como os autobuses. Iso hai que miralo porque por alí pasa moita xente e é un perigo. Planteixei que, xa que arranxamos a estación, que estea perfecta”.

O rexedor dixo que “dun tempo a esta parte, obsérvase moita decadencia no mantemento e no uso dos trens. Estou preocupado porque a min me parece que o tren como servizo público vai ser no futuro algo imprescindible. Nas reunións que ti-

ven antes e na doutro día, dixen que queremos que haxa un servizo de tren en boas condicións, coa súa cadencia para que os viaxeiros poidan empregalo, que tamén funcionen os trens de mercadorías e que ademais se retomen os trens turísticos. Manifestei que non queremos que se perda ese servizo público, que se atenda ben e que haxa unha cadencia porque agora mesmo pasan poucos ou un ao día. Non podemos permitir que se deixe ir abandonando e desapareza nun día todo o que temos reclamado e o servizo que ven facendo. Iso é o que hai que impedir por todos os medios. Tamén lles falei sobre cousas de mantemento e de atención ao público, ata non había quen atendese o teléfono. Iso penso que é unha falta de profesionalidade e de atención, que é preocupante”.

## Ceden as vivendas do colexio dos Castro ao centro San Aníbal



Acto de entrega das vivendas

O Concello ven de ceder o primeiro bloque das antigas vivendas de profesores do colexio dos Castros. O Centro San Aníbal farase cargo da súa xestión e tutela.

A edil Carmela López explicou que “o Concello ven de ceder o primeiro bloque das antigas vivendas de profesores do colexio dos Castros. É un bloque con catro pisos que se entregan ao Centro San Aníbal para que amplíen o seu proxecto social, que tanto aporta para a comarca e en concreto para os servizos sociais”. Carmela López subliñou que “neste tempo que levo de concelleira o apoio constante e continuo e o bo

entendemento con este centro e coa xente que o integra é moi importante, porque nós carecemos dunha vivenda de emerxencia social. Non é fácil xestionala e levala a cabo e a verdade é que atopamos nesta cesión un mecanismo que poida axilízalo e que faga posible que sexa unha realidade”.

A concelleira indicou que “se trata de catro vivendas, que van ser tuteladas, que é o mesmo formato que teñen eles no centro. Para financiar as obras apoiáronnos e solicitáronnos a implicación da Deputación e o Centro San Aníbal dirixírase á Xunta a través de varias liñas de actuación”.

## O PP denuncia ante o Valedor do Pobo ao Goberno de Llano

O Grupo Municipal Popular de Burela denunciou o venres diante do Valedor do Pobo “a total e absoluta falta de transparencia do goberno presidido polo señor Llano”.

“Das 23 solicitudes de información rexistradas dende o inicio da pandemia non se deu resposta de ningún tipo a 15”, sinalan os populares. Engaden: “Esta situación xa lle foi indicada publicamente ao alcalde nalgunha comisión e recollida na correspondente acta plenaria, cando menos, nun par de ocasións durante o pasado ano, advertíndolle que

a súa actitude non ía a quedar sen consecuencias”.

Os populares tamén aclaran que “das 8 solicitudes ás que se lle deu resposta, tan só a metade foron feitas polas vías axeitadas ao procedemento”. A este respecto, indican: “O resto delas foron contestadas fóra de prazo. Debemos aclarar que o señor Llano ten 5 días hábiles para responder ás solicitudes de información que se lle presenten, tal e como marca a normativa; nós recibimos a metade das contestacións con retrasos comprendidos entre 2 e 5 meses”.

**Descárgate la App iHoreca de Carreiras**

Disponible para iOS y Android en:

Disponible en Google Play    Disponible en App Store

**Carreiras**

**PIDE TU CODIGO DE CLIENTE**

**982 58 20 00**

O PREGUNTA A TU COMERCIAL DE ZONA

Ánimo a todos y ánimo al sector hostelero. ¡Ya falta poco para volver a estar juntos!

# “Temos que celebrar que a entidade segue viva e actuante”

Dores Fernández fala sobre o 50 aniversario da Asociación Francisco Lanza

Ribadeo conta con cidadáns e institucións comprometidas co pobo e a súa cultura, que fan a labor de preservar un dos bens máis poderosos de Galicia, a súa lingua e a súa historia. Hai 50 anos que nesta vila da Mariña se fundou unha desas entidades que a día de hoxe segue traballando para recoñecer o patrimonio cultural da zona, a Asociación Cultural Francisco Lanza. A súa actual presidenta, Dores Fernández, chegou a Ribadeo destinada como docente no ano 90 e, cando coñeceu a Asociación, implicouse sen dúbido.

## Como empezaches a traballar ti coa Asociación?

Cheguei a Ribadeo e o descubrir unha Asociación que representaba Os vellos non deben namorarse ou que facían outro tipo de actividades... eu iso non o vira noutras cidades, para min foi unha sorpresa. Celebrábase a feira do libro e para nos era unha festa, fun coñecendo a xente a través das actividades da Asociación e acabeime unindo a ela.

## Agora que facedes 50 anos, como tiñades pensado celebralo?

En principio, como toda a prepara-

ción do aniversario xa nos pillou na corentena estábamos expectantes e expostos ao que se puidera facer no momento. A nosa idea é facer algo ao aire libre ou en un sitio amplo. Temos a intención de xuntar a xente que colaborou coa Asociación durante todos estes anos, facer un convite con tódalas persoas que están e estiveron na agrupación. Difícilmente se poderá facer unha cea ou festival, pero o nosa idea é esa, facer unha convivencia e adicar a xornada de historia local que se celebra no verán á nosa historia, á historia da agrupación cultural. Esperemos que no verán se poida facer algo de convivencia e celebración.

## Tamén publicaredes un novo número dos Cadernos Ribadenses, que atoparán os lectores?

Son uns Cadernos Ribadenses impresionantes, temos moitísimas colaboracións tanto actuais, literarias, mais outras colaboracións históricas, que nos contan a historia da nosa agrupación cultural, como naceu, os problemas que había, como era esa época e esa sociedade do momento. Esa parte dos Cadernos, que non vai ser a única, vai ser moi interesante. Participan persoas que

fundaron a agrupación e contan cousas que naquel momento non podían saír á luz. Están tamén as colaboracións de outras persoas moi coñecidas con obras publicadas moi importantes.

## Como foi o transcorrer da Asociación durante estes 50 anos?

Non é o mesmo papel o que tivo que o que ten hoxe en día. Aínda que a Asociación dende sempre naceu para defender a cultura e a lingua galega non está na mesma situación cando se fundou que a actualidade. Naquel momento as persoas que a fundaron tiveron que afrontar todo tipo de dificultades, estamos a falar dos derradeiros anos do franquismo, había censura, libros prohibidos... formarse non era sinxelo, crear a Asociación tivo moito mérito. Hoxe en día o fondo é o mesmo, a dignificación da cultura e a lingua galega, que segue necesitado esa defensa. O obxectivo é ese pero as circunstancias tanto sociais como políticas son outras. Hoxe para nós é fundamental dar a coñecer a cultura e a lingua dende unha perspectiva local, ademais de descubrir a nosa contorna e o noso medio, o lugar onde vivimos e a



Inauguración da Feira do Libro

nosa realidade.

## A que público dirixides os vosos esforzos?

Tratamos de facer as actividades o máis variadas posibles para atraer a todo tipo de público. Hoxe en día é moi difícil atraer a xuventude, non so na nosa Asociación, por iso nos temos un interese específico en que achegar a cultura a xente mas nova, e por veces conseguímo-lo. Todos os anos temos actividades para o público infantil e xuvenil, ben sexa teatro, música en galego, actuacións de diverso tipo... Ademais da xente adulta, temos persoas fieis que acoden aos nosos actos e xente que se vai sumando. A historia local chama moita xente incluso xente de fora e tamén as actividades ao aire libre. Unha actividade que chega a moita xente é a de Palabras no balcón, lonas con versos frases de algún autor coñecido, normalmente o das días da letra galega, é unha actividade non ten un público espe-

cífico, acollese moi ben incluso para os turistas vemos que lles chama a atención e compárteno nas redes sociais e mesmo os veciños e veciñas de Ribadeo.

## Tedes previsto algún evento proximamente, malia a incerteza da pandemia?

Polo día das Letras Galegas pensamos seguir co evento de Palabras no balcón, xa que non haberá problema co tema da covid. Queríamos facer algo polo día de Rosalía pero non puidemos. Faremos os paseos por Ribadeo en canto se poida e tamén temos algunha charla aplabada pero dependemos da situación. Este ano ímonos centrar no aniversario, imos celebrar os 50 anos da Asociación dalgunha maneira, en canto poidamos xuntar outra vez xente. Temos que celebrar que esta é unha entidade que segue viva e actuante, que ten moito futuro e esta a sumar moitas cousas positivas.

## Expropian catro inmobles por impagos de multas

O Concello de Ribadeo adquire catro inmobles a través da figura da expropiación, debido a impagos de multas urbanísticas ou execucións subsidiarias que tivo que realizar para garantir a seguridade e a salubridade públicas. Trátase de propiedades situadas nas rúas Antonio Otero, Deputación, Vispo Veres e Avenida de Asturias. Todos estes inmobles terán diferentes finalidades. Neste último caso do situado da Avenida de Asturias vaise converter nun espazo polivalente centrado, sobre todo, nas actividades formativas e para o cal xa teñen solicitada unha axuda á Xunta de Galicia. “Noutros casos optamos primeiramente pola taxación do inmovible e a venda pública a través dunha puxa. Si se venden, os ingresos económicos destas transaccións serán reinvertidos polo Concello en accións de patrimonio do solo onde temos múltiples necesidades”, di o alcalde.

# Reclamacións de mal estado

Populares, socialistas e ecoloxistas reuniron no último mes varias críticas pola situación de infraestruturas

O Partido Popular fixo neste último mes unha relación do estado dalgúns das infraestruturas públicas. Unha das primeiras queixas é a “pouca planificación e escaso orzamento para o arranxo de pistas do rural ribadense.” Á popular parécelle “moi ben que se estean arranxando, pero cre que o investimento podería ser maior se o goberno local do BNG pedira axudas a outras administracións coma a Xunta para executar este tipo de traballos”.

**VILAFRAMIL.** A área recreativa de Vilaframil foi posto como outro exemplo máis do “abandono no que mantén o goberno local do BNG ás áreas do municipio”.

A área recreativa de Vilaframil fora construída polo goberno do Partido Popular e conta con edificacións e servizos. Atópase nunha “zona idílica para disfrutar de la compañía de amigos y familiares en plena natu-

raleza”; pero, lamentablemente, “se encuentra totalmente destrozada”.

**ACEAS.** Tamén instaron a arranxo o paseo das Aceas “polo ben de Ribadeo”. O PP insiste na necesidade de contar “cunha planificación para desenvolver uns correctos labores de conservación e limpeza en parques, xardíns, áreas recreativas e zonas verdes en xeral”.

Aseguran que “este abandono supón un risco para os usuarios”; xa que “as zonas de desprendementos de terra cara á ribeira do mar supoñen un perigo para as persoas” especialmente tendo en conta que “por esta ruta costeira moita xente disfruta do seu tempo libre ou, incluso, fai deporte” á beira do mar.

**SANTA CRUZ.** Tamén acusan abandono na área recreativa de Santa Cruz “onde actualmente hai zonas que non se poden utilizar porque a herba está sen cortar ou porque hai



Situación actual dunha das edificacións de Vilaframil

elementos que poden supoñer un risco para os visitantes”.

**PLAZA DA MUSICA.** Os socialistas denuncian que o Concello aínda non executou as obras de reparación na praza da Música, pola que foi condenado a reparar así como os danos ocasionados nos garaxes dalgúns edificios lindeiros debido as filtracións de auga.

**ILLA PANCHA.** Ecoloxistas en Acción demanda á Autoridade Portuaria de Ferrol – San Cibrao que indague como se concedeu permiso de explotación do Faro da illa Pancha sen o Estudo de Impacto Ambiental preceptivo. O propio Defensor do Pobo corrobora na súa resposta que non consta que fora elaborado o obrigado Estudo de Impacto Ambiental preceptivo.

## Volve a programación cultural

A axenda cultural da Concellaría de Cultura ribadense para os vindeiros meses deu comezo este mes, co concerto que ofrecerá Jamila Purofilin. A programación inclúe máis música, teatro con Chévere, Amorodos e Talía e diferentes propostas para os máis pequenos e pequenas da casa.

A segunda proposta de Cultura trata dun cancionero que leva por nome De botóns. Consta dunha selección moi escollida de repertorio tradicional galego e das comarcas da contorna, adaptadas e arranxadas para este instrumento.

Ademais o Concello anunciou a realización dun mural de homenaxe a Rosalía de Castro que levará a cabo, nas Castro Rúas, o gru-

po Concepto Circo. En canto ao teatro para adultos, os seareiros e seareiras de Chévere están de noraboa. Neste mesmo mes de marzo representan Curva España e antes do verán chegarán con As fillas Bravas e o mito de Casandra. A compañía Amorodos convidará a ver Xente 2.0 e outra das formacións con máis seguidores como é Talía Teatro trae a súa Vida de cans.

A programación infantil segue a articular a súa oferta no programa Apego cunha programación específica para bebés, que está formada por espectáculos e obradoiros para familias. Para os máis grandíños, a partir de 5 anos están convidados a ver varios espectáculos.



Acto de inauguración da escultura realizada por Ana Vidal Suárez

## Inaugurada en Ribadeo unha escultura dedicada ás mulleres

A escultura Son o poder dentro de min, en homenaxe á muller, foi inaugurada o pasado día 7 na praza 8 de Marzo. Diseñada pola artista Ana Vidal Suárez foi realizada polos Ferreiros de Mazonovo para conmemorar o Día Internacional da Muller.

Profesores da Escola Municipal de Música e Danza interpretaron tres pezas no acto no que Ana Vidal explicou a idea e o significado do deseño desta escultura e os Ferreiros de Mazonovo referíronse ao proceso de creación. A concelleira de Igualdade, Mariluz Álvarez Lastra, na súa intervención dixo que

“é unha escultura en homenaxe a todas as mulleres do Concello, ás novas, ás adultas e ás maiores. Todas elas son dignas de ter unha figura que as represente. Porque como reza o título da escultura Son o poder dentro de min, as mulleres somos poderosas. Facemos sen ser conscientes do que somos capaces, dobre, triplas xornadas laborais, criamos solas ás veces, enfrontámonos a aqueles que nos queren limitar polo simple feito de sermos mulleres. Loitamos no día a día contra o patriarcado que se resiste a que formemos esa sociedade igualitaria”.

## Ribadeo gaña o concurso O pobo máis amado



O pobo máis amado, o concurso convocado por Adamo o pasado decembro para lembrar e destacar as virtudes das formas de vida que se desenvolven no mundo rural, xa ten gañador. Nunha apertada fase final, Ribadeo álzase co título honorífico da poboación máis querida por diante de Cintruénigo (Navarra), El Puente del Arzobispo (Toledo), Maçanet da Selva (Xirona) e Ullastrell (Barcelona).

Así, ademais de ser ‘a poboación máis amada’, Ribadeo será tamén a mellor conectada a través do sinal da internet máis rápida que existe hoxe no mercado (1.000 Mbps), que Adamo xa proporciona en 700 municipios a través dos seus 10.000 quilómetros de rede

propia. En concreto, os veciños da localidade lucense poderán acceder a paquetes de fibra óptica por tan só 1 euro ao mes durante un trimestre, así como o Concello de Ribadeo terá un ano gratis de conexión a Internet. Para facilitar ese despregamento, Adamo achegará 3.000 euros ao seu distribuidor oficial no municipio. Pero tamén os habitantes dos outros catro finalistas poden beneficiarse desta oferta especial, que permanecerá dispoñible para eles ata o próximo 31 de maio.

O tamén embaixador de Adamo, o presentador Jesús Calleja, visitará Ribadeo. A iso engádesse o vídeo de felicitación que gravou para comunicar a noticia aos ribadenses.

## O Concello esterilizará gatos e pide limpar os ouriños de cans

Un grupo de voluntarias e voluntarios e dúas clínicas veterinarias iniciarán unha campaña de esterilización para ter controladas as colonias de gatos que hai nas rúas, nunha iniciativa da a Área de Medio Ambiente de Ribadeo. O obxectivo da campaña é ter controladas estas colonias de gatos, que hai en varias localizacións da vila. A Concellaría de Medio Ambiente encargárase da parte económica.

O proceso comezará nunhas zonas

ou focos concretos, que están máis masificadas. Procederá a collelos, a esterilizarlos e a identificarlos para facer un censo e despois devolvelos ao seu hábitat, e así controlar tamén a súa reprodución.

O Concello de Ribadeo está a repartir 500 botes de produto desinfectante entre os propietarios de cans. O obxectivo é concienciarlos da obriga de limpar os ouriños das mascotas, algo que recolle a nova ordenanza de medio ambiente.

## BREVES

**PARQUE O XARDÍN.** Reabriu o parque infantil do Xardín, tras as obras de mellora e ampliación realizadas nas últimas semanas. Duplicouse a superficie, instalouse un valado novo e os pícaros e pícaras poderán gozar dun tobogán grande, dunha cama elástica e dunha pista multideporte, entre outros xogos. O investimento realizado pola Deputación ascendeu a 52.600 euros.

**CARGADOIRO.** O Concello planta novas árbores na zona do Cargadoiro e do parque de San Miguel. Trátase de acivros e de metrosideros aproveitando para sanear este espazo verde porque, debido a razóns sanitarias e de seguridade, hai varias árbores e arbustos que deben ser substituídos.

**OVE.** O Concello de Ribadeo está a realizar obras de mellora no acceso á igrexa de Ove. Trátase dunha primeira actuación, previa ao importante inicio dos traballos que Deputación de Lugo e Concello acometerán na estrada dos Garitos.

**MUNDIÑA.** O concelleiro nacionalista Jesús Mundiña presentou a súa denuncia como edil de Medio Rural asegurando que deixa o cargo por razóns persoais.

**AVENIDA ASTURIAS.** O Concello presentou ante a Consellería de Presidencia o expediente para a reforma dun local de titularidade municipal na avenida de Asturias, tras a convocatoria de subvencións por parte da Xunta destinadas á mellora de instalacións e equipamentos de servizos municipais. O investimento ascenderá a 50.000 euros.

**COUXELA.** O Concello vai comezar en breve os traballos de mellora do alumeadado público da parroquia de Couxela. O investimento ascenderá a 16.916 euros. A localidade conta cun alumeadado público feito polos propios veciños xa hai máis de 30 anos e atópase nun estado moi deficiente.

**GREGORIO SANZ.** A anpa A Faxarda, do Ceip Gregorio Sanz estuda a opción de pasarse á xornada única de cara ao vindeiro curso 2021-2022. Para iso enviou aos pais unha enquisa aos domicilios.

## CONCURSO DE FOTOS

Acisa convoca a XI edición do Concurso Fotográfico Día do Pai. A presentación de traballos poderá facerse ata o 19 deste mes. As imaxes deberanse subir á páxina de facebook da asociación. As instantáneas deberán ser tomadas nun establecemento asociado, buscando unha simbiose entre a relación pai e fillo. O prazo de presentación rematará o día 19 de marzo e ata esa data terá lugar a votación popular.

**D&A Díaz & Abad**  
abogados

**LEY DE SEGUNDA OPORTUNIDAD**

**¿TIENES DEUDAS?**

Da igual que seas empresa o persona física, podemos ayudarte.  
**¡Te asesoramos con la Ley de Segunda Oportunidad!**

Travesía de la Marina, 51 - 3º. Viveiro (Lugo) - Tfno.: 982 570 243  
Rúa da Fonte 12, Mondoñedo

UTILIZAMOS TODAS LAS MEDIDAS SANITARIAS CONTRA EL COVID-19 EN NUESTROS LOCALES

**Lorena Maradona**  
psicólogos

- PSICOLOGÍA
- SEXOLOGÍA
- NEUROPSICOLOGÍA
- PSICONUTRICIÓN
- REFUERZO PSICOEDUCATIVO

"Nuestro único objetivo es estar al lado de los que sufren"

CONSULTAS PRESENCIALES, ONLINE Y A DOMICILIO

Rúa Reinante, 27 Ribadeo - Contacto: 604 086 408  
www.maradonapsicologos.es

## O Concello inicia o proceso de modificación do Peprich

O Concello de Mondoñedo inicia a modificación do Peprich para adaptalo á Lei de patrimonio e “poder ter un documento actualizado que permita impulsar tamén o casco histórico”. Así o indican dende a entidade local logo de manter unha reunión de traballo na que se tratou este asunto, que supón a materialización dun compromiso mais do plan de dinamización local.

Esta modificación do Plan especial de protección e reforma interior do centro do pobo enmárcase no convenio asinado polo Concello e a consellería de Medio Ambiente, a través do cal a administración autonómica achega 300.000 euros, abonados en varias anualidades, en función das bases e os avances na redacción deste instrumento de planificación urbanística.

O convenio xorde da nova normativa cultura que dá un prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor para que os concellos cun plan especial aprobados antes de 1995 se adapten á normativa vixente. O de

Mondoñedo data de 1994.

“Estamos sentando as bases para que o noso Concello e o seu casco histórico – elemento importantísimo para a cidade e a xente que nos visita- se configuren segundo indica a lexislación urbanística. A colaboración do Goberno é crucial para poder levar a cabo estes trámites, e isto é algo que queremos por en valor”, afirman dende a entidade.

O goberno local manterá proximamente novas xuntanzas para culminar o proceso que implica a modificación de dito Plan, a través do que, sen custe para o Concello, se executará a mellora consistente na redacción da documentación técnica descritiva da planta e alzado dos inmobles catalogados existentes no casco histórico. Dita documentación reunirá os requisitos de forma e suficiencia informativa para permitir a inmatriculación dos inmobles no Rexistro da Propiedade e para permitir a tramitación administrativa que garante a correspondencia entre a realidade física a catastral.

## O Museo de Álvaro Cunqueiro amplía o material expositivo

O Concello de Mondoñedo e a Casa Museo Álvaro Cunqueiro veñen de ampliar o material expositivo con novos obxectos persoais do autor. Este novo material está dentro dunha nova vitrina colocada grazas á colaboración de César Cunqueiro González-Seco, fillo de Álvaro Cunqueiro, que cedeu este material que foi propiedade do escritor mindoniense a quen está adicada a Casa-Museo.

O novo material que xa está exposto consiste no anel de Álvaro Cunqueiro polo título Doutor Honoris Causa concedido pola USC (1980); a medalla da concesión do Pedrón de Ouro a Álvaro Cunqueiro (1980), unha figura de trotador medieval con zanfona correspondente ao Premio da Crítica-Galicia 1979 de Creación Literaria, a petaca para puros, a carteira coas letras A e C entrelazadas na parte dianteira representando a súas iniciais, o ca-



A nova vitrina instalada no Museo de Álvaro Cunqueiro

tador de viños, unha bola de neve de Carcasone da súa colección persoal, o prato conmemorativo do 4º Premio Literario Ánxel Fole de Lugo do ano 1990 coa efixie de Álvaro Cunqueiro e o petador do seu domicilio en Vigo.

Ademais diso conta con tres novos cadros colocados tamén no museo e cedidos por César Cunqueiro, unha carta enmarcada entre Álva-

ro Cunqueiro e Vicente Risco, unha fotografía de Elvira (dona de Álvaro Cunqueiro) e un poema orixinal adicado a de Uxío Novoneira, asinado polo autor.

O museo reabriu as súas portas ás visitas, que poden facerse de martes a domingo entre as 10h e as 14h e as 16h e 19h. O contacto para a visita, polo relativo ao control de aforos, é a Oficina de Turismo.

### EN BREVE

**EXPOSICIÓN.** O IES San Rosendo en colaboración coa Rede Museística de Lugo inaugurou o luns 15 de marzo no Centro Comarcal de Mondoñedo a Exposición de fotografía *Amar a Mar. Mariñas, Marosas e Maruxaiñas*. A exposición estará aberta ata o día 16 de abril e poderá ser visitada de 9 a 3 (de luns a venres).

**FESTA DOS PEPES.** Dende a Directiva Organizadora da Festa dos Pepes de Mondoñedo anunciaron que por motivos da situación sanitaria actual, non poden celebrar este ano a tradicional xuntanza de confraternidade, que debería celebrarse este domingo 14 de marzo na cidade da Paula.

**CONCURSO.** Mondoñedo en Lugo, Ponte Maceira na Coruña e Castro Caldelas en Ourense son os tres pobos de Galicia que forman parte da Asociación Os Pobos máis Bonitos de España e que son candidatos do concurso Internet patrimonio de todos co que unha multinacional de telecomunicacións quere levar Internet de banda ancha ultrarrápido por satélite a dous municipios de maneira gratuíta durante un ano.

**COMBARRO.** Deron comezo as obras de reposición do formigón na localidade de San Vicente de Combarro, moi necesarias debido ao estado de deterioro no que se atopaba dende hai tempo.



## Comezan de novo as visitas guiadas á cova do Rei Cintolo

Abriu a campaña de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo co comezo do mes de marzo. Concretamente, este ano, as visitas comezarán sendo de fin de semana: os venres, sábados e domingos, ás 12h e ás 17h. Estas lévanse a cabo na galería central da cova sobre un percorrido de 300 metros que supón unha estancia de 1 hora e 15 minutos. Pídese, para poder facelas, unha forma física normal, isto é, non ter problemas de mobilidade. Tamén é preciso facer reserva previa no teléfono da Oficina de Turismo de Mondoñedo 982 50 71 77.

É obrigado traer máscara para facer a visita (cirúrxica, ffp2, ou similar, non valendo as de tea), tamén é obrigado calzado cerrado con fondo de goma que evite esvaróns e

recoméndase traer roupa que non importe manchar así como unha muda para despois da visita.

Dende o Concello proporcionarase casco con iluminación, luvas de coiro e un traxe desbotable para sobrepoñer á roupa, así como os complementos de hixiene axeitados para cada un destes elementos. A novidade do presente ano é que se pode entrar a partir dos 11 anos. A partir de finais de marzo, en canto entre en vigor o horario de verán, ampliaranse os grupos de visita cun máis á tarde, ás 18:30h.

Esta visita está proposta, e así se realizará, acatando todos os protocolos e medidas anti-Covid 19. Na mesma o número de persoas por grupo estarán adaptadas á normativa vixente en cada momento.

## Inician a rehabilitación da Fragua e o cambio de luminarias no centro

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, investirá 37.289 euros nas obras de conservación da cuberta do edificio da Fragua e a edificación anexa no barrio dos Muíños. Na actualidade os inmobles presentan a cubrición en mal estado de conservación, con lousas que se atopan desprazadas e cunha manta de mofo en toda a superficie da cuberta.

Trátase de dúas edificacións tradicionais de pedra con parede medianeira entre elas e con outro inmovible, e que figuran recollidas no catálogo de bens culturais, naturais e paisaxísticos do Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente en xuño de 2016. Malia que se atopan fóra do contorno do conxunto histórico, os edificios están situados dentro da delimitación do Camiño de Santiago declarado BIC.

As dúas edificacións son propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo e ocupan unha superficie de 265 metros cadrados. Os traballos teñen un prazo de execución dun mes e permitirán por en valor un dos barrios con maior potencial cultural da localidade, debido a que



A Fragua do barrio dos Muíños

nel se atopan distintos obradoiros artesanais de recoñecido prestixio no sector.

**LUMINARIAS.** Tamén comezaron as obras incluídas na primeira fase do proxecto para o aforro e a mellora da eficiencia enerxética do alumeadado do casco histórico, que terán un custo de 129.500 euros. Segundo as previsións dadas a coñecer, os traballos consistirán na substitución de parte das actuais luminarias por lámpadas LED, máis eficientes, e na actualización de dous cadros de mando existentes, para adaptalos á normativa vixente. No prezo deste contrato inclúese o compromiso asumido polo contratista de substituír 240 luminarias.



## Concello e madeiristas locais acordan habilitar zonas de carga

O Concello de Barreiros reuniuse coa Asociación de empresarios da primeira transformación da madeira de Lugo para facer seguimento do convenio asinado no mes de setembro para o mantemento das infraestruturas forestais.

A valoración realizada tanto polo Concello como pola propia asociación do acordo é positiva no relativo ás comunicacións das cortas e ao control establecido e insistiron na necesidade de colaboración para a execución total do acordo. Neste sentido, reiteraron a necesidade de sinalar as cortas que se realicen no municipio e o compromiso das empresas para reparar os posibles danos que poidan sufrir as vías locais. Nun paso adiante na colaboración iniciada, desde o Concello trasladouse a intención de habilitar zonas de carga para a madeira, así como de arranxar vías de saca principais. Os representantes dos madeiristas mostraron a súa satisfacción coa proposta e trasladaron a disposición de colaborar, mesmo economicamente, nas obras necesarias para



Reunión entre representantes do Concello e dos madeiristas

levalas a cabo.

A alcaldesa, que participou na xuntanza acompañada do concelleiro de medio rural, Dámaso Ratoeira, sinalou que “a acollida das propostas que se presentaron foi mo boa e que a disposición do colectivo foi absoluta de cara a comezar unha senda de colaboración que permita dotar a Barreiros de mellores infraestruturas no eido forestal.”

Desde o Concello de Barreiros amosan “satisfacción pola dispoñibili-

dade amosada e por ter logrado un acordo que, pola vía dos feitos, pode redundar no interese xeral, avanzando na colaboración con un sector fundamental no económico e que debe repercutir positivamente no territorio.”

Nas vindeiras semanas planificarán conxuntamente os traballos a levar a cabo, de xeito que, cando o tempo o permita, se poidan realizar para poder afrontar a vindeira campaña do inverno en mellores condicións.

## O Concello inicia a execución forzosa da limpeza de fincas

Concello e cuxas propiedades desatenderon os requirimentos, pese a telos recibido. Ao mesmo tempo, 13 fincas cuxos propietarios son descoñecidos ou non recolleron a notificación, serán notificados a través da publicación no BOE, que se prevé para o 18 deste mes.

En ambos casos, establécese un prazo de 15 días para a realización das labores e, en caso de non realizalas, as multas de 1.000 euros serán efectivas transcorrido dito prazo; reiterándose trimestralmente e podendo chegar aos 10.000 euros. Paralelamente, poderán iniciarse os correspondentes expedientes sancionadores, cuxas sancións se sumarán ás multas coercitivas.

Igualmente, o Concello poderá realizar as labores necesarias para o adecentamento das fincas, pasándolle o custe á propiedade.

Ana Ermida explica que o goberno municipal leva desde o inicio do mandato procurando unha mellora da imaxe do municipio e a colaboración dos propietarios de fincas en estado de abandono para o seu mantemento. A alcaldesa mani-

festou que en moitos casos conseguíuse que se atendese aos requirimentos feitos e, “precisamente por iso, por igualdade e xustiza temos o firme convencemento de seguir adiante cos expedientes de limpeza de fincas.”

A rexedora manifestou que “unha parte destas parcelas pertencen a empresas ou entidades bancarias que no seu momento as adquiriron e que non realizan as oportunas labores de mantemento, polo que non podemos permitir que haxa veciñas e veciños que cumpran escrupulosamente coas súas obrigas e outras que non o respecten.”

No caso das parcelas cuxa propiedade se descoñece ou non recibe as notificacións, serán notificadas por medio dunha publicación no BOE, para posteriormente continuar co expediente, podendo mesmo o Concello asumir as tarefas. Ana Ermida informou igualmente de que nos vindeiros días o Concello iniciará tamén expedientes de execución forzosa para a retirada de plantacións forestais que incumpren a lei de incendios.



O vehículos retirados das rúas de Barreiros

## O Concello retira catro vehículos abandonados

Tal e como anunciou o Concello, os tres turismos e unha autocaravana que se atopaban abandonados en diferentes lugares do municipio de Barreiros foron retirados polo Concello, unha vez rematados os trámites que consistiron en datar o tempo sen moverse e sen ter localizados aos propietarios a través dun anuncio no BOE. Para o Concello, “polo claro estado de abandono teñen a consideración de residuos sólidos urbanos”. Como os vehículos non foron retirados no tempo de prazo dado polo Concello, se pro-

cederá ao seu tratamento como residuo e seguirase o procedemento legalmente establecido para a súa retirada, trasladando os vehículos a unha empresa de despezamento”.

Trátase dunha autocaravana Ford, un Citroën Xantia Turbo, un Toyota Corolla, un Peugeot 306 e un Seat Ibiza.

A súa retirada foi realizada por unha empresa xestora autorizada, de xeito que se melloran paisaxística e visualmente as zonas nas que se atopaban e evítase a proliferación de máis abandonos.

## Barreiros pecha o orzamento do ano 2020 cunha melloría dun millón de euros

O Concello de Barreiros vén de aprobar a liquidación do orzamento do 2020 na que se amosa unha clara tendencia de recuperación económica “froito do control nos gastos realizados e do rigor co que se traballa a nivel económico”, explica a alcaldesa barreirense. O resultado do exercicio no relativo á estabilidade orzamentaria, que levaba varios exercicios en negativo, pasou de ser -453.064,66€ no ano 2019 a amosar no exercicio 2020 un resultado positivo de 517.247,12€; o que supón unha melloría de preto dun millón de euros.

O resultado da liquidación do exercicio 2020 amosa tamén unha maior axilidade nos pagos por parte do Concello de Barreiros, pasando de 83 días no 2019 a 48, no 2020. “Este indicador é moi importante porque afecta directamente ás empresas e persoas autónomas que traballan para o Concello, axilizando e normalizando os pagos da administración local e xerando unha confianza que axuda a dinamizar a economía local, xa que a realidade dos pagos con carácter

xeral é mellor que a media”, explica a alcaldesa.

No relativo á capacidade de financiación do Concello, os resultados obtidos permiten que no caso de precisar concertar operacións de crédito a longo prazo, non sexa necesaria a autorización autonómica, como era ata este momento derivado da situación económica.

A rexedora non oculta que “a situación económica de Barreiros dista aínda moito de ser de alivio, xa que se arrastran gastos que haberá que afrontar e poden darse situacións delicadas que poderían ter un forte impacto nas arcas municipais; mais o que vén a amosar é que o esforzo colectivo realizado neste ano permite encamiñar a situación para poder afrontar investimentos moi necesarios no medio prazo e non comprometer a economía local”. Ermida amósase tamén satisfeita de que ese control de gasto evitara ata este momento ter que incrementar a carga impositiva na veciñanza, que tería asumido directamente a situación económica previa.

## O Concello presenta unha queixa ante Telefónica por non reparar unha avaría

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, dirixiuse á empresa titular das liñas de telefonía no municipio, Telefónica, trasladando unha queixa formal pola falta de atención ás incidencias notificadas desde o Concello.

Segundo indica na denuncia, con motivo dun temporal caeu un poste telefónico e veuse abaixo parte do cableado, situación que afectou á liña telefónica ao mesmo tempo que causaba problemas na seguridade e no tráfico rodado pola estrada afectada, concretamente no barrio do Outeiro. Tras este incidente déronse varios avisos sucesivos debido á falta de atención por parte da compañía.

Debido á falla de dilixencia nas actuacións necesarias, a circulación dos autobuses escolares viuse interrompida malia as diferentes demandas para que fose solventado este problema.

Na queixa formal interposta polo Concello solicítase atención inmediata das incidencias, a emisión dun informe sobre a responsabilidade na falla de atención e un informe sobre postes e cableados existentes e o seu estado.

## O Concello cambia todos os seus dominios ao .gal

O Concello de O Valadouro cambia todos os dominios dos correos electrónicos e da páxina web municipal ao .gal. O Puntogal é un dominio patrocinado para Galicia e a súa Cultura. A medida promovida pola Asociación PuntoGal pretende promover o uso da lingua galega desde as novas tecnoloxías, nunha área na que non está consolidada.

Galicia é das poucas comunidades a nivel mundial que conta cun dominio propio, distintivo para as páxinas web con vinculacións co país.

O dominio axuda na localización dos contidos por parte de buscadores e permite establecer a vinculación co territorio das entidades e do seu público, tanto na rede coma na offline.

A Asociación PuntoGal foi a responsable de preparar, promover e presentar a candidatura para a consecución do dominio .gal, dita asociación é unha entidade sen ánimo de lucro constituída por entidades de todos os ámbitos da sociedade galega, plural e diversa e é a responsable da xestión do dominio .gal. Os ingresos producidos pola xestión do rexistro dedícanse ao mantemento do dominio e no caso de se produciren beneficios serán reinvestidos en fomentar a lingua e a cultura galega no ámbito das novas tecnoloxías.

## O PP culpa ao alcalde de paralizar o proxecto do polígono

Segundo explica o PP, O Valadouro “leva anos aspirando a dispoñer dun polígono industrial que permita a dotación dunha oferta de solo atractiva e suficiente para a localización de industrias e a implantación de actividades económicas que favorezan o desenvolvemento da zona”.

Aseguran que o anterior Executivo local, do Partido Popular, en colaboración coa Xunta de Galicia, deu pasos importantes con esta finalidade. De feito, aprobou no ano 2009 o plan de sectorialización como ferramenta técnica e urbanística básica cara a construción deste polígono.

“Lamentablemente, a tramitación atopouse co freo do novo goberno local que propuxo un novo emprazamento o que requiría, entre outras accións, a modificación deste plan sectorial. Anos despois os trámites non só non avanzan ao ritmo agardado; senón que incluso están nunha situación de parálise dado que, segundo transcendeu, o actual Goberno local non ten solicitado ante o Instituto Galego de Vivenda e Solo o cambio de emprazamento”.

# Mercado de Primavera virtual

A covid-19 deixará que este 2021 o Mercado de Primavera sexa unha edición virtual, que contará cunha serie de actividades orientadas ás redes sociais.

Así, este ano tócalle a XV edición, que será todo nas redes sociais municipais, rememorando os mercados, con vídeos, sketch, fotografías, concursos, etc.

Nesta edición contarán con tres concursos baixo o cancelo #MercadoPrimavera21. O primeiro será de zocas: con dúas categorías, infantil e adultos. Os participantes terán que decorar as súas zocas e subir unha foto ás redes sociais do Concello, cada unha das categorías terá 4 premios de 200, 100, 50 e 30 euros, respectivamente.

O segundo concurso será de fotografías. Os participantes terán que facer ou buscar no seu arquivo unha foto relacionada co mercado de calquera edición e subila ás redes. Haberá 3 premios de 100, 50 e 30 euros.

Finalmente, haberá outro concurso de vestimenta. Os participantes terán que facer unha foto ou buscar en arquivo coa vestimenta de época e subila ás redes. Haberá 3 premios de 100, 50 e 30 euros.

Todos estes premios consistirán en bonos para gastar no comercio local, “colaborando así este Conce-



llo cos establecementos locais que tanto o necesitan nestes momentos”, explican.

**CONCURSO DE ZOCAS.** Debido á decisión de non celebrar de forma presencial no Valadouro o tradicional Mercado de Primavera, o Concello vén de convocar un concurso de zocas para o que xa está aberto o prazo de participación e que ten como obxectivo decorar as súas zocas da maneira máis orixinal posible. Haberá dúas categorías, unha infantil para nenos de ata 12 anos incluídos e unha de adultos para o resto. Cada unha das categorías terá 4 premios de 200 €, 100 €, 50 €, e 30 €, respectivamente aos catro primeiros postos. Os premios serán para gastar única e exclusivamente no comercio local e hostalería local do Valadouro.

Para participar todos @os que o desexen, terán que subir unha foto as redes sociais, Facebook ou Instagram, poñendo o texto na publicación Concurso de Zocas, concurso e categoría, e se non é o que vai participar o nome da persoa que participa. Deberá levar o cancelo #MercadoPrimavera21. Ademais deberá etiquetar ao concello Facebook Concello do Valadouro. Instagram @concellovaladouro.

O prazo de presentación, que está aberto remata o 25 de marzo de 2021 as 23:59 horas. O fallo do xurado publicarase nas redes sociais do Concello o sábado día 27 de marzo as 19:00 horas.

Na categoría infantil e nos menores de idade, ou que por defecto non teñan redes sociais, poden subir a foto nas redes dos pais, nais ou familiares.

## 24 núcleos contarán con banda ancha

O Programa de Extensión de Banda Ancha que impulsa o Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital e conta con financiamento do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) mellorará a cobertura de Internet en 24 núcleos de poboación no Concello do Valadouro.

Os beneficiados serán os núcleos de A Amarela, Zaragoza, Os Casás, Escourido, Pereiros, Pradia, A Pena, A Cazcalleira, O Solloso, A Rexedoira, A Granda, Vilares, A Pena, A Muxeira, As Laranxeiras, O Pazo, Trasmil, Albares, Bermún, A Cabanela, Cendemil, Suaigreja, O Vilarao e A Arnela.

As axudas públicas do Programa PEBA-NGA van destinadas a apoiar o esforzo investidor dos operadores privados, co obxectivo de estender o despregamento das redes de banda ancha de moi alta velocidade (máis de 100 Mbps) ás zonas máis rurais e de menor densidade de poboación, onde existe un fallo de mercado, sendo por tanto este programa un instrumento cruce para pechar a fenda dixital xeográfica, facer fronte ao reto demográfico e construír unha sociedade máis inclusiva.

De 2013 a 2019 as axudas dirixíronse exclusivamente ás zonas que carecían de cobertura NGA e de plans para a súa dotación nun prazo de 3 anos (zonas brancas NGA).

## Obras de mellora no camiño de Taranco e en Santa Cruz



Un momento dos traballos de retirada do talude en Santa Cruz

O Concello de Valadouro comezou a executar as obras de mellora do camiño de Taranco, na parroquia de Frexulfe, cun presuposto de 64.856 euros enmarcado no Plan Único 2020 da Deputación de Lugo.

Os traballos alongarase nuns 1875 metros e consistirán na limpeza e perfilado de cunetas, no refino e planeo da caixa do camiño, execución do pedraplén en socavóns e zonas mal drenadas e aplicación de base granular de zorra

artificial, estendida e perfilada con motoniveladora e compactada ata a densidade máxima esixida do 100%.

Por outra banda, o Concello tamén deu comezo ás obras para aumentar a seguridade viaria no acceso á parroquia de Santa Cruz. Os traballos consisten na eliminación e nivelado do terraplén existente, o que permitirá aumentar a visibilidade na intersección, facilitando a saída de vehículos desde Portofalso e Lodeiros.

## Crítica pola eliminación de contedores soterrados

Os concelleiros do BNG do Valadouro, Eduardo Chao e Eliseo Teijeiro, piden explicacións ao goberno local sobre a retirada dos contedores soterrados existentes en varios puntos de Ferreira, cinco illas ecolóxicas que foran instaladas no ano 2011 con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental cunha inversión de 189.862 euros, para as cinco illas, e mais para un vehículo retrocargador para a recollida de lixo.

Agora mesmo, segundo explican, retiráronse os que estaban instalados na avenida Deputación, fronte ao xerátrico, e na avenida da Veiga, fronte ao centro de saúde. “Parécenos unha mala xestión dos cartos públicos, e tamén unha merma na calidade do servizo, por eso queremos saber cales son os motivos da retirada desa infraestrutura medioambiental, e cal é tamén o coste da operación”, afirman desde o BNG.

E pregúntanse tamén “a que se debe o cambio de parecer do grupo socialista, cando no ano 2011 defendían a instalación dos mesmos?” Todas es-

tas cuestións serán levadas ao próximo pleno e preguntarán tamén se é intención do goberno municipal desmontar as tres illas restantes. “Parece que a alcaldía camiña marcha atrás na xestión do lixo”, conclúen.

Para os nacionalistas “chove sobre mollado” no tema da recollida, sendo este servizo “unha asignatura pendente na que o Concello do Valadouro suspende continuamente”, pois recordan desde o BNG tamén a “insistente negativa” do goberno municipal de Edmundo Maseda a xestionar directamente o servizo, proposta que o BNG sempre defendeu, “pois o servizo é moi mellorable e deben aumentarse as prestacións”, como demandaron en mais dunha ocasión.

**REPARTO DE CONTEDORES.** Precisamente esta semana, o Concello iniciou o reparto de contedores amarelos nas parroquias para a recollida selectiva, de forma que se extenderá de forma paulatina a todos os núcleos de poboación.



A nova área de autocaravanas de Esteiro

## Abre en Esteiro unha área de autocaravanas

O Concello de Xove, en colaboración coa Axencia de Turismo de Galicia, vén de habilitar un área de autocaravanas na praia de Esteiro, nunha parcela de 6.000 metros cadrados. A zona conta con espazo para trinta vehículos vacacionais ademais de borne con billa de limpeza de sumidoiro e depósito de augas negras, billa de auga potable e sumidoiro para augas grises. A área ten tamén recollida de lixo e un panel informativo cos recursos turísticos máis próximos e os servizos situados no pobo de Xove. O Concello habilitou un Código QR que enlaza coa web [www.turismo.xove.es](http://www.turismo.xove.es)

para descargar toda a información en dispositivos móbiles. Este proxecto englobase dentro do Plan de Sustentabilidade Turística para a Mariña e contou cun orzamento de 30.000 euros. O plan ten en conta a importancia do potencial turístico da Mariña lucense e aposta pola súa transformación cun modelo máis competitivo, innovador e participativo. O Plan de sustentabilidade turística para a Mariña lucense conta cun investimento da Xunta de 1,3 millóns de euros para os vindeiros tres anos, que representa o 45% do orzamento total.

## Rematan a obra de sinalización da ruta costeira de sendeirismo

O Concello de Xove rematou de sinalizar a senda costeira que discorre polo seu termo municipal e que ten unha lonxitude de 18 quilómetros. Coñecida como Senda Costeira de Xove, é unha ruta de sendeirismo lineal, de dificultade media, e que percorre todo o litoral costeiro de Xove.

Ao ser unha ruta lineal, pódese facer nos dous sentidos, sendo un dos inicios a zona do Portiño de Morás, en concreto no parque etnográfico da baleeira, onde está situado un panel de inicio, con toda a información sobre a senda. O outro está situado na pista de acceso á praia de Portonovo, nos límites entre o Concello de Xove e o Concello de Viveiro. Neste punto tamén existe outro panel informativo. Nos dous pódense atopar senllos códigos QR, que a través da aplicación Wikiloc, pode descargarse no móbil.

A Senda Costeira de Xove, no seu inicio percorre o mesmo itinerario que o Camiño Natural do Cantábrico, é dicir saíndo do Portiño de Morás,



Un dos sinais da ruta costeira que percorre todo o Concello

pasa pola Área de Interpretación dos Dolos (Morás), e accede ao cabo Morás, onde tamén se poden visitar os fermosos Cantís de Papel.

Toda a senda está perfectamente sinalizada, por partes percorre polo Camiño Natural do Cantábrico, outros por carretera con asfalto (Portocelo, Ceranzos), e outros por novos sendeiros, que foron habilitados polo Concello de Xove.

A variedade paisaxística de ruta é

impresionante, pois pasa por grandes acantilados (Cantís de papel de Morás), preto de illas (Illa de Sarón, Illa da Cal), por castros prerromanos (Castro do Coto da Vela, Xacemento arqueolóxico de San Tirso), por miradoiros (Miradoiro de Nacente, Miradoiro de Poñente), preto dun faro (Faro de Punta Roncadoira), praias Morás, Sucastro, Portocelo, Coído, Muiñelo e Esteiro), enseadas (Sucastro, Coído, Muiñelo), etc.

## Publicados os gañadores dos dous concursos de Entroido

A Concellería de Cultura, a través da Biblioteca Municipal, fixo público o resultado do concurso de carretas. Os premiados nesta edición 2021 na categoría Preescolar foron Adrián Rego García, Alicia Blanco Valenzuela e Jesús López Franco.

Na categoría 1º e 2º de Primaria o gañador foi David Burgos Peloché seguido de Lía Casabella Gacio e Felipe Basanta Domínguez. No seguinte grupo os premios repartíronse entre Óscar Bértolo Casabella, Oliva Rega Quelle e Álvaro García Casabella.

No último grupo de primaria venceron Uxía Gradaille Durán, Berta Barro Álvarez e Carla Casabella Puñal. Finalmente, na categoría 1º a 4º de ESO, o gañador foi Miguel Fra Baltar, seguido de Carla Mariño Otero e Alicia Fernández Vicente.

**COVIDENTROIDATE.** Tamén anunciaron os gañadores do concurso

CovidENTROIDATE 2021.

Os premiados foron en categoría individual infantil Colexio Hogwarts, seguido de Policía Antivirus e Controlando a pandemia. En adultos os premios foron para Vacina Pfizer, Laboratorios Penasagudas; seguido de Virus fóra da casa e Médico na casa. Na familiar gañou Ano do demo e no segundo lugar quedou Nin vacuna, nin sulfato, temos que batealo. A medalla de bronce foi para Vacinas Covi.

Os premios que lles corresponden na categoría individual, tanto para nenos como para adultos, son de 100, 75 e 50 euros. O dobre para a categoría familiar.

Os premios consisten na entrega de un cheque-regalo que poderá gastarse en calquera establecemento comercial ubicado dentro do término municipal de Xove, tendo como límite o 30 de xuño de 2021 para realizar o gasto.

## Komando Xoviético sinaliza dúas novas rutas para a práctica do Enduro

O Club ciclista Komando Xoviético de Xove vén de rematar a adecuación dos últimos dous circuitos para gozar na contorna de Xove do Enduro MTB. Trátase das rutas Don Güill e Krabullo, que se unen as xa acondicionadas, Jasline, Resoline e Zepoline, ademais do remonte. En total teñen máis de cinco quilómetros de descensos entre as cinco rutas.

Os traballos consistiron na sinalización e limpeza da zona de paso, con permiso dos propietarios dos montes por onde transcorre, o que deixa a zona preparada para outras actividades como o sendeirismo ou mesmo prácticas que non sexa só Enduro. Foron os propios membros do club os que realizaron esta tarefa de sinalización e limpeza.

“Queremos agradecer a todos os socios do noso club, os donos dos montes e a xente que nos axudou a que este soño fora posible”, din.

### alfoz



## Abre na biblioteca unha mostra sobre linguas maternas

Desde o luns 22 de febreiro e ata que comece o mes de abril pódese ver na planta da Biblioteca Municipal de Alfoz a exposición dedicada ás Linguas Maternas.

O horario de visitas é de luns a venres de 15.00h a 20.00h, coincidindo co horario da Biblioteca Municipal. Tamén pode verse

en liña no Blogue da Biblioteca. O Concello de Alfoz tamén reabriu o Castelo de Castro de Ouro para as visitas co horario habitual e retomou a programación das escolas deportivas no horario presencial, tras un mes e medio virtual debido ás medidas impostas pola Xunta pola covid-19.



## Aprobarán unha axuda de 1.200 euros aos locais hostaleiros



O Concello avanzou que se dará unha axuda directa de 1.200 euros a cada un dos bares e restaurantes do termo municipal como axuda para paliar os danos causados polo último peche obrigado pola pandemia da covid.

O ente municipal aínda está en proceso de redacción das bases para a concesión destas axudas e o prazo non está aberto pero se abrirá no momento no que se rematen e se publiquen as futuras bases. O obxectivo é chegar a todos os locais hostaleiros e seguindo a liña de moitos outros concellos.

## O Concello presenta o plan de investimentos para este ano

A Xunta de Goberno Local do Concello de Riotorto deu luz verde á aprobación de varios proxectos de acondicionamento e mellora de accesos a núcleos rurais municipais e de ampliación de redes de saneamento.

Así, establécense melloras para os camiños cunha capa de aglomerado en quente de 5 cm que afectará a varios accesos como o barrio de Lorigados desde Ermida (Espasande de Abaixo) cun orzamento de 32.400 euros; a Vilaseca (3 tramos) e Ferreiravella (acceso principal) cun orzamento de 51.643 euros; ao cementerio, explanada e acceso en Santa Marta (Torre do Moro) cun orzamento de 51.361 euros; entre Vilar de Meilán, Ramal e Espasande de Arriba, cun orzamento de 74.358 euros, e o barrio de San Pedro e Ramal desde Mundín, cun gasto de

47.694 euros.

Además tamén se fará a mesma mellora nas vías que van desde estrada Deputación a Pouxaneiro por debaixo das cuadras de Simón e Cachapelo; no lugar de Granxas (Ferreiravella), que vai a casa de Daniel desde a estrada provincial, e en Villarín a vía que dá acceso a Sat Mundin. Estas 3 pistas teñen un orzamento de 50.000 euros.

Tamén aglomerarase a estrada que vai desde Abelleira (Santalla) a Lamas (Vilaseca) cun orzamento de 43.500 euros; a estrada desde curva Teixeira a barrio de Aldea (Espasande de Abaixo) cuio proxecto ascende a cantidade de 45.000 euros, e a estrada desde Espasande de Arriba a Bretoña pola Ladaiña cun importe de execución de 172.000 euros.

Pero ademais destes aglomerados



o Concello anunciou outras obras a realizar este ano como a ampliación da rede de saneamento no lugar de Lamas (Vilaseca), na que se van a investir 35.700 euros, ou a mellora da rede de saneamento municipal en Mundín e Hortobello, cun orzamento de 49.900 euros

Estas obras serán financiadas en parte con cargo o Plan Único da Deputación, outras con cargo o Fondo de Compensación, outras a través de diversos convenios e axudas solicitadas coa Xunta de Galicia e a través de fondos propios municipais.

Estas obras, demandadas polos veciños, despois de diversas reunións veciñais, "consideramos que mellorarán a calidade de vida dos cidadáns e fixarán poboación no rural, xa que son servizos básicos", di o alcalde, Clemente Iglesias.

"Esiximos a Deputación provincial que cumpra as súas promesas de sacar a licitación a obra do Polígono Industrial e o acondicionamento inmediato da estrada LU-P-4404 que vai desde o Casco Urbano a Aldurfe pasando polo Teixeira e Espasande de Arriba", engaden.

## A Deputación inviste 9.345 euros co plan Ilumin@

O Grupo Socialista de Riotorto avanza que o Plan Ilumin@, posto en marcha pola Deputación de Lugo, investirá en Riotorto 9.345 euros para mellorar a eficiencia enerxética.

Concretamente, a través deste proxecto, instalaranse 52 luminarias LED de 30w, distribuídas en catro núcleos que son os de Ferrería, Chacín, Val e Souto do Val. Ademais con cargo a este investimento tamén se realizarán melloras nos cadros eléctricos destes núcleos.

José García sinalou que con estas novas luminarias "melloraremos a

calidade do noso alumeadado, e tamén aforraremos na factura, xa que estas novas dotacións contribúen reducir a facturación eléctrica das nosas instalacións municipais". Por iso, agradeceu o compromiso da Deputación que preside o socialista José Tomé Roca, xa que unha vez máis amosa o seu compromiso co noso Concello". Hai que lembrar que o Plan Ilumin@ está dotado con 723.000€, dos que o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do Idae, un organismo dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica.

## Entregan en Órrea os títulos de concentración parcelaria

O Concello de Riotorto convocou aos veciños afectados á entrega de títulos de Concentración Parcelaria da zona de Órrea-Galagos, que rematou recentemente. Esta acción terá lugar os días 22 e 23 de marzo na escola e Órrea. Debido á situación sanitaria a entrega será por quendas comezando ás 10.00 horas da mañá pola letra A e B como inicial do primeiro apelido. Na primeira xornada entregaranse ata finalizar, sobre

as 19.00 horas a F.

Os veciños afectados deberán acudir co seu DNI, ao mesmo tempo que aqueles que queiran recoller os títulos en nome de persoas falecidas, que deberán adxuntar a documentación correspondente á sucesión.

Así mesmo, as persoas que non poidan acudir e envíen un autorizado, este deberá vir coa conseguinte autorización e o DNI do propietario.

## O Pleno aproba un orzamento de case 2,9 millóns de euros

O Concello do Vicedo aprobou os orzamentos para o próximo ano, que ascenden a 2.890.000 euros, "os máis elevados dos últimos anos", segundo indicou o alcalde, Jesús Novo. Os orzamentos saíron adiante cos votos a favor do equipo de Goberno e a abstención do PSOE.

Do custe total do orzamentos, destacan o 1.029.750,35 euros que se destinarán a investimentos reais, uns cartos que posiblemente aumentarán xa que o Estado permite usar o remanente de tesourería.

Dentro dos orzamentos hai reservados 50.000 euros para axudas á hostalaría e outros sectores prexudicados pola pandemia e está en estudo non cobrar as taxas de lixo e auga.

Tamén a pandemia motivou a retirada dos cartos previstos para festexos. Quedan reservados eso sí, 10.000 euros do Plan Único para a Romaxe Viquinga sempre que esta poda celebrarse, pero si non é así os cartos irán para promoción turística. No capítulo de investimentos, o Concello do Vicedo ten prevista a renovación de alumeados coas axudas do Idae. En principio reservaron 198.219 euros para Rosalía de Castro



e Baltar, e outros 134.337 para Creximil, Penela, Humeiros, Folgueiro, Pontide, Ruño, Casas Baratas, praia de Abrela, San Román e O Vilar.

Así mesmo, está prevista a renovación da Travesía da Mariña, a zona dos colexios e a rúa Luciano Pérez, todo isto cun orzamento de 116.796 euros procedentes de fondos propios mentres que o Idae aportará 101.543 para Triscornia e Folgueiro. A renovación do alumeadado se fará tamén en Os Corgos, nesta ocasión con cargo ao Plan Único, por valor de 26.947 euros, e se instalaran puntos de luz en Peón e A Pena cun investimento de 43.583 euros, coa axuda da Xunta. Tamén haberá cambios no

paseo de Moledos, que contará con farolas solares grazas a outra subvención de 44.716 euros.

O Concello investirá tamén no acondicionamento de vias. Está previsto o arranxo dos accesos de A Capariña, A Escola, Freixeiro, Cristo da Paleira, Manxofrío, O Sixto e Maladas, por importe de 186.755 euros que combinan fondos municipais co Plan Único.

O Concello contratará mantementos no Vilar, O Pazo, Vilagudín, A Gatariza, Crecide, A Poceira, Os Barcó, Chavín, Castrobó, Morgallón, Fuciño do Porco e Abrela con 6.991 euros.

Tamén destinará a vías fondos do plan de mellora de camiños con obras de acceso a O Vilar, que ten un orzamento de 20.128 euros, así como 28.490 para outras pistas.

Tamén están previstos outros investimentos, como a colocación dun triturador de groso para auga da Edar, que ten un orzamento de 48.393 euros; a elaboración dun inventario de fincas rústicas urbanas por 17.424 euros ou mesmo a instalación de paneis nos sendeiros da ruta costeira, que están presupostados en 12.039 euros.

## Trabada pedirá 150.000 euros en axudas para catro proxectos

O Concello de Trabada durante o mes de febreiro tramitou varias solicitudes de subvencións á Xunta coa finalidade de mellorar infraestruturas e equipamentos cun importe superior a 150.000 euros, tal e como informou a alcaldesa, Mayra García.

Unha delas foi a que pediron para mellorar o acceso ao polideportivo de Sante e á fachada traseira do albergue de peregrinos. Tamén destinarase ao acabado da fachada do polideportivo que está en bloque de formigón sen enfuscar e comprarán sete bancos para poñer no trazado do Camiño de Santiago. Esta actuación ten un importe de 19.984,86 euros.

Así mesmo o Concello volveu solicitar, por segundo ano consecutivo, xa que o pasado foi denegada, unha axuda para mellorar as instalacións e equipamentos dos vestiarios do polideporti-

vo de Trabada, por importe de 45.041,14 euros. A actuación proxectada consiste na mellora da instalación e equipamentos dos vestiarios do polideportivo do Concello de Trabada, fomentando a realización da actividade física en espazos públicos en condicións de seguridade e protección. Tamén pediron financiamento para a adquisición dunha pala minicavadora por importe de 40.000 euros para realización de actuacións de protección do medio ambiente e do espazo natural.

Finalmente, solicitaron unha axuda para o acondicionamento e mellora dos accesos de Vilapercede a Cabana, a Portela e a Veiga desde a LU-P-6102, cun orzamento total de 52.088,53 euros. Con esta actuación levarase a cabo a limpeza de cunetas e a rexeneración do pavimento en 3 kilómetros de vías municipais.

“Como se pode comprobar, cremos que é importante mellorar e manter as estradas pero tamén mellorar o parque móbil do Concello contando con nova maquinaria que nos permita facer traballos que ata o día de hoxe, pola falta de medios, fanse contratando con empresas externas ou vémonos condicionados polas limitacións orzamentarias para levalas a cabo. Con estas actuacións melloraremos a vida útil das vías públicas”, di a alcaldesa. “Por outra banda, cremos que é importante levar a cabo actuacións que melloren a nosa contorna e que contribúan á eliminación de feísmos no rural. Son moitos os inmobles que rehabilitamos e cremos que levar a cabo actuacións de mantemento nos inmobles municipais, ademais de mellorar a súa utilidade mellora a estética e a imaxe do pobo”, conclúe.

## O Concello rebaixa a taxa da recollida de lixo

O goberno municipal de Trabada aprobará a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por recollida de lixo coa finalidade de diminuir as tarifas nun 10% a efectos de trasladar ós usuarios do servizo a rebaixa que Sogama (previa solicitude do propio Concello) fai ós concellos por importe do 10% no prezo do tratamento e eliminación por tonelada de lixo.

Polo tanto, terán unha bonificación do 10% do importe anual da tarifa todos os suxeitos pasivos de taxa, que se aplicará no recibo correspondente ao segundo semestre deste ano. Segun informa a alcaldesa, Mayra García Bermúdez, o Concello durante os últimos anos “veu desenvolvendo un importante esforzo” por achegar aos veciños contedores de

reciclaxe, tanto de residuos de envases lixeiros, como de vidro ou papel. “A día de hoxe estamos na fase de posta en marcha do quinto contedor e de dotación de composteiros que faciliten o reciclaxe do orgánico, dentro do compromiso de levar a cabo unha redución de residuos mediante o mantemento ou a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe”, indica.

“En definitiva, traballamos para conseguir melloras que repercutan de forma directa na calidade de vida, pero tamén establecer a bonificación no canon unitario que repercutirá nas persoas beneficiarias do servizo de recollida do lixo”, conclúe.



**NOVO PARQUE.** Xa remataron as obras de renovación do parque infantil de Trabada, realizadas nos últimos meses en virtude dun convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello. A intervención permitiu mellorar a seguridade do recinto xa que se pechou o espazo cun valado que protexe os menores dos vehículos que acceden ao aparcadoiro próximo.

## vegadeo

### Ascove organiza un concurso de reciclaxe e un sorteo o día 19

Desde o Centro de Formación para o Consumo de Vegadeo puxeron en marcha a actividade e o concurso Reutiliza e Crea o teu sombreiro, dirixida á poboación en xeral e na que, tamén, xa están a participar o CP Jovellanos de Vegadeo, así como algunhas familias e as persoas maiores do Centro de Día de Vegadeo.

Trátase de deseñar e elaborar un chapeu reutilizando residuos, tentando, deste xeito, sensibilizar á poboación sobre a importancia do coidado “do medio no que vivimos e no que todos e todas somos pezas fundamentais”.

Estableceuse unha categoría, en familia, aberta á participación de calquera unidade familiar de conviventes. O prazo de presentación dos traballos finaliza o próximo 22 de marzo, coincidindo coa chegada da tan primavera. Os interesados en participar poden consultar as bases ou poñerse en contacto coa asociación de comerciantes de Ascove.

**DÍA DO PAI.** Ademais, puxeron en marcha unha campaña con motivo do día do Pai co sorte de 200 euros en vales de compra entre os clientes do comercio e a hostalaría local.



O alcalde e o director de Administración Local, visitando as obras

## O Principado acomete obras en vías dañadas polos temporais

O director xeral de Administración Local, Manuel Calvo, visitou os traballos de reparación de varios viais de Vegadeo afectados polo temporal de choivas de 2019. En concreto, a consellería de Presidencia está a acometer obras en diferentes puntos da contorna dos núcleos de Folgueiras e A Coba por importe de 57.981 euros, concretamente en Meredo, Vixande, A Chispera e Murias de Abaxo.

O alcalde de Vegadeo, César Álvarez, explica que no encontro previo falouse da necesidade de actuar tamén na reparación do tramo de estrada de Folgueiras a As Cruces.

Considera “prioritario” dispoñer de proxecto este ano para acometer a actuación, valorada en 302.000 euros, nas dúas anualidades seguintes.

**ESCALPURA.** O Concello presentou tamén a súa escultura Dos Gemas, dedicada ás xemelgas Elisa e Jimena Fernández de la Vega, do autor afincado en Vegadeo, nado en Castropol, Javier Cancio Fernández, que desenvolve o seu arte no seu centro de traballo en Tapia. Esta obra foi presentada o Día Internacional da Muller. “Son un exemplo a seguir para toda a humanidade”, destacan dendo o consistorio.

## O próximo ano haberá servizo de Madrugadores

Coa finalidade de axudar a que as familias traballadoras poidan conciliar a vida laboral e familiar, o goberno municipal decide implantar o programa de madrugadores, que se levará a cabo durante todos os días lectivos de 8 a 10 da mañá dende setembro a xuño.

Este servizo está pensado para as familias que necesitan deixar os seus fillos no colexio antes de que comecen as clases e co obxectivo de cubrir todas as necesidades dos nenos e nenas, ofrecemos tamén a posibilidade de incluír o almorzo.

“En Trabada puxemos en marcha o PAI no ano pasado, durante os últimos cursos lectivos, agás este ano pola situación de pandemia que estamos a vivir, levamos a cabo o programa LUDISeráns, no cal os nenos e nenas de 3 a 12 anos podían realizar actividades extraescolares de 16h a 20h. No verán organizamos o campamento polas mañás e agora sumamos este programa de madrugadores porque cremos fundamental dende as Administracións Públicas axudar a conciliar a vida laboral e familiar”, di a alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

## O Concello exime á hostalaría do pago das taxas municipais un ano

O Concello de Cervo eximirá á hostalaría do pago dos recibos da auga (asumindo tamén o canon autonómico da mesma), do lixo, do saneamento e das terrazas durante un ano.

Así o anunciaron o rexedor do Concello, Alfonso Villares, e a edil de Facenda, Dolores García Caramés, que explicaron que “levamos tempo traballando co servizo de intervención e tesourería para buscar a fórmula para poder botarlle unha man a este sector que é un dos máis damnificados pola crise sanitaria, e que sufriu e segue a sufrir en primeira persoa as restricións e limitacións derivadas da crise sanitaria”.

Tal e como precisan “levamos un ano de pandemia, case 12 meses nos que a nosa vida cambiou de xeito radical; o que afectou de

maneira especialmente sensible ao sector da hostalaría e da restauración que tivo que asumir sucesivos peches e continuas modificacións adaptando a súa maneira de traballar”.

**NOVO ANO.** O 2020 foi un ano nefasto, e neste 2021 no que agardamos pouco a pouco poder ir recuperando unha certa normalidade; “coa exención destas taxas o que pretendemos é botar unha man a este sector, contribuindo así ao impulso dunha actividade económica fundamental no noso municipio”.

A edil e o rexedor recordaron que durante o 2020 xa se foron tomando medidas nesta liña para axudar ao sector na medida do posible “non se cobrou a taxa do lixo desde mediados de mar-

zo e ata que se levantou a obriga de peche aló polo mes de maio; tamén se facilitou a ampliación das terrazas nos espazos públicos sempre que foi posible; e desde o 15 de marzo non se emitiu ningún recibo pola ocupación da vía pública”.

A modificación das ordenanzas para poder suprimir o cobro destas taxas durante un ano será levada a pleno “e contamos que antes do verán poida xa estar en vigor”. Por esixencias normativas, a partir desa data, con carácter bimensual, emitiranse recibos por un valor absolutamente simbólico de ao redor dun euro.

Esta axuda súmase ao plan de reactivación económica e social dirixido a todas as persoas autónomas do Concello que se puxo en marcha no pasado exercicio.

## Un videoclip de Xaime Miranda, finalista dos Mestre Mateo

O videoclip *Muinheira de Interior*, gravado na Área Etnográfica de Morás por Boyanka Kostova e dirixido polo cervense Xaime Miranda é finalista na categoría de mellor videoclip aos premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual. Miranda xa gañara un destes galardóns por *Esquimales*, de Herdeiros da Crus. “Pioneiros do trap en galego, impulsores do twerking rural, padriños do flow costumista de pobo... Boyanka Kostova é o duo galego responsable do maior crossover do trap en España”, segundo son definidos.

Herdeiros de grandes mitos como Os Resentidos e Siniestro Total, utilizan sen miramiento os ritmos e sons urbanos para dar voz á contorna rural. O trap descontextualizado e sen liñas vermellas, outro tipo de glamour. Esta é a continuación da Nova Canción Galega, un traballo con maior liberdade creativa e un sorprendente achegamento a distintos xéneros. Destaca o experimento de *Muinheira de interior* como unha inédita e xenial mestura de muñeira e trap. Os Mestre Mateo están organizados pola Academia Galega do Audiovisual (AGA) e chegan nesta ocasión á 19 edición. Presentáronse 146 obras e 424 candidaturas profesionais e entregáronse o 10 de abril no Teatro Colón da Coruña co recoñecemento a 25 categorías, das que nove son de produción e 16, profesionais.

## Realizan un control ecolóxico do Paseo dos Namorados



Traballos de supervisión do estado das árbores

O Concello está a realizar tarefas de control e eliminación da Acacia Melanoxylon, unha especie procedente do sueste de Australia e Tasmania altamente invasora e que representa unha ameaza para a biodiversidade e a paisaxe galegas. A edil de Medio Ambiente, Mali Méndez, achegouse ata a contorna do Paseo dos Namorados onde se están a levar a cabo estas tarefas, para coñecer de primeira man o proceso que consiste no control da acacia “a través dun método ecolóxico consistente en eliminar a casca dende o chan ata aproximadamente 1,5 metros de altura”.

O que se busca con este proceso é entorpecer os sistemas de transporte de nutrientes da árbore, de xeito que o zume elaborado non

poda circular pola planta e chegar á raíz. Como consecuencia tanto a raíz como os demais órganos da planta secarán.

Nas últimas semanas, actuouse sobre máis de 200 acacias detectadas no espazo natural de Sargadelos, que proliferan dada a súa gran capacidade de adaptación ás condicións climáticas que fai que está especie estea actualmente descontrolada.

A gran capacidade invasora desta árbore débese a varios factores como pode ser a súa capacidade de rexeneración, a alta efectividade na dispersión e xerminación de sementes ou o seu poder para eliminar potenciais competidores baixo a súa copa ao liberar substancias que iniben o crecemento.

## Levarán o saneamento ao lugar de Santomé, en Vilaestrofe



Técnicos e veciños reunidos estudando o lugar onde se realizarán as obras

O Concello de Cervo destinará 47.403,81 procedentes do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia, para levar o saneamento ao lugar de Santomé, na parroquia de San Román de Vilaestrofe.

O rexedor, Alfonso Villares, e a edil de Obras, Mali Méndez, mantiveron un encontro co pedáneo da zona, Antonio Vila, e cunha representación da veciñanza, para explicarlles polo miúdo o proxecto que se executará nos vindeiros meses.

Os traballos consistirán no soterramento das canalizacións de saneamento, telecomunicacións e alu-

meado público e na pavimentación da vía que transcorre por Santomé aproveitando para recuperar a condución das augas pluviais polo seu curso natural. Villares apuntou que se trata dunha actuación importante, “son obras que non se ven, que están soterradas, pero que son moi necesarias para seguir a mellorar a calidade de vida dos cervenses”.

Con esta actuación preténdese favorecer o soterramento do cabreado para logo, nunha segunda fase, proceder á execución das instalacións de depuración das augas residuais.

## Clases de ioga on line todo o mes, polo Día da Muller

O Concello de Cervo adica este mes ás mulleres cunha serie de actividades.

Así, durante marzo ofreceranse sesións virtuais de iniciación ao ioga cada martes e xoves, ás 16:30 horas, a cargo da profesora titulada Nuria Torrado.

Ademais, desde o luns 8 de marzo, e durante todo o mes, per-

manecen iluminados de morado os diferentes edificios e infraestruturas públicas (casa do Concello, casa da cultura, fonte do parque Reina Sofía, ruínas das fábricas de salazón, Escolas Vellas de Cervo...).

Ademais, programáronse un curso virtual co título Que muller che inspira?



**DÍA DA MULLER.** O Concello de Cervo fixo unha homenaxe pública a todas as mulleres que durante o confinamento coseron máscaras de forma altruísta. Baixo o título Puntadas de Solidariedade, o ente municipal adicoulles o Día da Muller. As homenaxeadas foron Mari, Angelines, Victoria, Adeli, Margarita, Carmen, Mari Luz e Nati, ademais de Félix e Eulogio.

## Novo investimento no polígono industrial cervense de Cuíña

A Consellería de Economía, Empresa e Innovación destinou 231.000 euros a habilitar un punto de recollida e selección de residuos así como unha vía de acceso á depuradora de San Cibrao no polígono industrial de Cuíña, en Cervo.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, visitou as novas dotacións acompañado polo alcalde, Alfonso Villares, entre outros. Destacou que as actuacións foron financiadas polo Goberno galego nun 80% ao abeiro do programa de achegas para a mellora dos parques empresariais galegos, que lles permite tanto corrixir posibles carencias como adaptarse ás novas necesidades e incorporar máis servizos. En suma, afirmou Arias, pretende “ofrecer ás empresas infraestruturas e servizos que lles permitan ser competitivas”. No caso do parque de Cuíña, a Xunta apoiou con 120.000 euros as obras de construción dun punto de recollida, selección e clasificación de residuos non perigosos, para o que se acondicionou unha parcela de propiedade municipal de 1.641 metros cadrados, contigua á nave na que estacionan os vehículos de recollida de lixo do concello.



O alcalde con Javier Arias, supervisando as obras

Entre as actuacións executadas figuran o acondicionamento do terreo, construción de muros de compartimentación e de peche, instalación da rede de recollida de augas pluviais e acondicionamento de accesos. Neste sentido, a entrada xeral realízase a través dunha porta automática de 5 metros de lonxitude para permitir un cómodo acceso dos vehículos pesados. Ademais, hai unha conexión directa coa zona de estacionamento dos vehículos municipais do servizo de recollida de residuos.

Pola súa banda, 111.000 euros foron

destinados a construír unha nova vía con aparcamentos para acceso á Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de San Cibrao. Sobre a traza preexistente, ampliouse e pavimentouse a plataforma, e engadiuse unha beirarrúa para maior seguridade tanto dos peóns como dos vehículos que transitan pola zona, en boa parte tráfico pesado. Así mesmo, acondicionouse unha área de estacionamento, e completáronse os traballos coa instalación de sumidoiros, iluminación pública e sinalización.

## Renovan as luminarias na zona de xogos da praza dos Campos



Visita do alcalde á posta en marcha das novas luminarias

O Concello de Cervo vén de reforzar substancialmente a iluminación na zona de xogos da Praza dos Campos e da céntrica rúa Beirmar, en San Cibrao, coa instalación de varios novos farois de tecnoloxía LED. A actuación supuxo un investimento que supera os 10.000 euros procedentes de fondos municipais.

O rexedor, Alfonso Villares, e a tenente alcalde Dolores García Caramés, acompañados por técnicos municipais, achegáronse ata

o lugar esta pasada noite coincidindo co acendido das novas luminarias para comprobar in situ a mellora que supoñen para esta zona constatando “o incremento notable da visibilidade e tamén da seguridade en toda esta contorna tan transitada pola veciñanza”. A nova instalación vai en consonancia coa filosofía do Concello de Cervo que aposta así pola enerxía máis limpa, sustentable e eficiente en cada nova actuación que se promove no municipio.

## Ourol abre o prazo para solicitar as axudas por nacemento

O Concello de Ourol abriu unha nova quenda de axudas, nesta ocasión co obxectivo de fixar poboación no termo municipal. Deste xeito publicou as axudas por nacemento, adopción ou acollemento de fillos. A contía das axudas é de 600 euros e poderán solicitarse durante todo o ano.

As familias do municipio poden optar a esa subvención por cada un dos nenos ata que cumpran tres anos de idade. Dentro dos requisitos está que polo menos un dos proxenitores debe estar empadroado no Concello cunha antigüidade mínima de nove meses e continuar durante un ano despois do cobro.

As axudas deben solicitarse no departamento de servizos sociais do Concello.



## Reemisor TDT da Roca

Toda a veciñanza que recibe a televisión polo reemisor de TDT da Roca (Xerdiz), pode sintonizar os novos canais de televisión no canal 36.

Con esta obra remátase o obxectivo do equipo de goberno, de dotar este centro de todos os canais dis-

poñibles en aberto, para que toda a veciñanza teña a mesma oferta de canais independente do lugar onde reside.

A inversión ascendeu a 6.413,00€ que se suman aos 8.999,00€ invertidos no ano 2016.

## A Deputación inviste nas obras de catro vías do rural

A Deputación Provincial de Lugo aprobou na súa Xunta de Goberno o Plan de Seguridade e Saúde para acometer as obras de mellora en catro vías provinciais ao seu paso polo concello de Ourol, nas que a institución inviste 250.000 euros.

Trátase das estradas LU-P-6602, que vai de Rúa Nova a Muras; LU-P-3805, que comunica as parroquias de Bravos, Ambosores e Sixto; LU-P-3808, que une os núcleos de Foxo a Portapena, e a LU-P-6404, de Cristo da Pena ata Ponte Segade.

## A biblioteca municipal implanta un servizo de whatsapp

A biblioteca de Ourol ofrece un novo servizo de whatsapp para facilitar a comunicación entre os usuarios e usuarias do centro e a propia organización da mesma. O obxectivo deste instrumento de comunicación, é que os veciños podan enviar propostas de libros para que o centro merque, facer reservas, renovar os libros xa prestados e mesmo recibir suxestións ou calquera comunicación. O número é o 608 694 051.



## a pontenova

## Destinan o Plan Único á mellora de vías e obras na contorna de Bouloso

O Concello da Pontenova prepara estes días a finalización dos traballos que corresponden ás obras do Plan Único do ano pasado. "A situación da covid impediunos rematar moitas das obras que estamos acometendo agora", explica o alcalde, Darío Campos.

Así, nestes intres están finalizando obras de aglomerado en quente en varias vías, como a de Candaedos ou a de Souto de Novos, así como a de Villarín e outra estrada da zona, todo elo por valor de 135.000 euros. Ademais destas vías, tamén se están a facer arranxos con formigón en distintos núcleos, que supón un total de 30.000 euros de presuposto.

O grupo de Goberno traballa en preparar os proxectos para os traballos que se acometerán coa partida do Plan Único correspondente a este ano. Así, está previsto nun primeiro momento destinar unha das partidas á reparación de estradas en Vilar

de Conforto, Bouloso e Vilameá. Así mesmo, teñen previsto reconstruír un antigo muro no forno de Bouloso, un muro que había de antes e que co paso do tempo e as inclemencias meteorolóxicas foi-se resquebrando. A intención é reconstruír o muro e continuar co arranxo con formigón nos núcleos poboacionais, non só nos accesos senón en todos os puntos que se atopen en mal estado.

O alcalde avanzou que están esperando o plan de axudas das deputacións para tomar dende o Concello algunha medida para de apoio aos negocios locais máis afectados. Asegura Campos que "estamos pendentes das subvencións destes organismos tamén para elaborar os nosos orzamentos e saber a disponibilidade que temos á hora de establecer novas axudas". A intención é poder aprobar os orzamentos municipais este mes ou o que vén.

## Acondicionan un paseo natural entre os ríos Eo e Turia



Traballos de construción do paseo estes días na Pontenova

O Concello da Pontenova iniciou unha novas obras de mellora da contorna natural do termo municipal. Concretamente están actuando na área natural comprendida entre os ríos Eo e Turia, onde se está a facer unha zona de paseo e lecer para goce dos veciños.

Os traballos céntrase estes días na colocación de pedra para o paseo, que terá un ancho de 1,50 metros en toda a súa extensión,

a limpeza da zona e tamén a colocación de tres mesas de canteiría para que se podan facer reunións, en canto a situación sanitaria o permita.

O obxectivo do Concello é ter terminado o acondicionamento desta ampla zona antes de que remate o mes para que poida utilizarse coa chegada do bo tempo. Este proxecto, con cargo a Red Natura, ten un orzamento de 24.000 euros.


## Ampliado o prazo para participar no programa Xuntos pola compostaxe

O Concello da Pontenova ampliou o prazo para participar no programa Xuntos pola compostaxe, organizado xunto aos concellos de A Pastoriza, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e Riotorto, co apoio financeiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional. O obxectivo é reducir a fracción orgánica dos residuos.

O proxecto está pensado para a participación de preto de 1.000 veciños, repartidos entre os 6 concellos, que recibirán de forma gratuíta os correspondentes medios materiais para a elaboración de compost, ao mesmo tempo que formación e asesoramento continuado no proceso.

Os interesados en formar parte do mesmo volven ter unha segunda oportunidade para anotarse antes do 30 de marzo ou ata cubrir o límite de prazas. Só será necesario chamar ao Concello facilitando os datos persoais e dispor dunha horta ou xardín de polo menos 50 metros cadrados.

## lourenzá



**DÍA DA MULER.** A concelleira Mercedes Dengra e a educadora familiar do Concello de Lourenzá, Dolores Villasuso, penduraron nas farolas da vila carteis conmemorativos do Día da Muller

## O PP reclama actuacións urxentes no edificio do PAI

O voceiro do PP, Javier Rodríguez, pide ao goberno local, como medida preventiva, a retirada dos paneis que quedan revestindo o edificio municipal da Casa da Xuventude e o Punto de Atención á Infancia tralo desprendemento dunha das chapas do lateral que rematou por caer na beirarrúa, un problema que se repite periodicamente. "Garantir a seguridade dos veciños, peóns que circulan pola zona e usuarios do PAI é o prioritario; mentres non se chegue a

realizar a obra de mellora que tanto tempo leva anunciando", expón. O popular critica a actitude "pasiva" do goberno ante este asunto porque "levamos dous anos advertindo do perigo e incluso no pleno de setembro do ano pasado preguntamos de novo ao equipo de goberno se agardaban a que houberse danos a terceiros para arranxar este problema; pero a alcaldesa escusouse dicindo que se se quitaban as chapas, se producirían filtracións de auga.

## Amplían o prazo para as obras do campo de adestramento



Visita ás obras do campo de adestramento de Lourenzá

A Xunta de Goberno tamén aprobou ampliar o prazo para a execución das obras do campo de fútbol de adestramento de Lourenzá, poñendo como data límite o 31 de maio. As actuacións, financiadas con 255.000 euros pola Deputación, consisten na pavimentación da superficie do campo con céspede artificial para favorecer a práctica deportiva dos 100 rapaces que empregan estas instalacións a diario.

Os traballos realizados consistiron no movemento de terras e escavación en baleirado para a instalación

do firme e dos pavimentos; drenaxe con canaletas nos laterais do campo, tubaxes de PVC e arquetas de fábrica de ladrillo, e bordos de formigón nos fondos do campo. En canto á pavimentación, esta levará un tratamento superficial de base herbicida e base de zorra artificial de 20 cm. Así mesmo, dotarase dunha rede de rego con aspersores emerxentes, depósito prefabricado enterrado de 20m3 e un grupo de bombeo. Por último, instalárase unha estrutura para balóns de 6ms de altura e 4 picas de córner.

## Acial fixo públicos os premiados nos concursos de Entroido

A Asociación de empresarios de Lourenzá (Acial) xa ten gañadores do seu concurso de disfraces de Entroido.

Mentres en disfraces, na categoría individual infantil o gañador foi Don Palillo, seguido de Elfo da Camelia e Tiburón. En parellas gañou Navegando un Soño, seguido de Espantallos amigos e A domadora e o leonciño. En grupo o gañador foi o dorsal co título Casi está o cocido, ao que seguiu Os monstros de cores.

En adulto o gañador foi Desdentado, ao que acompañaron Volvamos al país de las maravillas e Dama de papel laurentina. En parellas o ouro foi para A covid-19 acaba coa hostalaría, seguido de Cuadros de Picasso e Muñequitas juguetonas. Finalmente, en grupo gañaron Os cabezudos de cartón, ademais de Os de Lourenzá e Tanto me ten single ladies. Tamén houbo premio para o máis chistoso, que recaeu en Pancho Villa.

No vídeo sobre o Domingo de Piñata, o primeiro premio foi para Habelas Hainas, seguido de A Choca de Macanudos.



# DEPUTACIÓN



## A Deputación presenta o Plan de Impulso da Economía

A Deputación presentou un Plan de Impulso da Economía da Provincia dotado con 7M€, o que supón o 8% dos orzamentos da institución provincial. “Seguiremos contribuíndo a paliar o impacto da pandemia con 10 medidas de apoio, promoción e incentivo do consumo nos sectores económicos máis afectados polas restricións sanitarias, sobre todo a hostalería, o turismo e o comercio local”, subliñou José Tomé.

**BONOS.** Inxección económica de máis de medio millón de euros (510.000€) nos negocios hostaleiros e comerciais de todos os concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes co reparto duns 17.000 bonos, cun importe de 30€ cada un deles, para consumir ou para mercar nos establecementos.

**COÑECE A TÚA PROVINCIA.** A Deputación poñerá en marcha un novo programa, denominado Coñece a túa provincia, dotado con 200.000€ e destinado a fomentar o turismo de proximidade entre os veciños e veciñas da propia provincia de Lugo, o que contribuirá á recuperación sostible do sector turístico e da hostalería. Este programa está dirixido a entidades sen ánimo de lucro de toda a provincia, e ofrece viaxes en pequenos grupos.

**SABOREA A TÚA PROVINCIA.** Co obxectivo de promocionar e incentivar o consumo dos produtos de calidade, a Deputación lanzará o programa Saborea a túa provincia, que consiste en xornadas gastronómicas e lúdicas por toda a provincia, unha cada fin de semana, na que cociñeiros e cociñeiras lucenses colaborarán con establecementos locais para ofrecer pratos con produtos típicos de cada zona. Ademais, haberá actividades para todos os públicos. Tamén ofrecerá, as fins de semana,

actividades de turismo activo e deportivo, e actividades fluviais.

**CATAMARÁN POLA RIBEIRA SACRA** Entre outras actuacións de promoción da Ribeira Sacra no ano no que aspira a ser declarada Patrimonio da Humanidade, a Deputación fomentará as rutas fluviais en catamarán sorteando viaxes, o que potenciará aínda máis o efecto multiplicador que este servizo turístico público terá sobre a economía da zona.

A todo isto sumarase o impacto do paso pola provincia da Volta Ciclista a España 2021, que terá como final de etapa Monforte o día 3 de setembro.

**LUGO TERMAL.** Como medida para aumentar o beneficio directo do programa Lugo Termal nos balnearios da provincia –en Lugo, Pambre e Pantón–, a Deputación amplía os beneficiarios deste bonos, de modo que poidan participar maiores de 50 anos, e cun acompañante que non teña necesariamente esta idade. Lugo Termal ofrece descontos aos veciños e veciñas para facilitarlles o acceso a estes establecementos e recibir terapias mineiromedinais.

**PROMOCIÓN DO TERRITORIO.** A Deputación inxectará 100.000€ nos colectivos que impulsan o desenvolvemento do territorio con proxectos vinculados ao medio ambiente e ao rural. Como exemplo do tipo de iniciativas aos que vai dirixida esta medida, o Presidente puxo o plan de recuperación, conservación e aproveitamento económico dos soutos da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, finalista nos premios Copa de España Creativa 2020, que recoñecen os proxectos máis innovadores e creativos para favorecer o desenvolvemento do territorio.

**TECIDO ASOCIATIVO.** No marco da colaboración directa e permanente

que a Deputación mantén co tecido asociativo, este ano destinará máis de 1M€ para asociacións do eido social, económico, turístico e audiovisual.

**DIXITALIZACIÓN.** A Deputación destina 1,7M€ para mellorar a competitividade e a rendibilidade do tecido empresarial a través das novas tecnoloxías cun programa gracias ao que, polo menos, 770 autónomos e PEMES da provincia diversificarán e modernizarán a organización da súa empresa, tamén tecnoloxicamente.

**EMPREGABILIDADE.** A Deputación dispón 370.000€ para a formación de máis de 250 persoas desempregadas de longa duración, en sectores con gran potencial de emprego na provincia, como son: a atención sociosanitaria a dependentes, e a renovación xeracional no sector vitivinícola, isto último tendo en conta que a Ribeira Sacra aspira a ser declarada este ano Patrimonio da Humanidade, o que pode dar tamén un impulso ao coñecemento dos viños desta denominación.

**FORMACIÓN DE DESEMPREGADOS.** Dentro do seu compromiso para ofrecer oportunidades á mocidade que no encontra emprego para que poida facer o seu proxecto de vida na provincia, a Deputación dedica 2,3M€ para promover un programa de fomento do emprego dirixido a 600 mozos, a través do cal poderán traballar en empresas, en especial, en entidades do Terceiro Sector.

**PLAN ÚNICO.** A este novo decálogo de 10 medidas, súmase a liña Covid do Plan Único, grazas á que os concellos poden dispoñer de fondos para medidas sociais e económicas contra a covid, e, máis en concreto, para apoiar ao sector servizos, a hostalería, o comercio e o turismo.

## Reclama á Xunta máis financiamento ao SAF

A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia que incremente a financiación para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) logo de levar dez anos destinando os mesmos recursos. Así o acordou o Pleno provincial coa aprobación dunha moción socialista que contou co apoio do BNG e abstención do PP, que pretende reforzar un dos piares do estado de Benestar na provincia.

O responsable provincial da área de Promoción Económica e Social lembrou que este servizo ten por obxecto previr e atender situacións de necesidade prestando apoio de carácter doméstico, social, educativo, rehabilitador ou técnico e acusou ao Goberno autonómico de “mala praxe” por traspasar a responsabilidade aos Concellos sen axudarlles coa financiación.

“Basta xa de cargar ós concellos e ós veciños con responsabilidades e custos que non lles corresponden”,

denunciou Rivera, que lamentou que a Xunta de Galicia manteña conxelado, dende fai dez anos, o financiamento do SAF. O Deputado socialista reprochou que o Goberno autonómico, cun orzamento de 11.563M€ destine 9,70 euros por hora para este servizo que ten un custe real de entre 18 e 22€, sendo os concellos e as persoas os que asumen ese desfase. Defendeu o responsable de Promoción Económica e Social que, cun presuposto de só 92,5M€, a Deputación de Lugo dedica ao SAF case 12€/hora nos orzamentos 2021.

Pablo Rivera explicou que as competencias en materia de Servizos Sociais están atribuídas á Xunta, e que o seu traspaso ás entidades locais, segundo recolle a Lei, “deberá ir acompañada da transferencia dos medios económicos, materiais e persoais que resulten necesarios para o seu adecuado exercicio”.



Instalación de luminarias

## Comeza a instalación de luminarias do Plan ilumin@

A Deputación xa comezou a substituír as luminarias existentes por outras de tecnoloxía LED de baixo consumo nos 38 concellos da provincia adheridos ao plan de aforro enerxético ILLUMIN@. En concreto, os traballos xa están moi avanzados nos municipios de Baralla, Cospeito, Láncara, Begonte e Castro de Rei e no resto están a piques de comezar, logo de rematar todas as accións da primeira fase de supervisión de instalacións municipais.

Xa remataron as visitas en todos os concellos adheridos ao plan que realizou o persoal técnico da Axencia de Enerxía da Deputación de Lugo, representantes da empresa que prestará o subministro en cada unha

das zonas e da empresa que dá asistencia técnica ao plan. Neste proxecto están involucrados 38 municipios da provincia que decidiron adherirse para mudar luminarias convencionais por outras LED que consuman e contaminen menos.

A Deputación adjudicou o contrato en preto de 530.000 euros e divídese en tres lotes, cada un por unha zona xeográfica da provincia. O prazo de execución dos traballos é de 6 meses. O Lote 1 correspóndese coa zona norte e foi adjudicado á empresa Manuel Novoa Castro SLU e inclúe os concellos mariñoas de Burela, Riotorto, Lourenzán, Ourelo, Mondoñedo, O Vicedo, Alfoz, Trabada e O Valadouro.

# DEPORTES

## Piragüistas ribadenses convocadas para a selección

As piragüistas ribadenses Andrea Rodríguez, Ángela Fernández e Lara Suárez foron convocadas pola Federación Galega de Piragüismo para a concentración de Muller Cadete en Cabanas. Deste xeito, o Altruán Ribadeo convítese nun dos clubes con máis deportistas convocadas. As tres, súmanse así á lista de deportistas convocados, despois de que Nicolás Gayol fose chamado xa no mes de xaneiro. Houbo tamén representación de varios deportistas da comarca, como Nerea Debasca Calvo, do Kayak de Foz, e Ainhoa Riveiro Trancos, de Viveiro.

## Fer Vallines, campión galego de peso

Fer Vallines proclamouse campión en peso sub18 no campionato galego de pista cuberta celebrado en Ourense para reabrir a competición tralo covid. O atleta de Lourenzá fixo un magnífico lanzamento de 13,29 que lle valeu o ouro, malia estrear categoría e peso de 5 kilos. En segunda posición quedou Samuel Freiria (Celta Vigo con 12,72) e concluíu terceiro Álvaro Rey (Universidade de Santiago) con 11,66. Fernando alcanza así o seu sexto título galego. Ademais, Manu Rodríguez en triplo salto, remataba quinto con 11,84 e Alberto Ratoeira quinto de serie nos valados con 11,32.

## Aprazan o II Xove Costa Trail a setembro

A organización do que será o II Xove Costa Trail decidiu aprazalo ata o mes de setembro ou outubro en vista da situación sanitaria que atravesa o país Fai un ano (concretamente o 19 de febreiro de 2020), o Comité Organizador do Xove Costa Trail organizou, xunto coa dirección do colexio de Xove, unha pequena andaina para todos os nenos do Concello, e na cal tamén participaron os profesores.

A iniciativa foi tan ben acollida que quedou acordado que habería novas edicións pero, en vista das circunstancias, decidiron aprazar este evento para celebrar entre mediados do mes de setembro e mediados do mes de outubro, "evidentemente seguindo todos os protocolos sanitarios e normas vixentes para aquelas datas, e con todos os permisos das autoridades pertinentes".

# Volve o fútbol e o fútbol sala autonómico

Este mes iniciaránse as competicións en todas as categorías agás en Preferente masculina de sala

As competicións de fútbol e fútbol sala reiniciaránse finalmente este mes tras a volta á normalidade, aínda que o farán seguindo unhas características especiais, xa que as competicións terán unha configuración exprés, cunha duración estimada de entre 10 e 16 semanas. En principio arrincarán a finais de marzo. Para fútbol serán as categorías de Preferente Galicia, Primeira División feminina, Liga Galega xuvenil, División de Honra cadete, Liga Galega cadete, Liga Galega infantil e tamén se suma a Liga Galega infantil feminina.

Como normativa este ano, as competicións ofrecerá unha listaxe dos correspondentes ascensos, pero non haberá descensos, sen que iso impida a posibilidade de descensos administrativos a modo de sanción pola comisión de infraccións graves.

Á vista da tardía data de inicio das competicións debido ás medidas adoptadas polas autoridades sanitarias a causa da pandemia, así como en previsión de posibles suspensións temporais por causas de



forza maior, acórdase que o remate da tempada podería ir máis aló do 30 de xuño.

Outra das decisións que se tomaron é que esta tempada 2020/2021 non haberá cobertura de vacantes no suposto de renuncias por non inscrición nas distintas categorías debido á necesidade de acomodar as categorías aos seus formatos anteriores ás circunstancias extraordinarias derivadas da pandemia. Tampouco rexerá ningún límite de xornadas para que se permita o cambio da orde de campos.

Na categoría de Preferente de fútbol decidiron competir o 80% dos

equipos, nas Ligas Galegas de base o 93% e nas Femininas (Primeira División Galega e Liga Galega infantil) inscribíronse o 70% dos equipos. Na provincia volveron apuntarse os mesmos que na anterior ocasión agás o Milagrosa e o Friol femininos infantís, polo que non haberá representación luguesa este ano nesa categoría.

Si estará representada a provincia en Preferente por Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana e Lemos, trala retirada do Escairón. En categoría xuvenil competirán Residencia, Viveiro, Vilalbés B e Calasancio. Todos, agás o Residen-

cia estarán en cadete, onde tamén participará o Milagrosa e o Lugo B. En infantil só tres equipos, Viveiro, Lugo e Residencia. En División de Honra cadete só estará presente o Lugo.

Na categoría feminina sénior de Primeira participarán Antas, Friol B e Lugo.

En fútbol sala, a única categoría na que non haberá competición será a Preferente masculina dada a baixa inscrición de equipos. Polo tanto, os apuntados, Rábade, Meigallos e Guitiriz non xogarán este ano.

No resto das categorías masculinas activadas pola RFGF (Liga Galega xuvenil, División de Honra cadete, Liga Galega cadete, Liga Galega infantil e Liga Galega alevín), a porcentaxe de inscrición de equipos é do 84%.

No caso das femininas, a Preferente si que terá competición ao inscribirse o 78% dos equipos. Nas demais categorías autonómicas (Liga Galega xuvenil, Liga Galega cadete, Liga Galega infantil e Liga Galega alevín) a porcentaxe de equipos inscritos é do 70%.

## Cervo cede o uso das pistas da Veiga ás escolas de Lourenzá



Visita dos representantes municipais e das escolas deportivas ás pistas

O Concello de Cervo e as Escolas Deportivas de Lourenzá veñen de asinar un convenio de colaboración co obxectivo "de promover a práctica do atletismo, que tan arraigada está nesta localidade veciña, tamén entre a nosa veciñanza".

Así, o rexedor de Cervo, Alfonso Villares, e o edil de Deportes, David Rodríguez, mantiveron un encontro coa alcaldesa de Lourenzá, Rocío López, e co presidente das Escolas, Pablo Maseda, no que perfilaron

todos os detalles sobre a cesión das pistas de atletismo do Complexo Deportivo da Veiga durante a tempada; que poderán ser utilizadas por esta entidade para as competicións, torneos, adestramentos e exhibicións que así o requiran.

Tal e como explicaron, con esta cesión, cunha vixencia inicial ata o 31 de decembro con carácter prorrogable, "logramos que as pistas municipais de atletismo recobren vida".

## Abre o prazo para anotarse ao campus Trinat de Barreiros

Barreiros convertírase nun punto de referencia nacional de triatlón coa celebración, na primeira fin de semana de maio, concretamente os días 30 de abril e 1, 2 e 3 de maio do Campus Trinat Experience III dirixido ao público en xeral, para o que o prazo de inscrición xa está aberto.

Esta terceira edición do Campus Trinat Experience incluír un acuatlón, rutas en bicicleta e a actividade central denomina Triatlón de Barreiros. Aínda que a estrela será o surf cunha visita á praia das Catedrais.

O Campus, organizado polo Club Trinat e apoiado desde o Concello de Barreiros, incluír ademais outras actividades complementarias que se presentan como unha oportunidade para a promoción da zona, como a práctica de surf, sendeirismo ou actividades que poderán estar abertas á poboación en xeral sen necesidade de tela



practicado previamente ou contar con ficha federativa.

As probas terán distintas distancias para adaptarse ás condicións das persoas participantes ademais dun protocolo adaptado á situación sanitaria, plenamente realizable ao tratarse dun grupo reducido e de actividades ao aire libre.

A inscrición pode facerse a través da web [www.clubtrinat.com](http://www.clubtrinat.com) ou do correo [info@clubtrinat.com](mailto:info@clubtrinat.com).

# Relevo á fronte do Pescados Rubén

Sito Rivera substitúe ao alfocego Juanma Marrube na dirección do equipo técnico do club burelés

Tomás de Aquino Rivera Amorós, máis coñecido como Sito Rivera (Mataró, 1956), xa dirixe o Pescados Rubén Burela FS. O técnico catalán foi presentado oficialmente onte, acompañado polo presidente da entidade Manuel Blanco, que destacou a súa "ampla experiencia internacional" como a gran calidade do novo adestrador laranxa para que os mariñáns cumpran coa meta de seguir soñando entre os mellores.

Despois de pechar a súa etapa á fronte do Manresa FS o sábado con empate 4-4 ante Salou, Sito Rivera puxo rumbo onte a terras galegas e xa tivo esta mañá a súa primeira toma de contacto co cadro para dirixir a primeira sesión pola tarde. O que foi seleccionador Romanía, Hungría, Italia, Libia e Kuwait, cunha enriquecedora traxectoria ademais no fútbol sala xaponés, chega á Mariña para asumir a rendas dun bonito proxecto ata final de tempada, de gran calidade e con grande estrutura: "É un dos mellores equipos en canto estrutura da mellor liga, a española. Para min non é un orgullo, é un premio" explicaba o técnico sobre o parque de Vista Alegre.

"Veño con moita ilusión para poder axudar a un cadro de grandes xogadores, como é este. A clasificación manda, sen dúbida. Temos por dian-

te o reto da permanencia, aínda que eu non renuncio a nada. Coa vitoria a Viña Albali e o empate en Zaragoza os xogadores demostraron que poden; o problema radica en que se estea predisposto animicamente a dar un pouco máis. Estes dous resultados poden axudar e eu veño aquí para non renunciar a nada" aseguraba Sito Rivera, destacando as sólidas vimbias dos laranxas.

Sito Rivera releva así aunha figura de gran trascendencia no Pescados Rubén, Juanma Marrube. A directiva da entidade laranxa tomou "esta difícil decisión, unha decisión moi meditada, co fin de atopar o revulsi-vo necesario para dar garantías aos obxectivos marcados para a tempada", explicaban

"Juanma Marrube representa a grande esencia desta familia. O Mariskal e o club compartiron moitos dos momentos de ouro do fútbol sala mariñán". O sempiterno 8 laranxa ofreceu grandes tardes sobre o parque, etapa á que puxo fin en 2014 para asumir a secretaría técnica da entidade laranxa. Tras o seu debut como técnico do asturiano Boal FS, de Segunda B, en 2017 asumiu as rendas do Pescados Rubén para abandeirar o regreso a Primeira, conquistando o ascenso á elite en 2018-19, e outorgando dúas Copas Galicia para a vitrina burelista.



**HOMENAXE** O Concello de Burela recibiu o Pescados Rubén Burela FS no consistorio para homenaxear o histórico 9 de xaneiro, data gravada xa na Historia Laranxa pola consecución do dobre de títulos. O alcalde, Alfredo Llano, e o concelleiro de Deportes, Ramiro Fernández, fixeron entrega dun obsequio conmemorativo aos capitáns, Peque e Edu, en compañía do presidente laranxa, Manuel Blanco.

## Chamada ás bases

Xunto ao xuvenil, en División de Honra, agora tamén se poderán sumar á competición outras 4 categorías para as que o Pescados Rubén Burela FS ten a inscrición aberta en alevín, infantil e cadete, en Liga Autonómica, ademais de Preferente Galicia Feminina.

Para formalizar a matrícula tan só deberán cubrir os datos a través da web da entidade laranxa.

Cada equipo terá un máximo de 15 licenzas. Michel Couceiro será o adestrador de Preferente e alevín, Mario Pillado estará á fronte do infantil e Christian Fustes dirixirá o cadete.

O inicio ligueiro está previsto para o 27-28 de marzo.

Para informarse poden escribir ao correo [escuelasdeportivas@burelafs.org](mailto:escuelasdeportivas@burelafs.org) ou chamar ao número de teléfono 670321857.

## O Concello de Burela entrega material á escola de atletismo

A Concellería de Deportes fixo entrega material deportivo ao club de atletismo local. O edil Ramiro Fernández Rey considera que o club está traballando moi ben e subliña que hai moitos nenos e nenas nas súas escolas deportivas. No acto de entrega de material estiveron presentes o alcalde, Alfredo Llano, o concelleiro de Deportes, Ramiro Fernández, e o técnico de Deportes, Iván Cao.

O edil de Deportes declarou que "nestes días desde a Concellería de Deportes vimos de facer entrega dun material deportivo ás escolas deportivas do club de atletismo, de recente creación. Colaboramos con eles nas equipacións que están dando aos nenos, nas que vai promocionado o Concello de Burela. Era unha promesa que tiñamos feito co club de atletismo en canto a súa creación fora efectiva".

Fernández Rey salientou que "eles están traballando moi ben. Teñen moitos nenos e nenas apuntados nas escolas deportivas e nos outros, como sempre dixemos, imos colaborar con eles en todo o que poidamos. Estes días, tanto o alcalde como eu, fixemos entrega deste material ao presidente do Club Atletismo Burela, que é Pablo Mon. O técnico deportivo, Iván Cao Lucas, tamén se encargou de ir repartindo ese material".

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 85 81  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

**Emerxencias: 112**

**Urxencias Sanitarias: 061**

**Incendios Forestais: 085**


**Garda Civil: 062**

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

# COLABORACIONES

## Ictus, demencias, TCE... que pode facer o psicólogo por nós?

### PSICOLOXÍA



Lorena Maradona  
Psicóloga

**A** neuropsicoloxía é una disciplina que une a neuroloxía e a psicoloxía. Estudia os efectos que unha lesión, dano ou funcionamento anómalo nas estruturas do sistema nervioso central causa sobre os procesos cognitivos, psicolóxicos, emocionais e da conducta. Entendemos as funcións cognitivas como as capacidades superiores do noso cerebro que nos permiten percibir adecuadamente o entorno, prestar atención, recordar feitos, realizar movementos coas mans, planificar o día a día, razonar, falar e

comprender... Polo tanto estudia as bases neuronales de procesos mentales complexos como a atención, a memoria, a linguaxe, a percepción, funcións executivas, praxias e emocións. Esta disciplina sufriu un importante desenvolvemento nos últimos 20 anos debido ó maior coñecemento adquirido sobre o funcionamento do cerebro humano e os avances nos procesos de rehabilitación do dano cerebral adquirido.

O neuropsicólogo realiza unha avaliación das capacidades cognitivas co fin de saber que aspectos concretos están fallando e cales están ben, que funcións están conservadas e cales están afectadas e deben ser rehabilitadas. Partindo desta avaliación o profesional determina o plan de intervención

individual que se debe levar a cabo en coordinación con outros profesionais como os fisioterapeutas, os logopedas, os terapeutas ocupacionais... Así poderase plantear un programa de rehabilitación e traballar para mellorar aquelas funcións que quedaron danadas ou non se desenvolveron a niveis esperables para a idade.

¿Cales son os ámbitos da neuropsicoloxía? Os máis habituais son os seguintes:

\*Dano cerebral adquirido: dentro deste apartado encontramos persoas que sufriron un golpe na cabeza (traumatismo craneoencefálico) ou que sufriron un ictus (accidentes cerebrovasculares) ou tumores cerebrais.

\*Demencias: quizais sexa un dos ámbitos máis coñecidos pola im-

portancia que adquiriu a enfermidade de Alzheimer. Xeralmente o neuropsicólogo está nos centros de persoas maiores, en centros de día, pero tamén pode encargarse da rehabilitación en centros de psicoloxía privados.

\*Enfermidades neurodegenerativas: todas aquelas enfermidades do sistema nervioso que producen un declive nas funcións cognitivas como por exemplo a enfermidade de Huntington ou a esclerose múltiple.

\*Dificultades da aprendizaxe: cada vez son máis sensibles as dificultades que xurden nas etapas escolares e trabállase sobre dislexias, hiperactividade, dificultades no cálculo mental ou acalculias...

¿Que fai un neuropsicólogo? En primeiro lugar realiza avaliacións

neuropsicolóxicas. Son esenciais para coñecer se existe un dano cerebral nun paciente. Nelas utilízanse test que analizan a intelixencia, a memoria, a atención, a linguaxe entre outros moitos aspectos.

Encárgase tamén da neurorrehabilitación ou estimulación cognitiva global, adicándose a recuperar, compensar ou optimizar as funcións cognitivas deterioradas, algo imprescindible para recuperar ou mellora a calidade de vida do paciente.

Se queres valorar ou avaliar as túas funcións cognitivas ou dalgún familiar podes poñerte en contacto comigo a través da páxina web [www.maradonapsicologos.es](http://www.maradonapsicologos.es), a través do mail [info@lorenamaradonapsicologia.es](mailto:info@lorenamaradonapsicologia.es) ou do teléfono 604086408.

## Consagración da primavera

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**E**iquí haz alguén, que coa súa obra, fixo que Galicia durase mil primaveras máis". O máis fermoso dos epitafios, escrito polo gran Álvaro Cunqueiro, xenio e figura. Pero é que ademais, é unha verdade absoluta. Toda a obra de Cunqueiro, tanto en galego como en castelán, goza dunha orixinalidade e creatividade delirantes. Definitivamente a súa imaxinación non coñecía límites. A primavera é época de renacer, de rexuenerar, de vida nova despois do longo letargo invernal, e en termos artísticos podería traducirse en época de creación, concepto que Don Álvaro coñecía á perfección. Xusto hai uns días celebrouse o 40 aniversario do pasamento deste ilustre mindonienese que non deixa de sorprendernos coa súa xenialidade.

Teño a inmensa fortuna de ser unha boa amiga de César Morán, sen dúbida un dos maiores estudosos e coñecedores da obra de Cunqueiro e que ademais, é un excelente músico e cantautor. Adoitamos ensaiar unha tarde por semana, e antes de poñermos a tocar a súa maravillosa música -inspirada en Cunqueiro e outros grandes autores da nosa literatura- non deixo pasar a oportuni-

dade de preguntarlle por esa entrevista que lle fixo só un mes antes de falecer. Todo o que me conta é ouro puro, non só os eloxios ao Cunqueiro escritor, algo evidente, senón tamén ao Cunqueiro máis humano, á persoa. Un home excepcional, sinxelo, que sabía da súa grandeza pero sen caer na petulancia. Non deixa de fascinarme a modernidade que destila a súa obra, tan evidente na súa poesía de vangarda:

#### "CINCO FIESTRAS COLGADAS"

##### SOL:

Cinco fiestras colgadas da mesma alba rosa: vivas, intactas, núas, con arelas de mans, coma espellos de mastros.

##### SOMBRA:

Cinco fiestras colgadas da mesma alba turba: quedas, chás, duras, sin afáns de presenza, sin afáns de fuxida.

##### SEMPRE:

Cinco fiestras: soio.

¡Ata visualmente hai fermosura! Mil grazas César por permitirme seguir disfrutando de Cunqueiro a través das túas cancións, de verdade. E moitísimos parabéns a tan ilustre paisano -110 anos tería- que, sen dúbida, fixo que Galicia durase mil

primaveras máis, e dúas mil e tres mil!

Gústame pensar que as persoas tan xeniais, as que realmente deixaron unha profunda pegada neste mundo, xamais nos abandonan, porque coa súa obra son capaces de perdurar a través do tempo, abraíndonos día a día. Ao igual que Cunqueiro, outro destes xenios foi Igor Stravinski (1882-1971), compositor ruso que revolucionou o panorama musical, especialmente cos seus ballets. Incluso a prestixiosa revista norteamericana "Time" cualificouno como un dos persoeiros máis influentes do século XX, e por suposto, non lles faltaba razón. Sendo Stravinski todavía un compositor novo e bastante descoñecido, o empresario ruso Serguéi Diáguilev -fundador da importantísima compañía de "Ballets Rusos"- ficha a Stravinski para formar parte dos seus proxectos. Esta frutífera colaboración dará lugar a tres xoias da música incidental e sinfónica: "L'Oiseau de feu", "Petrouchka" e "Le Sacre du printemps". Esta última, "A Consagración da primavera", foi escrita en París para a tempada do ano 1913 despois do gran éxito acadado polos anteriores ballets. Coa coreografía orixinal de Vaslav Nijinsky e a escenografía e vestuario de Nicholas Roerich, "A Consagración" supuxo unha auténtica revolución en todos os sentidos, tanto musical como escénica. Incluso



nunha cidade tan vangardista como era aquel París de principios de século, o día da estrea no Teatro dos Campos Elíseos, o público asistente quedou en shock, entre fascinado e horrorizado, con apupos e espantadas incluídas polo visto... Pero xa se sabe, toda gran revolución pasa por unha ruptura drástica da orde establecida e só uns poucos escollidos, eses xenios valentes, son capaces de crear algo realmente único e innovador. Ao fin e ao cabo, ¿non debe ser a arte un instrumento de transformación social? ¿un elemento de reflexión e inflexión? Bendita delgada liña que hai entre xenialidade e loucura, ¡iqué sería de nós sen ela...! Como violinista tiven a sorte de poder interpretar en varias ocasións

"A Consagración da primavera", unha obra moi esixente a nivel instrumental; pero tamén puiden disfrutar desta maravillosa música en calidade de público e teño que dicir, que incluso para os nosos oídos modernos, acostumados a todo tipo de "violencia auditiva", continúa a ser unha música salvaxe, tribal diría eu. Unha obra que bebe do ritual e do primixenio, que nos transporta ás nosas raíces como humanos. Cunqueiro e Stravinski, dúas mentes privilexiadas do século XX unidas por un concepto tan naif como a primavera, curiosa parella... ¡Consagrémonos a eses xenios "tolos" que nos elevan o espírito e nos libran dunha cordura chea de aburrimiento e convencionalidade!

## Conceptos sobre a leucemia felina

### VETERINARIA



Arturo Vijande

**C**omo veterinario de pequenos animais atópome moitas veces coa dificultade de explicar aos meus clientes de que maneira, unha determinada enfermidade, pode afectar as súas mascotas. A LEUCEMIA FELINA (FeLV) é un bo exemplo diso xa que se pode presentar de moi diferentes formas e con cadros patolóxicos de moi distinta gravidade.

O primeiro que quero aclarar é que a FeLV non ten nada que ver coa Leucemia humana e que non é unha enfermidade contaxiosa para os humanos, aínda que si para outros felinos, como veremos máis adiante.

Nos gatos esta enfermidade está causada por un virus, neste caso un retrovirus, e afecta non só aos gatos domésticos senón tamén aos salvaxes e ao lince ibérico.

Cando un gato inféctase con este virus, este introdúcese nas súas células e o seu material xenético intégrase no material xenético do animal hospedador de forma que ao dividirse as células do hospedador vanse xerando células fillas infectadas co virus.

Todas as células dos gatos actuais conteñen secuencias de material xenético do virus (ADN: Acido desoxirribonucleico). Estes fragmentos de ADN chámanse virus endóxenos ou herdados e son a evidencia de que a infección dos nosos gatos ocorreu miles de anos atrás nos seus "parentes salvaxes". Os virus endóxenos por

si mesmos non son capaces de producir a enfermidade pero si de xerar virus novos moi patóxenos ao intercambiar información xenética cos virus exóxenos que proceden de gatos infectados.

Actualmente o virus da FeLV distribúese por todo o mundo, pero a súa prevalencia (% de infectados) depende basicamente da densidade dos gatos e dos seus costumes, sendo máis alta en zonas onde os gatos saen ao exterior, xa que se non existe contacto directo entre eles non se pode transmitir. Así, hai zonas xeográficas onde a prevalencia é do 1% e outras nas que se aproxima ao 20%. EEUU e Canadá así como algunhas zonas de Europa teñen uns baixos índices de infección. En España estímase entre o 1 e o 2%.

Loxicamente o maior risco está en criadeiros e en gatos de cidade que viven no exterior, onde é máis fácil o contacto físico entre eles. En comunidades grandes de gatos pode chegarse a un 30 % de gatos portadores. Non obstante estas cifras teñen tendencia descendente debido ás achegas científicas, que fan que os profesionais saibamos máis da enfermidade, da súa forma de transmisión, do seu diagnóstico e das maneiras de previla.

Os test serolóxicos, as vacinas dispoñibles no mercado e a información aos propietarios contribuíron en gran medida a baixar os contaxios entre individuos.

Afortunadamente é necesario o contacto físico entre os animais para a transmisión da FeLV. Isto é así porque o virus é moi lábil no medio ambiente, sendo facilmente destruíble pola calor, os raios solares, a segura, os desinfectan-

tes e mesmo os xabóns de uso cotián, de maneira que non adoitan sobrevivir fora do hospedador máis que varios minutos. Compárese isto co Coronavirus causante da covid 19, que nestes momentos azouta ao noso planeta, o cal baixo determinadas condicións pode permanecer con capacidade infectiva ata 4 días á intemperie. A principal vía de transmisión é a saliva, sobre todo por compartir comedeiros e bebedoiros, aínda que tamén ao acicalarse mutuamente e a través de mordeduras. Outras vías de contaxio poden ser a placenta, o leite materno, o seme ou mesmo a picadura da pulga.

Os animais máis susceptibles de ser infectados son os mozos, e a medida que van avanzando en idade vanse facendo máis resistentes, e o cadro clínico que xera nos animais depende en gran medida do seu estado inmunitario, podendo, desde pasar inadvertida en gatos inmunocompetentes, a ser unha enfermidade mortal noutros cuxa resposta inmunitaria (anticorpos=proteínas de defensa) non sexa neutralizante.

Os síntomas que aparecen tras a infección son:

1. Relacionados coa Inmunosupresión; calquera tipo de infección concorrente pódese exacerbar en gatos infectados.
2. Anemia. E ademais descenso no número doutras células sanguíneas como Glóbulos brancos e plaquetas
3. Cancro: basicamente linfomas e leucemia.

Os animais infectados deberían manterse recluídos nos fogares, tanto para evitar a propagación do virus como para controlar

todas as posibles patoloxías derivadas da enfermidade. Neste sentido as revisións veterinarias periódicas son unha arma moi importante para controlar o seu

progreso. Tamén é indiscutible o beneficio da esterilización, debido a que minimiza o contacto entre animais e diminúe en gran medida o seu nivel de tensión.



### ELISARDO BARCALA



## Canto pesa unha camisa branca?

### SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**D**escoñezo fondamente o que pensarei mañá sobre moitos temas dos que hoxe parecez ter unha opinión sólida e formada. E non debo xustificarme por iso, pois non é máis que a miña evolución como persoa. A.M. agora xa non lle gustan as mesmas cousas co último verán que pasamos xuntas e eu agora pido unha infusión de froitos vermellos en calquera terraza de Foz. Que si, que eu

sempre fun de ideas fixas, e sempre amoso fervorosa o que penso cun fío argumental que me respalda. Na meirande parte de vertentes transcendentais penso o mesmo ca fai dez anos, pero noutras non. Do mesmo xeito que antes lía a Gloria Fuertes e agora a Miriam Ferradans e a Arancha Nogueira. Ou igual que cando renegaba dos pantalóns anchos e agora a miña conta de Instagram da boa fe do contrario. O mesmo que agora boto de menos o que antes botaba de máis, coma a canción.

Do que trato de darlle de conta é daquelo polo que merece a pena vivir. Non sei moi ben as circuns-

tancias que fan que teñas este xornal entre as mans agora mesmo, e tampouco o motivo polo cal te detiveches nesta páxina. Pero se



estás aquí, non é froito da casualidade. Spoiler, non existen. En todo caso, da causalidade, do proceso ensaio-erro polo que pasaches en infinitas ocasións. Das camisas que estragache ata dar coa fórmula de branqueado perfecto. Ou do camiño no que te atopas buscando a mesiña de noite que mellor acae no teu cuarto. Se nos preguntasen a un grupiño de xente cal é a nosa meta vital, xógoma a que no meu entorno mais de preto as respostas serían algo así: facer feliz á miña filla, darlle aos meus mais diso que lles fai rir, crear un entorno laboral agradable na empresa...E falo de xente que coma todos, pasa a meirande parte

dos días con esa frustración que nos caracteriza agora a esta xeración. Sen percatarnos de que estamos a conseguir as nosas metas no momento en que fixamos uns destinos reais, lonxe da banalidade e pretiño da ledicia.

Con isto quero dicir que está moi ben ser unha persoa ambiciosa, ter mentalidade gañadora para dar o mellor dun mesmo. Mentalidade de tiburón para os exames di o meu alumno J.O. Pero tamén está moi ben sentar a rir con miña nai do mal que cantamos as dúas a pleno pulmón. Ir na moto de auga en marzo sen escafpíns e sentir o mar nos pés. Abrir boqueiras e esquecerse.

## MAR

## As lonxas de Celeiro e Burela lideraron a comercialización de peixe durante o ano 2020

Un informe sobre a primeira venda de produtos pesqueiros frescos realizada o ano pasado nas lonxas e centros autorizados de Galicia mostra que a comercialización de peixe se mantivo practicamente estable en relación con 2019 malia as dificultades derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus. Ademais, os portos da Mariña seguen liderando as cifras de venda de peixe na comunidade.

A poxa das distintas especies de peixe sufriu un descenso do 2,4% en 2020, con algo máis de 138.000 toneladas, o que demostra o esforzo realizado pola frota galega durante o pasado exercicio para abastecer de alimentos de calidade á cidadanía durante a pandemia.

O balance global de 2020 nas lonxas galegas -incluíndo todas as especies- deixa unha caída do 5% nas cantidades comercializadas, ata superar levemente as 150.000 toneladas, e unha baixada na facturación de algo máis do 10%, ata rozar os 413 millóns de euros. Estes descensos débense en boa medida á evolución da comercialización dos bivalvos, cunha caída

das cantidades poxadas do 34% e dos ingresos obtidos do 24%, como consecuencia da menor actividade do sector marisqueiro durante boa parte do ano polo peche da hostalería, a principal canle de venda destes produtos.

O informede destaca que as lonxas da Coruña, Vigo, Ribeira, Burela e Celeiro se manteñen como as máis importantes de Galicia ao concentrar máis do 82% dos produtos do mar frescos comercializados e case o 73% da facturación. En canto aos ingresos xerados destacan tamén outras como O Grove, Cambados, Noia ou Carril, froito da súa actividade marisqueira e vencellada á frota de artes menores con recursos dun alto valor comercial.

Por especies, a máis comercializada en 2020 nas lonxas galegas foi o xurelo, con preto de 32.000 toneladas, seguida da pescada, con case 26.000 toneladas, e do lirio, con máis de 20.000 toneladas. Estas tres especies concentran máis da metade das capturas totais poxadas durante o ano pasado. En canto á facturación, a especie destacada é a pescada.

## Portos estuda o cambio de normativa da pesca recreativa

A presidenta de Portos de Galicia, Susana Lenguas, recibiu a representantes de diferentes entidades relacionadas coa pesca recreativa co fin de coordinar con estes colectivos as modificacións necesarias para autorizar a práctica desta actividade nos peiraos de titularidade autonómica con seguridade e compatibilidade cos usos profesionais.

A proposta de Portos de Galicia establece como condición as garantías de seguridade das instalacións e os usuarios así como a compatibilidade coa normal actividade e operativa portuaria e as necesidades dos sectores profesionais que utilizan os peiraos. Ademais recolle a categorización dos portos en tres niveis en función da posibilidade de integrar esta actividade: portos nos que se podería pescar libremente; portos con restricións e portos nos que non estará autorizada a pesca deportiva. A maiores, entre outros requisitos figurarían a obrigatoriedade de facer un seguro con cobertura aos danos persoais e a terceiros, a reserva do



solo, xestión dos residuos xerados e uso axeitado de aparcadoiros e outras instalacións portuarias. En todos os casos a premisa básica e priorizar a seguridade e a operativa portuaria profesional.

Os asistentes á reunión quedaron empazados a un novo encontro proximamente no que trasladarán as súas achegas á proposta na procura do consenso e melloras que permitan iniciar os trámites para a modificación normativa.

## Mellora a calidade da auga en 2 zonas de marisqueo de Viveiro

A mellora dos resultados obtidos nos controis que realiza periodicamente o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Consellería do Mar, nas zonas de produción marisqueira permitiu cambiar a catalogación microbiolóxica de C a B estable en dúas áreas de Viveiro. Isto permite comercializar o marisco extraído nestas áreas previo paso por unha depuradora, o que reduce os prazos para a súa posta no mercado, pois os produtos procedentes de zonas clasificadas como C deben ser sometidos a un proceso de depuración natural mediante reinstalación en batea para poder ser comercializados en fresco.

O delegado territorial, Javier Arias, explicou que esta decisión é consecuencia da melloría na calidade da auga, especialmente dos parámetros relativos á contaminación pola bacteria E.coli, o que facilitará o traballo dos mariscadores ao reducir os prazos de depuración dos



Vista aérea da ría de Viveiro

produtos extraídos. Neste sentido, lembrou que a Consellería realiza controis de todas as zonas de produción a través do Intecmar, co fin de garantir a idoneidade dos produtos alimentarios extraídos do mar.

O cambio de catalogación afecta en concreto a dúas zonas consecutivas. Dunha banda, a parte media da ría de Viveiro, entre a liña imaxinaria que une a punta externa do

porto de Celeiro coa Pena de Roo e a liña que pasa pola ponte da Misericordia; por outra banda, a parte interna, desde este punto da ponte cara ao interior da ría.

Arias afirmou que “a nova clasificación é unha boa nova para Viveiro, tanto porque pode axudar a dinamizar o marisqueo na zona como polas implicacións medioambientais que entraña”.

## Rematan a metade das obras previstas no porto de Ribadeo



Porto de Ribadeo

Portos de Galicia vén de rematar a dragaxe da canle de acceso a Mirasol e o peirao deportivo de Ribadeo, por importe de 200.000 euros así como a eliminación da escaleira de fábrica no espigón norte, para a ampliación e mellora da atracada e instalación de defensas no peirao pesqueiro, cun importe de 50.000 euros. Tamén se actualizou o sistema de pesaxe da báscula do peirao comercial, por 15.000 euros.

Na súa intervención, a presidenta de Portos subliñou que estas actuacións únense ás que se atopan xa en fase final de licitación e que

son o deseño dunha solución para a mellora da axitación interior no porto deportivo; o deseño da solución para a mellora do edificio de departamentos de Porcillán; e o equipamento de instalacións de seguridade no porto comercial, conforme ao código internacional de seguridade PBIP. En total, comprometen 280.000 euros.

O ente público está a tramitar para o porto de Ribadeo unha das actuacións de maior relevancia do conxunto da planificación portuaria, que é a dragaxe plurianual do porto.

## Organizan un curso para mariscadores en Celeiro

A Consellería do Mar convocou un curso de marisqueo que se desenvolverá na Aula de Formación Pesqueira de Celeiro (Viveiro) así como probas libres para obter a titulación de mariñeiro pescador, patrón local de pesca e patrón costeiro polivalente. Tamén están fixadas as probas para obter as titulacións que habilitan para o goberno das embarcacións de lecer e motos náuticas.

O curso para obter o certificado de mariscadora ou mariscador celebrase entre os días 6 e 21 de abril en horario de tarde (das 16:30 ás 20:00 horas). As persoas interesadas en inscribirse poden facelo na Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Celeiro (teléfonos 982 555 037 e 982 555 038) ata final deste mes ou ata esgotar as 20 prazas que se ofertan.

Os exames ordinarios teórico-prácticos de carácter libre para mariñeiros pescadores, patrón local de pesca e patrón costeiro polivalente desenvolveranse no Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira, entre os días 26 de abril e 4 de maio.

# A CEL volve pedir unha autoridade portuaria propia para San Cibrao

A Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) manifesta o seu “profundo malestar” polas declaracións efectuadas polo novo presidente da Autoridade Portuaria Ferrol - San Cibrao, das que se trasluce unha “inacción incomprensible” ante aos que se enfronta o porto de San Cibrao nestes momentos, e o adiamento de iniciativas “máis aló de 2027”.

A CEL lembra que durante os últimos anos os empresarios reclamaron insistentemente solucións e investimentos para esta infraestrutura, especialmente temendo a posible marcha da multinacional Alcoa, ademais dunha Autoridade Portuaria propia que permitise á provincia xestionar os recursos xerados nos seus portos, sen que até o momento fose escoitada nin unha soa das demandas efectuadas.

Dende a CEL sinalase que “os sucesivos responsables da Autoridade Portuaria Ferrol - San Cibrao nin trataron de negociar a liberalización do dique norte ao tráfico xeral; nin procuraron un investimento nos nosos portos axustado ao que xeran; nin permitiron a creación dunha Autoridade Portuaria propia en Lugo”. Recalca, ademais, que “a día de hoxe,



Vista aérea do porto de San Cibrao

seguimos sendo a única provincia con mar que non conta con esta entidade para a toma das súas propias decisións, mentres vemos como aumenta o despoboamento e as nosas opcións de progreso pérdense”.

Levamos xa “non anos se non décadas” de reclamacións e xestións ante diferentes instancias “que se ignoraron de forma repetida”, insiste a CEL. A organización empresarial subliña, ademais, que unha solución rápida fose no seu momento garantir unha verdadeira representación de Lugo nos órganos de decisión da Autori-

dade Portuaria Ferrol - San Cibrao, “o que tampouco sucedeu xamais”. En palabras do secretario da CEL, “no actual consello de administración, que en teoría defende os intereses das dúas provincias, non hai unha verdadeira paridade de representación que permita unha defensa real dos intereses dos portos lucenses”; “temos que conformarnos coa representación testemuñal de dous alcaldes mariñáns a quendas e visitas na que se nos anuncian improbables plans de futuro e investimentos nos portos ferroláns”.

## Protección Civil de Barreiros recibe unha embarcación



Unha das lanchas que recibiu Protección Civil

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil (AVPC) recibiu unha embarcación pneumática semirríxida para actuacións de salvamento e rescate no Concello de Barreiros.

A embarcación, con case 6 metros de eslora total, permitirá reforzar o equipamento desta agrupación para levar a cabo actuacións de salvamento e rescate en praias costeiras e fluviais. Os concellos beneficiarios deben estar adscritos ao Plan de Salvamento en Praias de Galicia e en zonas dos plans de emerxencias de encoros do Plan de Inundacións de Galicia

(Inungal).

Os voluntarios de Protección Civil realizan labores para garantir a seguridade dos cidadáns e tamén a súa implicación nos meses máis duros da pandemia en operativos relacionados coa loita contra a covid-19. Así, participaron no reparo de alimentos e medicamentos a persoas en situación de vulnerabilidade e na limpeza e desinfección de lugares públicos. Deste xeito, destaca a colaboración destas agrupacións para reforzar os servizos de emerxencias, sobre todo en actividades de prevención, e mesmo en intervencións.

## Vixilarán o transporte de pesca ilegal polas estradas da provincia

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, anunciou que se vai intensificar nas estradas da provincia a vixilancia para impedir o transporte de pesca ilegal e coa finalidade de protexer ao sector pesqueiro que cumpre coa normativa.

A vixilancia sobre o transporte, que tamén afectará ao peixe procedente de portos situados fóra da provincia de Lugo, é un dos medios previstos para loitar contra a pesca ilegal, que non é respectuosa co medio ambiente ademais de supoñer unha competencia desleal e un prexuízo para o sector pesqueiro que si cumpre a normativa e o sistema de cotas establecidas polo Ministerio de Agricultura e Pesca en cumprimento dos acordos acadados na UE.

Está previsto manter un sistema de control semellante ao aplicado en anos anteriores, coa coordinación semanal entre inspectores da Administración Xeral do Estado cos axentes do Seprona e da Agrupación de Tráfico da Garda Civil e o responsable da área de Agricultura e Pesca tamén se reuniu coa Xunta para acordar medidas de control de almacéns conxeladores, contando tamén coa colaboración do Servizo Marítimo da Garda Civil.

## a elección de...



**José Díaz**  
Concelleiro de Cultura de Burela

un libro



100 años de soledad de Gabriel García Márquez

un disco



This is the Doors de The Doors

unha película




Drácula de Coppola

un personaxe histórico




Charles Chaplin

un lugar para visitar



París

unha afección



Ciclismo

unha comida



Caldo galego

unha bebida



Gyn tonic

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

**TAXI JOSÉ MARÍA**  
Viveiro Lic. nº21

Vehículo adaptado de 7 plazas

Presupuesto sin compromiso

Hoteles - Restaurantes - Hospitales  
Residencias - Aeropuertos - Viajes a toda España  
Rapidez, confort y discreción

606 089 277

[pigueiras@hotmail.com](mailto:pigueiras@hotmail.com) - <https://jose-maria.negocio.site/>

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# Énfase en elevar a tradición ao máis alto

Alberto Geada, o derradeiro zoqueiro da provincia, loita por converter o seu oficio en patrimonio cultural inmaterial de Galicia

Por Claudia López

A zoca tradicional acompañou durante séculos a galegos e galegas por aqueles camiños de terra nos que a súa madeira lles protexía da humidade e do frío. Na actualidade, a súa renovación faílle aparecer en pasarelas, cine ou danzas, converténdose nun ben cultural e artístico da comunidade. Alberto Geada traballa para que este calzado non perda valor no tempo. O mariñao é o derradeiro zoqueiro da provincia, unha profesión que lle ven de familia: “O meu pai dedicouse toda a vida a facer zocas e eu vinme na necesidade de seguir co oficio, porque senón quedaría no esquecemento”.

Para o artesán, é clave que as administracións locais loiten por conservar o seu patrimonio cultural, “intentei buscar diferentes vías de promoción e fun bastante afortunado porque sempre tiveron boa relación cos Concellos. Son verdadeiramente motores de inicio e arranque, deben estar ao tanto de se hai alguén que este a facer un traballo tradicional e darlle tódolos recursos para que iso siga cara adiante”.

Geada leva dende os 16 anos recuperando pezas e ferramentas para reactivar a labor, “as técnicas antigas de traballo estaban practicamente perdidas, agora hai que utilizar esa maxia para innovalas. Antes non había outro calzado, andabas en zocas ou descalzo. Na actualidade hai que conseguir adaptalas á vida, convertelas nunha obra de arte, un produto prestixioso da cultura tradicional”. Para conseguilo, Alberto está in-

merso nun proxecto ambicioso no que conta con asesoramento xurídico: pretende conseguir o recoñecemento de patrimonio cultural inmaterial de Galicia para a profesión de zoqueiro. “Conto cun avogado que me está axudando a facer os trámites, miramos a solicitude e estivemos falando coa xente de Cultura que nos está informando. Estamos completando o papeleo e isto vai para adiante”. Un proxecto moi ambicioso e importante de cara á conservación da tradición e cultura galega, para o que están a pedir apoios, “atopámonos na procura dun patrocinador, eu traballo de maneira altruísta e esa axuda permitiríanos acudir a promocións por todo o mundo. Gustaríame poñer as zocas no punto máis alto que se poida, o meu traballo é observado dende Europa por países como Holanda e Francia e en América Latina”. Dende varias rexións latinoamericanas a Geada propúxoselle facer unha xira polos lugares que gardan estreita relación con Galicia, e aínda que todo se parou pola pandemia, confía en que “dentro de tódalas cousas malas sempre sae algo bo. Agora a sociedade está collendo un ritmo diferente de vida espero que isto axude a reactivar sectores que estaban apagados”.

Recentemente o zoqueiro da provincia recuperou unha zoca de caña en A Pontenova, “é unha zoca estupenda, estiven buscándoa durante moito tempo. Foi moi importante para a pesca, é a catiúsca ou bota de goma primitiva. Utilizábase, como agora, para que non entrara auga”. Esta e moitas



O zoqueiro traballando ante unha mostra das súas pezas



Alberto Geada, cunha zoca de caña

outras zocas poderanse atopar na súa exposición en Mondoñedo na que a entrada agora mesmo é gratuita. “No museo atópanse os modelos máis importantes de Galicia, todos e cada un dos modelos teñen moita historia, contan a vida dos límites xeográficos do territorio. O edificio no que se atopa o museo é impresionante, un antigo palacio do século XVIII. Nel poderanse ver varias exposicións, a sala das zocas, a do calzado de madeira internacional e a de novas creacións. Calquera persoa que queira visitalo pode contactar comigo ou pedir información na oficina de turismo de Mondoñedo. Está aberto tódolos días polas mañás e está acondicionado para que poida acceder todo o mundo”.

**SERVICIOS:**  
CONSULTAS  
RADIOLOGÍA DIGITAL  
ECOGRAFÍAS  
CIRURXÍA GENERAL  
TRAUMATOLOGÍA  
ANALÍTICAS  
VACUNACIONES  
MICROCHIP  
HOSPITALIZACIÓN



**OCCIDENTE**  
CLÍNICA VETERINARIA

Visita nuestras nuevas instalaciones!



**URGENCIAS 24 H.**  
Tel.: 982 130 366

Rúa Alza, 1 - 27700 RIBADEO Lugo - [info@veterinariaoccidente.com](mailto:info@veterinariaoccidente.com)